

Plan Xeral Anual

Curso 2024- 2025



CEIP PLURILINGÜE CONDESA DE FENOSA

32015116

O BARCO DE VALDEORRAS

OURENSE

Índice

1.- Datos xerais do centro.....	3
2.- Obxectivos xerais do centro.....	4
3.- Plan do equipo directivo.....	5
4.- Programación dos distintos ciclos e equipos. Consideracións sobre as tarefas escolares.....	9
4.1.- Ciclo de Ensino Infantil.....	9
4.3. Primeiro Ciclo de Ensino Primario.....	18
4.4. Segundo Ciclo de Ensino Primario.....	23
4.5. Terceiro Ciclo de Ensino Primario.....	25
4.6. Equipo de Dinamización Lingüística.....	31
4.7. Departamento de Orientación.....	33
4.8. Equipo de Apoio á Biblioteca e Plan anual de lecturas.....	34
4.9. Comisión Ambiental.....	43
4.10. Grupo Plan Dixital.....	45
4.11. Plurilingüismo.....	47
5. Organización do centro.....	48
5.1 Organización do profesorado.....	48
5.2. Organización do alumnado.....	50
5.3 Organización do persoal non docente.....	51
5.4. Órganos de goberno.....	51
6. Organización de recursos.....	53
7. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.....	55
7.1 Actividades complementarias.....	55
7.2 Actividades extra-escolares.....	55
8. Plan para a realización do transporte escolar e o regulamento da organización do servizo de comedor.....	56
8.1.- Transporte escolar.....	56
8.2.- Comedor escolar.....	56
9.- Presuposto do centro.....	58

1.- Datos xerais do centro

Denominación: **C.E.I.P. Pl. Condessa de Fenosa**

Tfno: 988 783 646

Titularidade: Público

Enderezo: Rúa Coruña, 24

Nº código de centro: 32015116

Provincia: Ourense

Concello: O Barco de Valdeorras

E-mail: ceip.condessa.fenosa@edu.xunta.gal

CP: 32300

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa>

Nivel ou Especialidade	Catálogo do centro	Persoal definitivo	Persoal non definitivo	Total persoal
Educación infantil	8	7	1	8
Ensino primario	11	5	6	11
Pedagogía Terapéutica	2	2	3	5
Audición e Linguaxe	1	0	2	2
Música	1	1	0	1
Inglés	2	1	1	2
Francés	1	0	1	1
Educación Física	2	2	0	2
Relixión	1	1	0	1
Orientación	1	1	0	1
Auxiliar de Conversa	0	0	1	1
TOTAL	30	20	16	36
Nº total alumnos			325	
Nº alumnos ensino infantil			71	
Nº alumnos ensino primario			254	

O noso centro ten xornada partida atendendo á seguinte distribución:

Distribución Horaria da Xornada Escolar	
1ª sesión	09:45
2ª sesión	10:35
Recreo	11:25
3ª sesión	11:55
4ª sesión	12:45
Xantar	13:35
Recreo	14:25
5ª sesión	15:10
Saída	16:15

2.- Obxectivos xerais do centro

1. Desenvolver a personalidade d@s alumn@s para o que fomentaremos a capacidade de observación, discernimento e xuízo crítico sobre todo fronte dos medios de comunicación.
2. Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, fomentando, para iso, a participación do alumnado en coloquios e debates nos que manifesten as propias ideas e respecten as dos demais.
3. Pretendemos que o alumnado aprenda a respectar:
 1. Na aula: solicitando e respectando a quenda de palabra establecido
 2. Nos corredores e dentro do colexio: a orde nas filas, evitando berros, carreiras, etc...
 3. No patio: as instalacións deportivas, os enreixados, os espazos verdes, procurando mantelo limpo co uso das papeleiras.
4. Desenvolver hábitos intelectuais e técnicas de traballo , así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos, desenvolvendo técnicas de subliñado, esquemas, resúmenes, apuntes e toma de notas que faciliten a adquisición de contidos.
5. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural así como para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
6. Potenciar o respecto ao entorno e á conservación do medio ambiente, fomentando actitudes ecolóxicas de aforro de materias primas e enerxía.
7. Aprender a usar, gozar e coidar dos bens e servizos comúns, sentindo o gusto e a satisfacción polo bo cumprimento das normas de circulación e do transporte público e privado.
8. Coñecer as mensaxes básicas da circulación viaria.
9. Recoñecer e tomar conciencia dos problemas viarios e das situacións de risco que poidan xerar, desenvolvendo unha actitude crítica cara comportamentos incívicos.
10. Descubrir e dar prioridade ao valor do ser, fronte ao valor de ter na toma de decisións sobre o consumo
11. Garantir unha autonomía persoal fronte ao consumismo
12. Aprender a usar, gozar e coidar dos bens que se posúen ou que se consumen, recoñecendo a súa utilidade real para a vida.
13. Ser quen de ler e interpretar criticamente as estratexias de venta e en concreto as mensaxes publicitarias nos seus compoñentes verbais e icónicos distinguindo a súa veracidade e poder actuar libremente fronte deles.
14. Recoñecer e sensibilizarse coas persoas e pobos que carecen dos recursos básicos mostrando unha actitude xenerosa e solidaria.
15. Desenvolver e afianzar hábitos autónomos de coidado e de saúde persoal, así como o gusto pola actividade física.
16. Capacitar aos alumnos/as para participar activa e responsablemente na creación e xestión da súa propia saúde.
17. Descubrir e interiorizar a propia realidade sexual como medio para relacionarnos e comunicarnos.
18. Reforzar a autonomía e a auto-estima como bases para construír un proxecto de vida saudable.
19. Recoñecer situacións de perigo ou risco para a nosa saúde, sendo capaces de enfrontarse a elas.
20. Coñecer os recursos naturais básicos e os factores que inflúen positiva ou negativamente no medio ambiente da bisbarra de Valdeorras.
21. Descubrir que a nosa colaboración e unha actitude de respecto é o punto de partida para manter, restablecer e mellorar o medio ambiente.

22. Propiciar normas, criterios e orientacións para a solución dos problemas do medio ambiente máis próximo (aula, centro, pobo) o que derivará nunha mellora na saúde.
23. Participar activamente na conservación da natureza a través de actividades de redución, reutilización, reciclaxe e non contaminación dos recursos básicos (papel, auga...)
24. Participar nos programas de recuperación do medio ambiente máis significativos para @s alumn@s promovidos por distintas institucións (Semana da Natureza, Voz Natura, Xardín e Horta escolar...)
25. Descubrir, potenciar e desenvolver a totalidade das potencialidades ou capacidades persoais, sen se deixar influír ou mediatizar por ningún tipo de condicionante ou de limitación de carácter sexista, cultural, racial ou físico.
26. Aceptar, respectar e valorar as características e calidades doutras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, ou con calquera característica diferencial.
27. Ser capaces de identificar e de realizar unha análise crítica de todas as manifestacións sexistas ou discriminatorias que se producen na linguaxe cotián, no ámbito social e cultural e, en concreto, nas mensaxes (icónicas e verbais) que nos transmite a publicidade e, en xeral, os medios de comunicación.
28. Canalizar a agresividade da persoa cara o ben e o pensamento positivo.
29. Desenvolver a sensibilidade, afectividade e tenrura no encontro coas persoas que nos rodean.
30. Sentir a satisfacción que produce a relación de confianza, de respecto e colaboración cos demais.
31. Construír e potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, nas nosas relacións cotiás.
32. Recoñecer situacións de conflito, sendo capaces de tomar decisións para solucionarlas de forma creativa, fraternal e non violenta.
33. Desenvolver o interese na diversidade de persoas e culturas, actuando sempre cunha actitude aberta, respectuosa e tolerante.
34. Coñecer e potenciar os dereitos humanos.
35. Coñecer e colaborar coas ONGs na loita contra a miseria e a inxustiza no mundo.

3.- Plan do equipo directivo

No CEIP Plurilingüe Condessa de Fenosa seguimos a apostar por unha educación de calidade, equitativa e inclusiva. Por este motivo, o plan do equipo directivo para o presente curso tenta organizar o centro afrontando os novos retos que xorden no ano académico 2024/25.

Para iso é preciso reaxustar os horarios do profesorado co fin de responder á redución das ratios que marca a Consellería de Educación na resolución do 10 de xaneiro de 2024 .

A tal fin, durante este curso, contaremos con dúas mestras: unha a tempo completo e outra (MEGA) a media xornada. Isto nos permite organizar os cursos de sexto de Educación Primaria de xeito que se poidan desdobrar nas materias instrumentais e os grupos de quinto de Educación Primaria de forma que se poida levar a cabo a docencia compartida.

Amais estamos á espera de que se conceda o Programa PROA+, solicitado polo centro.

Por outra banda, as horas lectivas dispoñibles do profesorado que antes eran unicamente de garda, este curso pasarán a ser gardas-apoio. De xeito que, cando non se substitúa, o profesorado realizará apoio no curso establecido no seu horario.

Séguese a manter a distribución de gardas no patio do recreo, permitindo permutar unha das gardas pola coordinación dun grupo de alumnado que realice algunha actividade dirixida (clubs de lectura, xogos de mesa, traballo nos hortos...).

Tamén continuamos dando prioridade ao Proxecto Documental Integrado, que promove unha metodoloxía marcada polo modelo SEM. O proxecto deste curso xirará en torno á cultura popular e ao cancionero tradicional galego, que homenaxea as pandereiras e cantareiras, eixe da celebración das Letras Galegas do ano 2025. Pretendemos fomentar a participación activa dos cursos neste proxecto, partindo dunha proposta conxunta de todos os equipos do centro: Biblioteca, Dinamización e Comisión Ambiental.

Neste proxecto, así como en moitas das accións que queremos levar adiante, cómprenos a complicidade das familias, velaí que outro dos eixos de traballo que imos desenvolver de cara a este curso é a relación coas familias e a súa participación en actividades do centro.

Dende a Biblioteca fomentaremos a promoción da lectura, comprometéndonos a recuperar os índices lectores e de préstamos doutros cursos, en prol da mellora da competencia lectora do noso alumnado. Por ese motivo continuarase con actividades que se realizan dende hai moitos anos, coma pode ser "O martes... conto", "A Olimpíada do saber", o grupo de teatro de nais, o programa de lectura e familias que ten posto en marcha clubs de lectura e escritura, coa organización de conferencias sobre a promoción da lectura, cos encontros con autores e cos obradoiros familiares de recursos informáticos para a lectura. Amais este ano poremos en marcha actividades como "O lectómetro" e todas aquelas que xordan para mellorar a expresión e comprensión lectora. Cremos que un neno/a que le, será un adulto/a que pense.

Neste curso continuarase apostando polos Polos Creativos. O recoñecemento neste eido do traballo realizado o ano pasado a través do Plan Proxecta e do programa "Nós tamén creamos" motívanos a seguir nesta liña, potenciando a formación do profesorado, o uso destas ferramentas nas actividades do alumnado e involucrando ás familias.

A nosa idea básica segue a ser que o Polo e os recursos asociados a esta aula, poidan ter un papel relevante na realización dos produtos do noso Proxecto Documental, como xa o comezaron ter no curso pasado.

Outra liña de formación do profesorado é a de promoción da convivencia e do benestar do alumnado a través do Programa TEI (Titoría entre iguais) que arrancou o ano pasado e que seguirá levándose a cabo no presente curso. Este proxecto, promovido por varias universidades entre as que se encontra a de Santiago de Compostela, facilita un material avaliado por especialistas e desenvolve unha serie de actividades de formación entre o profesorado, persoal non docente e familias para que poidan trasladar ás aulas e á comunidade uns modelos que erradiquen a violencia e fomenten, pola contra, o diálogo.

Outro dos eixos sobre os que xirará o noso proxecto é a promoción de hábitos que conduzan ao desenvolvemento dunha vida saudable en todas as súas sus vertentes. Non en van o noso centro

foi recoñecido co distintivo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte co selo de calidade de vida saudable, co obxecto de recoñecer publicamente a aqueles centros docentes que fomentan a aprendizaxe da saúde no ámbito educativo, así como a asunción de prácticas de vida saudable e unha educación física que permita o adecuado desenvolvemento persoal e social ao longo da escolarización do alumnado.

O presente curso tamén se actualizaron distintos documentos do centro, entre os que destacamos o Plan de Actividades Físicas e Saudables. Amais elaborouse o Plan de Traballo da persoa coordinadora de benestar e convivencia, sendo ambos documentos algúns dos máis importantes nos que nos centraremos no presente curso.

Neste aspecto, o equipo directivo colaborará na difusión da figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia, así como supervisará e coordinará o seu labor, que resulta básico na creación dun ambiente educativo saudable e no apoio integral do alumnado.

Noutro orde de cousas sinalar:

1. A importancia de realizar o **seguimento** na **aplicación PROENS**, durante todo o curso, das programacións didácticas da LOMLOE e adaptalas cando así se requira.
2. Fomentar a **formación do profesorado** especialmente na competencia emocional e dixital a través da formación no centro, atendendo á demanda realizada polo claustro.
3. Promover a **páxina web e aula virtual** como espazo de referencia da comunidade educativa.
4. Continuar, como apuntabamos denantes, coa reforma e elaboración dos **documentos base do centro**, seguindo a nosa liña de realizar un labor serio, baseado na discusión e no consenso.
5. Seguir co **plan de mellora de bibliotecas (PLAMBE)**, nos programas de **Radio na Biblio, Biblioteca Creativa, Biblioteca Inclusiva, ELBE-2, nos clubs de lectura e no proxecto lectura e familias**, así como en **Voz Natura e Proxecto Digicraft**.
6. Impulsar a realización de **Proxectos Documentais Integrados** entre todas as aulas do centro como estratexia que fomente unha forma de pedagogía, máis acorde coas iniciativas educativas de hoxe en día. Este ano como sinalabamos traballaremos a proposta elixida coordinadamente entre os equipos de Biblioteca, Dinamización e Comisión Ambiental.
7. Promover e fomentar o **coidado do mobiliario e material escolar**, así como dos hortos exteriores e interiores, valorando os espazos comúns dos que todos/as somos responsables.
8. Fomentar a resolución de conflitos nunha **cultura de paz e diálogo**, construíndo espazos nos que o alumnado poida dialogar e buscar solucións aos seus conflitos: recanto boca-orella, banco da paz, recanto TEL...

9. Propor unha distribución das **actividades complementarias e extra-escolares**, secuenciadas a través dun calendario de actividades , buscando a **integración e o equilibrio** nas nosas programacións.
10. Promocionar uns **hábitos de vida saudable e a actividade física** entre o noso alumnado.
11. Impulsar o **Camiño Escolar Seguro**, que permite ao alumnado acudir en grupo ao centro por camiños sinalizados e controlados, facilitando a cooperación entre o alumnado de distintos niveis, promovendo un xeito ecolóxico de entender a mobilidade na nosa localidade e fomentando a responsabilidade e autonomía.

A seguir detallamos outros obxectivos, tamén incluídos noutras PXA anteriores e que non se viron realizados ou que outramente manteñen a súa vixencia, referidos a diferentes ámbitos de traballo para este curso escolar:

Obxectivos curso escolar 2024-2025	
Ámbito pedagóxico	<p>Continuar fomentando o uso da Biblioteca escolar</p> <p>Favorecer as actividades de promoción e animación á lectura</p> <p>Potenciar a formación do alumnado nas novas tecnoloxías, nomeadamente robótica e impresión 3D.</p> <p>Estimular o aprecio e a defensa da natureza mediante, entre outras accións, a compostaxe, a separación de residuos, a plantación de árbores, o mantemento dos hortos escolares e a participación na axenda 21 escolar</p> <p>Continuar co programa de mellora da lectoescritura e do cálculo ao través de programas contrato coa administración, coa idea de establecer medidas de educación compensatoria que garantan a igualdade de oportunidades a todo o alumnado do centro.</p> <p>Participar no proxecto Digicraft para potenciar a competencia dixital nos cursos de 3º de primaria en adiante.</p> <p>Favorecer a actualización pedagóxica do profesorado.</p> <p>Facilitar e promover o traballo por proxectos en todos os niveis do centro</p> <p>Promover o Deseño Universal de Aprendizaxe como medio para dar resposta a un alumnado con distintos intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe, xa que somos unha escola plural que ten coma principal obxectivo que todo o alumnado se sinta acollido, recoñecido e valorado.</p> <p>Fomentar unha cultura de paz entre o alumnado ao través dunha política de resolución pacífica dos conflitos.</p> <p>Promover o uso oral e escrito da nosa lingua entre o alumnado.</p>
Ámbito organizativo	<p>Capacitar a todo o profesorado no programa de xestión informática da biblioteca escolar. Mantemento dos ordenadores para a procura de información á biblioteca.</p> <p>Actualizar tras a asignación de aulas o plano de auto-protección, que continúa vixente, realizando un programa de evacuación específico para o comedor escolar así como realizar un ensaio de desaloxo do centro.</p> <p>Optimizar o aproveitamento dos recursos por parte de todo a comunidade escolar</p> <p>Reactivar o programa das patrullas verdes para acadar, por parte do alumnado, unha actitude respectuosa cara o medio</p>
Ámbito institucional	<p>Colaborar co Concello no desenvolvemento de programas nos que a Escola de insira no seu contorno máis de preto, coma o Plan Local de Saúde</p> <p>Solicitar axudas para melloras no centro, así como para publicacións, adquisicións, subvencións a visitas, etc... a distintas institucións.</p> <p>Colaborar coas iniciativas educativas de distintas institucións comarcais.</p>

4.- Programación dos distintos ciclos e equipos. Consideracións sobre as tarefas escolares.

4.1.- Ciclo de Ensino Infantil

1-Compoñentes do ciclo:

Titorías, apoios e especialistas:

3 anos A: Belén Domínguez Neira (substituta de Cristina Delgado Delgado)

3 anos B: Nuria Álvarez Rodríguez

4 anos A: Eva López Rodríguez

4 anos B: Mónica Álvarez Díaz

5 anos A: M^a Nieves Escuredo López

5 anos B: Carmen Otero Rodríguez (coordinadora)

Informática, Alfabetización Dixital e apoio: Laura Álvarez Lorenzo

Linguaxe e expresión Musical, Psicomotricidade e apoio:

M.^a Aránzazu Rodríguez Benítez

AL: Francisco de Victorino García

Outr@s mestres/mestras que imparten docencia na etapa de EI:

AL: Amparo Gama González

PT: Paula Pérez Aboal

Relixión Católica: María Socorro Robles

Castro

Lingua Estranxeira (inglés): Sara Álvarez Carrera (substituta de Beatriz González Pérez)

2-Finalidades, obxectivos da etapa e áreas de aprendizaxe.

O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, expón:

A finalidade da Educación Infantil, artigo 4:

“A finalidade da educación infantil é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia”.

Os obxectivos da etapa, artigo 7:

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- **Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas**, así como as súas posibilidades de acción, e **aprender a respectar as diferenzas**.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente **autonomía** nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas **capacidadeas emocionais e afectivas**.
- **Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social**, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.

- Desenvolver **habilidades comunicativas** en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas **habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.**
- Promover, aplicar e desenvolver as **normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.**
- Coñecer e **valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia,** poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas”.

ÁREAS DE APRENDIZAXE:

ÁREA 1: Crecemento e representación da realidade:

OBXECTIVOS:

Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, para enriquecer as súas estratexias comunicativas.

Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás para expresar a súas necesidades e intencións e, responder ás esixencias da contorna.

Interpretar e comprender mensaxes para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.

Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa, utilizando diferentes linguaxes, para responder a diferentes necesidades comunicativas.

Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con **textos escritos,** mostrando interese e curiosidade.

BLOQUES DE CONTIDO:

Estes obxectivos iranse conseguindo co desenvolvemento dos seguintes bloques de contido:

Alfabetización dixital, intención e interacción comunicativa, as linguas e os seus falantes, comunicación verbal oral (comprensión, expresión e diálogo), aproximación á lingua escrita, aproximación á educación literaria, linguaxe e expresión musical, linguaxe e expresión plástica e visual e linguaxe e expresión corporal.

ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS:

- Estableceremos unha relación afectuosa que potencie a expresión.
- Deseñaremos situacións de aprendizaxe que estean ligadas aos seus **intereses.**
- Organizaremos **tempos comunicativos,** crearemos un **ambiente de comunicación pracenteiro,** con abundantes modelos nas diferentes linguaxes, poñeremos en valor un **plan de lectura creativo.**

- Crearemos situacións de aprendizaxe nas que @s nen@s poidan empregar os elementos básicos da comunicación oral (**escoita atenta, respectar a quenda, empregar fórmulas sociais de cortesía, xerar ideas, modelar a conduta, facer propostas, expresar opcións e defendelas,...**)
- Potenciaremos a inmersión na lingua escrita, a autoconfianza nas propias producións, a introdución na linguaxe dixital e os seu uso axeitado.
- Potenciaremos a linguaxe musical a través dos sons e a musicalidade da contorna.
- Fomentaremos o emprego das diferentes linguas, con especial interese na da súa contorna e, o **uso da lingua galega**.
- Poremos en valor o uso da **biblioteca** do centro e da aula, como espazos para o lecer e a creatividade.
- Introduciremos na aula sistemas aumentativos da comunicación (**DUA**).

EXEMPLO DE ACTIVIDADES E/OU METODOLOXÍA:

Converter a aula nun espazo de seu, no que se sintan cómodos para opinar e intervir continuamente

Asembleas ao longo da xornada: **diálogo, reflexión, opinión crítica**

Pescudar a **opinión de todo@s @s alumn@s** sobre calquera tema

Resolver conflitos de maneira conxunta, e, tamén deixal@s que resolvan as súas diferenzas a través do diálogo.

Interesarnos polo que fan fóra do colexio.

Escoitar, contar, imaxinar contos nas dúas linguas oficiais.

Animar ao alumnado a falar a **lingua galega** a partir de pequenos xogos.

Aproximar @s nen@s ás **outras linguaxes (musical, dixital, corporal)** a través da actividade lúdica.

ÁREA 2: CRECEMENTO EN HARMONÍA:

OBXECTIVOS:

- Progresar no **coñecemento e no control do seu corpo**, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha **autoimaxe axustada e positiva**.
- Recoñecer, manifestar e **regular progresivamente as súas emocións**, expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva.

- Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un **estilo de vida saudable** e ecosocialmente responsable.
- Establecer relacións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da **amizade, do respecto, da diversidade e da empatía** para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos.

BLOQUES DE CONTIDO:

Estes obxectivos iranse conseguindo co desenvolvemento dos seguintes bloques de contido: o corpo e o control progresivo deste, o equilibrio emocional e o desenvolvemento da afectividade, os hábitos de vida saudables para o autocoidado e o coidado da contorna e a interacción socioemocional na contorna ou a vida coas demais persoas.

ORIENTACIÓN PEDAGÓXICAS:

- Axustaremos a intervención educativa ao momento evolutivo do nen@.
- Partiremos dos **coñecementos e experiencias previas**.
- **Planificaremos a adaptación** de maneira individualizada.
- Fomentaremos a **interacción social** ao mesmo tempo que potenciamos a **construción da propia identidade**.
- Realizaremos unha **apertura á comunidade**.
- Participarán en xogos psicomotrices, favorecendo actitudes como a **empatía** e a **resiliencia**.
- **Aprenderán a aprender**, potenciando a **creatividade**, a **sensibilidade** e a **autonomía**.
- Introduciremos **hábitos saudables** a partir das rutinas diarias.
- Crearemos **espazos seguros e emocionalmente positivos**.
- Organizaremos tempos para relaxarnos.
- Fomentaremos a expresión de emocións e a autorregulación.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES E/OU METODOLOXÍA:

- Planificar un período de adaptación con resposta para cada individualidade
- O benestar do grupo vai implicar o benestar de cada membro e viceversa
- Aceptar a cada membro do grupo, tod@s somos diferentes
- Animar a cada nen@ a que mellore algúns aspectos necesarios

- Establecer un clima de seguridade que invite a relacionarse e a quererse, a axudarse e a perdoarse
- Contar coa presenza das familias para realizar actividades máis enriquecedoras. Establecer unha relación fluída coas familias
- Establecer a educación emocional dentro das rutinas da aula
- Establecer outras rutinas saudables: lavar as mans, merenda sá, liberdade de expresión, sentirse aceptad@
- Empregar actividades para acadar a calma e a tranquilidade do grupo.

ÁREA 3: DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA:

OBXECTIVOS:

- Identificar as características dos obxectos, establecer relacións entre eles mediante a exploración e a manipulación e o manexo das destrezas lóxico-matemáticas.
- Desenvolver de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas de pensamento computacional.
- Recoñecer a importancia do coidado e a conservación da natureza na vida das persoas.
- Identificar elementos significativos da cultura galega como base para a construción da identidade social.

BLOQUES DE CONTIDO:

Estes obxectivos iranse conseguindo co desenvolvemento dos seguintes bloques de contido: o diálogo corporal coa contorna, exploración creativa de obxectos, materiais e espazos. A experimentación na contorna, o pensamento científico e a creatividade. A indagación no medio físico e natural, o seu coidado, valoración e respecto. O descubrimento e a participación na contorna social, as relacións, os servizos e as actividades culturais.

ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS:

- Deseñando ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades
- Establecendo vínculos afectivos sólidos entre o alumnado e o profesorado
- Introducendo actividades para explorar a contorna, motivadoras e, que atendan á diversidade do alumnado
- Empregando nocións matemáticas, espaciais e temporais, potenciando o razoamento lóxico e o método científico
- Propoñendo actividades manipulativas e sensoriais, a resolución de retos e situacións problemáticas, de maneira autónoma e imaxinativa
- Introducendo **hábitos de vida sans e sustentables**

- Deseñando **ambientes amables e agradables**, coidando o equilibrio estético e a interacción
- Ofrecendo unha ampla cantidade de **materiais e de elementos do medio**
- Traballando con **materiais e espazos coeducativos**
- Convivindo nun **clima de aceptación e de respecto mutuo** (evitando comparacións e desvalorizacións)
- Deseñando **situacións STEAM**, que impliquen a aplicación do pensamento lóxico e o erro, de maneira autónoma e orixinal.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES E/OU METODOLOXÍA:

- Celebración das **festas populares**: O Magosto, O Samaín, O Nadal ou Festival de Inverno, O Entroido,...
- **Saídas á contorna** (citadas posteriormente)
- **Coidado dos espazos da aula e do patio.**
- Traer á aula elementos propios de cada estación, dalgunha festa popular, ou relativos a un proxecto concreto para afondar nas aprendizaxes.
- Contar coa **axuda das familias** para que nos acheguen á contorna, vindo á aula para contarnos cousas e aportando elementos do medio.
- Iniciarnos na realización de **servizos á comunidade** (repoboación do bosque, recollida de lixo, decoración de muros na rúa,...).

3- Competencias clave:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**, favorecendo que establezan intercambios comunicativos respectuosos con outr@s nen@s e cos adultos.
- **Competencia plurilingüe (CP)**,potenciando o contacto con linguas e culturas diferentes ás familiares, fomentando o respecto e o aprecio pola diversidade.
- **Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)**. Iniciándoos nas destrezas lóxico-matemáticas e os primeiros pasos cara o pensamento científico.
- **Competencia dixital (CD)**, iniciándoos no proceso de alfabetización dixital.
- **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)**, axudándolle a iniciarse na autorregulación emocional, empatía, interacción e, na resolución de conflitos a partir do diálogo.
- **Competencia cidadá (CC)**, iniciándose nun comportamento respectuoso polo medio.

- Competencia emprendedora (CE), potenciando a curiosidade, iniciativa, imaxinación e indagación.
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Entre as competencias incorpóranse destrezas esenciais, como o **pensamento crítico**, a **resolución de problemas**, o **traballo en equipo**, as **destrezas de comunicación e negociación**, as destrezas analíticas, a **creatividade e as destrezas interculturais**. Estas facilitánlles ás nenas e aos nenos o descubrimento, o coñecemento e a comprensión da súa realidade, que abarca, entre outros, a contorna e os obxectos, as organizacións e relacións sociais e as distintas linguaxes para comunicar dunha maneira respectuosa e creativa as súas ideas, intencións ou vivencias.

4- Relevancia da etapa de Educación Infantil e organización do período de adaptación

No segundo ciclo da etapa, fomentaremos a adaptación dos nen@s, respectando cada individualidade, ofrecendo actividades estimulantes, favorecendo a súa participación e a aceptación, así como a súa autonomía, socialización e o seu esforzo para mellorar cada día.

Empregaremos o diálogo para que sexan conscientes das súas actuacións, para buscar solucións aos posibles conflitos, para aportar ideas creativas, para desculparnos ou para prestar axuda aos demais. Pretendemos establecer nas aulas, comunidades de iguais que aprendan a respectarse, que se axuden, que se queiran, que saiban resolver as súas diferenzas, que medren xunt@s cada día, que sintan o espazo como seu e, que saiban desenvolverse autonomamente. Ao mesmo tempo, trataremos de presentar o maior número de experiencias posible, para favorecer as aprendizaxes significativas.

Da adaptación do nen@ á EI, dependerá en gran medida a súa adaptación a todo o sistema educativo posterior. Do mesmo xeito, a apropiación dos principais hábitos (autonomía, convivencia, traballo), a súa afectividade ou a súa confianza neles mesmos, tamén comezarán a desenvolverse nestes primeiros anos de escolarización, poremos énfase a favor deste desenvolvemento global.

O período de adaptación organizámolo seguindo a **Orde do 12 de abril de 2024**, pola que se aproba o calendario escolar para este curso académico. Na mesma orde establécese que **non se poderá prolongar máis alá do día 17 de setembro de 2024** e, garantindo a atención a tempo completo do alumnado que as familias así o solicitaran (neste caso, ningunha familia solicitou dita atención a tempo completo). Organización:

- Do día 11 ao 13 de setembro: dividimos a aula en dous grupos, permanecendo na aula durante unha hora e media cada grupo. O grupo 1, dende as 10:00h ata as 11:30h e, o grupo 2, dende as 12:00h ata as 13:30h.
- O día 16 de setembro foi festivo na nosa localidade.
- O día 17 de setembro asistiron os dous grupos xuntos de 10:00h ata as 13:00h.

- A partir do 18 de setembro, os alumn@s de 3 anos, comezaron co horario completo: de 9:45h ata as 13:40h e, pola tarde, de 15:10h ata as 16:10h, empregando os servizos de comedor e transporte escolar.

Coordinación coas familias de 3 anos:

- O día 5 de setembro tivemos a primeira reunión coas familias de 3 anos. Nesta reunión déuselle ás familias o horario do período de adaptación, coñeceron ás titoras dos seus fill@s, e previamente tamén se lles enviou por escrito e de xeito dixital as normas do ciclo.
- As familias, así mesmo, levarán ao inicio de curso unha entrevista inicial impresa. Esta entregaranlla á titora, coa que se reunirán posterior e individualmente para comentar os aspectos relevantes do desenvolvemento do seu fill@. As familias que o consideren oportuno, tamén se poderán reunir coa orientadora para comentar algún tema concreto que deba ser tratado cunha maior profundidade.

Os datos relevantes, quedarán rexistrados na avaliación inicial do XADE.

5-Saídas á contorna:

En coordinación cos outros ciclos, realizaremos un conxunto de saídas á contorna que lle permitirán ao alumnado coñecer os lugares e espazos máis significativos da mesma, en EI imos realizar as seguintes:

- No nivel de 3 anos, visitarán o centro de saúde da localidade e a ribeira do río Sil.
- No nivel de 4 anos, as saídas realizaranse ao cine e a unha clínica veterinaria preto do colexio.
- E, no nivel de 5 anos, as saídas serán a unha emisora de radio local e ao Mercado Municipal.

6- Reunións trimestrais coas familias:

- No primeiro trimestre: o día 1 de outubro.
- No segundo trimestre: o día 28 de xaneiro.
- No terceiro trimestre: o día 6 de maio.

Todas as reunións serán realizadas ás 16:30h. O obxectivo destas reunións será intercambiar informacións sobre a marcha xeral do grupo, así como presentarlle ás familias os obxectivos e actividades programadas para ese trimestre, podendo pedirilles axuda para a realización dalgunhas actividades.

Utilizaremos estas reunións para establecer unha axeitada relación coas familias, aclarando calquera dúbida e procurando un clima de complicidade e de cooperación mutua coa finalidade de optimizar os procesos de aprendizaxe e ensinanza d@s seus fill@s.

4.2. Consideracións sobre as tarefas escolares

Tal e como se recolle no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa Disposición adicional cuarta, os centros docentes incluírán dentro da súa Programación Xeral Anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

No caso do seu establecemento, sinálase que debe terse en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade do alumnado na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

Atendendo a eses principios o plan de tarefas do noso centro será un plan flexible, que cada mestre/a poida adaptar en función das circunstancias da aula, a programación, o calendario ou outras actividades escolares.

As tarefas para casa terán como finalidade:

- Afianzar o aprendido na clase.
- Establecer un hábito de estudo.
- Potenciar a autonomía, creatividade e responsabilidade do alumnado.
- Fomentar a aprendizaxe da administración do seu tempo e da organización.
- Fomentar a implicación familiar na educación dos seus fillos/as.

As tarefas escolares que se envíen para casa tentarán cumprir os seguintes criterios e principios:

- Que sexan adecuadas, en canto a dificultade e tempo requirido á idade, nivel educativo e momento evolutivo do alumnado.
- Que poidan ser realizadas polo alumno/a autonomamente.
- Que sexan accesibles para todo o alumnado ao que van dirixidas.
- Que sexan producidas polos alumnos/as, independentemente da calidade do produto, e supervisadas polo docente. Non debe relegarse esa responsabilidade aos proxenitores.
- Que non sexan exercicios mecánicos e repetitivos.
- Que prioricen aprendizaxes básicas instrumentais, que sexan motivadoras e atractivas, fomentando o interese, a creatividade, o emprendemento e o gusto por aprender, por exemplo, actividades de investigación, procura de información, entrevistas a familiares, presentacións orais, lectura de libros do seu interese, deseño dun mural etc.

- Que eviten xerar, polo seu volume, estrutura ou forma, elementos discriminatorios para os grupos socialmente desfavorecidos
- Que estean planificadas e coordinadas polo equipo docente, de xeito que non se produza unha excesiva acumulación de tarefas.
- Que teñan en conta as necesidades de descanso do alumnado e as familias nos períodos festivos e vacacionais.

Procurarase:

- A coordinación dos equipos docentes de cada grupo clase á hora de poñer tarefas para casa.
- Recoller nun cuadrante no encerado da aula (ou similar) as tarefas escolares, co obxectivo de facilitar a coordinación e que o alumnado dos cursos superiores poida copiar as tarefas na súa axenda escolar.
- Ter á vista un calendario de parede coas datas das probas, para evitar que se sitúe máis dunha ao día.
- Avaliar a realización e presentación das tarefas na casa pero non o resultado da corrección das mesmas.
- En Primaria non deben ocupar máis dunha hora diaria. Os nenos/as deben ter tempo para dedicarse a outras actividades lúdicas, sociais, culturais e deportivas.
- Non interferir na adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.
- Salvo nalgún caso no que o profesorado estime oportuno indicar que un alumno/a remate na casa as tarefas da aula, os deberes deben ser actividades diferentes ás realizadas na clase. Cando se indique que un alumno/a remate unha tarefa inacabada, comprobarase que a gran maioría do alumnado teña finalizada esta en tempo. Amais contemplarase o ritmo de traballo e dificultades de cada neno/a.

4.3. Primeiro Ciclo de Ensino Primario

Compoñentes do ciclo:

M^a Nieves Alejandre Lorenzo (coord) -1^oA
Sonia González González- 1^o B
Concepción Dolores Sánchez Rodríguez- 2^o A
Alves da Silva, Daniela Patricia- 2^o B
Gallego Delgado, Mercedes (FI e PL en 1^o curso)
Puente Murias, Elisa (PT)
Longo González, Natalia (Orientadora)

Outro profesorado que intervén:

Robles Castro, M^a Socorro(ER).
Miguelanxo Rodríguez Real (EF)
Freixeiro Álvarez, Xoaquín C. (MD)
Adrián Estévez López (PL en 2^o curso)
Ambas plásticas se imparten coa auxiliar de conversa Chitra Ramanarayanan
de Victorino García, Francisco (AL)
Salomé Otero Guldrís (PT)

Obxectivos do Ciclo

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia establecidos na nosa Constitución Escolar, aprender a obrar dacordo con elas, respectar os dereitos humanos e o pluralismo propio dunha sociedade democrática e asumir as responsabilidades individuais que correspondan.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo persoal e no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades (de debate e consenso) para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, destacando a relevancia das mulleres e homes que realizaron achegas significativas á cultura e á sociedade galegas.
- Fomentar o uso da Lingua Galega especialmente no ámbito oral nas actividades que se levan a cabo no centro.
- Habilitar un tempo determinado para a lectura, fomentando o hábito lector compartido e o gusto pola lectura.
- Iniciarse na adquisición nunha lingua estranxeira (inglés) da competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- Comprometerse de forma activa no coidado da nosa contorna, identificando problemas, elaborando propostas e asumindo os compromisos alcanzados. Contribuír na recollida selectiva de residuos.

- Coñecer e valorar aos animais e plantas máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe. Fomentar e estimular o uso responsable e crítico das TICs, valorándoas como xeradoras e transmisoras de coñecemento, de comunicación e medio de investigación.
- Facer uso de diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer el desenvolvemento persoal e social.

Medidas a desenvolver para a consecución dos obxectivos:

Toda a nosa práctica educativa está salpicada do enfoque DUA, un enfoque inclusivo que busca asegurar a igualdade de oportunidades de aprendizaxe para todos, que abrangue todos os aspectos do currículo e busca minimizar as barreiras para asegurar que todos os estudantes teñan acceso á educación e poidan participar e desenvolverse plenamente.

Para acadar esta accesibilidade ofrecerémoslle ao noso alumnado múltiples medios de representación, de expresión e de motivación e compromiso.

Trataremos de fomentar a curiosidade e a aprendizaxe efectiva.

Desenvolveremos tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Levaremos a cabo proxectos significativos para o alumnado, as aprendizaxes terán un carácter instrumental para a adquisición das competencias e as actividades que deseñemos permitiránlles ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Concederémoslle unha especial atención á lectura, desenvolvendo estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte ou formato, fomentando tanto o hábito e o dominio lector como a comunicación.

Prestaremos especial atención ao principio de igualdade, eliminando contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, tanto na nosa intervención educativa diaria como nos libros de texto e materiais educativos. Promoveremos a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

Trataremos de fomentar o traballo en equipo e a cooperación co fin de implicar o alumnado nas distintas actividades creando un ambiente motivador, relaxado, de seguridade e confianza, do mesmo xeito que tamén potenciaremos a autonomía e o esforzo individual do alumnado.

Poremos especial énfase tanto na atención á diversidade do alumnado, como na detección precoz das súas necesidades específicas como no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto a nivel organizativo como curricular.

Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE (Ver PXAD)

- Propiciar un clima de confianza e colaboración na aula.
- Traballar habilidades sociais.
- Elaboración de Plans de reforzo e ACIS.
- Apoio na aula de especialistas de PT. A maioría dos apoios serán dentro da aula, agás excepcións xustificadas.
- Seguimento coordinado da titora coas especialistas de PT, AL e Orientación.
- Metodoloxía por proxectos.
- Actividades de reforzo.
- Actividades de ampliación.
- Traballo con Pictogramas.
- Técnicas de modificación de conduta (reforzos positivos).
- Reunións regulares de información coas familias do alumnado con NEAE.
- Participar de forma activa nos diferentes Plans que se desenvolven no centro (TEI, Hábitos saudables, Comisión Ambiental...)

Recursos:

- Recursos materiais en relación ao Centro:
 - Medios audiovisuais (os existentes actualmente na aula de polos creativos, cámara fotográfica, fotocopiadora, impresora 3D, encerado dixital, proxector e reprodutor de CD, pantalla Chromecast, plotter, radio escolar...)
 - Aula de Informática dotada de varios ordenadores de sobremesa, unha PDI e un canón.
 - Plan TIC: internet, vídeos, experiencias, xogos educativos, páxinas Web, blogs do cole, Clics, procura de información, actividades de reforzo e ampliación sobre as distintas áreas do Currículo...

- Aula ordinaria:
 - Encerado branco, encerado dixital, ordenador de aula, biblioteca de aula, murais, material de rutinas, xogos, material manipulativo.
 - Recursos materiais en relación ao alumnado: Libros de texto, cadernos, fichas de traballo, xogos, material para manipular, libros de distintas temáticas.
- Outros recursos materiais:
 - Biblioteca do centro, salón de actos, pavillón, corredores, aula de inglés, aula de música e obradoiros dos distintos proxectos, aula de informática, hortos.
- Recursos humanos:
 - Alumnado, familias, persoal non docente, profesorado implicado en distintos cursos de formación e traballo: PFPP, proxectos, grupos de traballo, PLAMBE, proxecto lector, plan de convivencia, PDI, LIA2, equipo da Biblioteca, Axenda 21, EDLG,

Saídas e actividades culturais

Para este curso e, como se recolle na presente PXA, están establecidas as seguintes saídas para o coñecemento da contorna:

Para 1º curso:

- Visita á Biblioteca Municipal e ao Punto Limpo da nosa localidade.

Para 2º curso:

- Visita a un almacén de castañas e outra aínda por determinar, posto que a de visita as diferentes estacións de medios de comunicación da localidade a día de hoxe é inviable.
- Visita a unha panadería da localidade.

Ademais das mencionadas anteriormente faremos todas aquelas que poidan xurdir ao longo do curso das cales informaremos previamente ás familias.

Avaliación

Nos primeiros días do presente curso levarase a cabo unha avaliación inicial que nos permita determinar a situación de partida con respecto ao noso grupo-clase, dita avaliación completárase cos informes persoais da etapa anterior e coa información obtida das familias, e que constituirán o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción de medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumno.

Cabe destacar tamén unha proba que dende orientación se pasa ao alumnado de 1º curso co fin de axudar na toma de decisións para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Cando o progreso dunha alumna o dun alumno non sexa o axeitado, estableceremos medidas de reforzo educativo dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Na avaliación faremos uso de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

A avaliación terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensinanza como dos procesos de aprendizaxe, polo que tamén avaliaremos a nosa propia práctica docente.

No caso de alumnado que por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non poida asistir ao centro ou quede exento temporalmente dunha materia, se avaliará (ou non) segundo as directrices que figuran na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade

As titorías levaranse a cabo de forma presencial no centro os martes de 16:15 h. a 17:15 h. En casos excepcionais, e sempre coa aprobación do mestre ou mestra titor/a, poderán efectuarse noutro horario do mesmo xeito ou por vía telefónica ou telemática a través das canles recomendadas pola Consellería.

As datas das **reunións trimestrais coas familias** para este curso quedan establecidas da seguinte maneira:

1ª Avaliación: Martes 24 de setembro ás 16:30 h.

2ª Avaliación: Martes 4 de febreiro ás 16:30 h.

3ª Avaliación: Martes 29 de abril ás 16:30 h.

4.4. Segundo Ciclo de Ensino Primario

Compoñentes do ciclo:

Marcos Vilachá Revuelta (titor de 3ºA)

Manuela Álvarez Lana (titora de 3ºB)

Miriam Docampo (titora de 4ºA)

substituída por Rocío Torrón Fouce

Mª Pilar Santás Rodríguez (titora de 4ºB)

Salomé Otero Guldrís (P.T.)

Amparo Gama González (AL)

Modesto Rodríguez Centrón (E.F., Coord.)

Mª del Carmen García Fernández (Ciencias e PC)

Mª del Socorro Robles Castro (Relixión Católica)

Outro profesorado que intervén:

Xoaquín Freixeiro Álvarez (Música)

Mª de las Mercedes Gallego Delgado (LI)

Sara Álvarez Carrera (LI)

Natalia Longo González (Orientadora)

Paula Pérez Aboal (PT)

Obxectivos do Ciclo:

- Reforzar as normas que rexen as situacións de diálogo e as conversas de grupo.
- Promover o uso oral da Lingua Galega tanto nas áreas de estudo como nos momentos de lecer.
- Fomentar un clima de convivencia harmonioso no colexio, baseado no respecto, no diálogo e na interiorización das normas. Especialmente en espazos común: patio, comedor, biblioteca.
- Valorar e gozar do seu contorno máis próximo (aula, colexio, aldea/vila...) participando no seu coidado e conservación, especialmente no aspecto ambiental.
- Adquirir hábitos de estudo, traballo e autonomía persoal.
- Conseguir a autonomía necesaria para a adquisición dos obxectivos curriculares do ciclo.
- Reforzar a orde, silencio e a disciplina nas filas, clases e espazos comúns do colexio.
- Manter e fomentar as normas básicas de hixiene para a prevención de enfermidades.
- Promover e fomentar actividades que leven ao alumnado a adquirir o gusto pola lectura, escritura e a súa comprensión e expresión.
- Promover unha distribución secuencial ao longo do ciclo para a adquisición das aprendizaxes; de comprensión-expresión lectora e matemática.
- Continuar coa metodoloxía do traballo por proxectos.
- Desenvolver a creatividade e a actividade mental a través de retos.
- Manter a hixiene e o autocoidado persoal.
- Aumentar a responsabilidade do alumnado sobre coidados e hábitos referidos á saúde.
- Fomentar a expresión e o respecto de sentimentos e emocións.
- Coidar e facer un uso responsable das pertenzas, tanto as particulares coma as de uso común.
- Desenvolver e favorecer o respecto a compañeir@s e adult@s coa linguaxe, evitando insultos e palabras malsoantes.
- Promover un uso didáctico e responsable das tecnoloxías e dos soportes dixitais.
- Fomentar a curiosidade, a iniciativa e a constancia nos eidos da ciencia e a tecnoloxía.

- Favorecer ambientes de traballo colaborativo e cooperativo entre iguais e entre niveis.
- En canto ás tarefas para clase e á planificación dos exames ou calquera outro tipo de proba avaliativa procurarase:
 - A coordinación dos equipos docentes de cada grupo clase á hora de poñer tarefas para casa.
 - Recoller no taboleiro da aula as tarefas escolares, co obxectivo de facilitar a coordinación e que o alumnado poida tomar nota delas na súa axenda escolar.
 - Ter á vista o calendario de parede coas datas das probas, para evitar que se sitúe máis dunha ao día. Avaliación A avaliación será continua, formativa e individualizada. No caso do alumnado que por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non poida asistir ao centro ou quede exento temporalmente dunha materia, se avaliará (ou non) segundo as directrices que figuran na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade e a normativa vixente.

Datas das reunións trimestrais coas familias

- 1º Trimestre: Mércores 25 de setembro (4º ás 16:30h. e 3º ás 17:30h.)
- 2º Trimestre: Martes, 14 de xaneiro (4º ás 16:30h. e 3º ás 17:30h.)
- 3º Trimestre: Mércores, 7 de maio (4º ás 16:30h. e 3º ás 17:30h.)

Saídas e actividades culturais

- 3º EP: Oficina de Correos e depuradora.
- 4º EP: Cooperativa vitivinícola e Concello.

4.5. Terceiro Ciclo de Ensino Primario

Compoñentes do ciclo:

Adrián Estévez López (5º A)
 Miguelanxo Rodríguez Real (5ºB)
 Estela García Dosouto (6º A e coord.)
 Alicia Novoa Rodríguez (6º B)
 Sara Álvarez Carrera (LI)
 Xoaquín Carlos Freixeiro Álvarez (EM e PC)

Luisa Davila Marulanda
 Mª del Carmen Marcos Luis
 Mª Nieves Fernández Dobarro (PT)
 Paula Pérez Aboal (PT)
Outro profesorado que intervén:
 Modesto Rodríguez Centrón (EF)
 María del Socorro Robles Castro (ER)
 Amparo Gama González (AL)

Competencias clave e descritores a promover no curso 2024-2025

No noso modelo pedagóxico teremos como referentes de actuación as oito (8) competencias claves definidas na LOMLOE. Dende elas, tentaremos superar a visión disciplinar e suscitar traballos globalizados e interdisciplinares, con propostas de tarefas e actividades que promovan o carácter e a utilidade social.

No quinto e sexto nivel de E. Primaria e ao longo do curso escolar traballaremos, dende o currículo, todas as competencias e os seus criterios de avaliación específicos. Faremos especial fincapé nas seguintes:

Competencias	Descritores	Criterios de avaliación
Competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe	Comprender con profundidade o sentido de textos escritos e orais.	Comprensión oral e escrita
	Comprender a diferenza entre información, opinión e ideas dun escrito.	
	Desfrutar e atopar na lectura un momento de ledicia. Desenvolver o gusto pola escrita para comunicar ideas, sentimentos, propostas, etc. Fundamentar mediante argumentos as súas críticas e opinión sobre temas de interese.	
	Ensinarlle ao alumnado o disfrute pola oratoria e expresividade oral (dicción clara, entoación, capacidade de atraer a atención dos oíntes,...)	
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.	Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información. Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...	Normas de comunicación
	Recoñecer a importancia da ciencia na vida cotiá e o seu uso social e no progreso. Aplicar métodos científicos sinxelos con rigor e conduta ética, para mostrar a comprensión da realidade circundante. Ser protagonistas activos e comprometidos do coidado medio ambiental.	A ciencia decotío
	Manexar a linguaxe lóxica da matemática con precisión en calquera contexto. Identificar e utilizar con precisión conceptos matemáticos (números, operacións, elementos xeométricos...) instrumentos de medida en situación cotiás. Aplicar o coñecementos matemáticos á resolución de situacións problemáticas na vida real. Realizar argumentacións con esquemas lóxico-	Razoamento lóxico e resolución de problemas

	matemáticos (pensamento diverxente).	
Competencia dixital	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. Aprender o uso ético da tecnoloxía.	Utilización de ferramentas dixitais
Competencia cultural	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural. Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e a evolución do pensamento científico. Xerar novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previos.	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas Creatividade
Competencia cidadán	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situación de convivencia e traballo para a resolución de conflitos. Recoñecer a riqueza na diversidade de opinión e ideas.	Relación cos demais
	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos, e respectar os distintos ritmos e potencialidades.	Compromiso social
	Identificar as implicacións que ten vivir nun estado social e democrático de dereito, referendado polas normas da constitución española e o estatuto de autonomía de Galicia.	Educación cívica e constitucional
Competencia persoal, social e de aprender a aprender e Competencia emprendedora	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. Asumir ser parte dun colectivo aceptando responsabilidades, fins común e dereitos asociados. Ser constante no traballo superando as dificultades.	Autonomía persoal
	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe e pensamento, intelixencias múltiples, funcións executivas	Perfil do aprendiz
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, creativo, emocional e independente.	Ferramentas para estimular o pensamento
	Avaliar a consecución dos obxectivos da aprendizaxe	Planificación e avaliación

Plans e proxectos que se levarán a cabo no 3º ciclo

Durante o presente ano académico levaranse a cabo os seguintes plan e proxectos:

- Comisión Ambiental
- Proxecto educativo E-Dixgal

- Plan Proxecta+.
- Proxecto de plurilingüismo.
- Digicraft

Ademais dos mencionados con anterioridade os membros do equipo mostran a súa dispoñibilidade a participar noutros plans e proxectos que vaian xurdindo ao longo do curso sempre e cando sexan de interese, satisfagan as necesidades do alumnado e a súa implantación no centro sexa viable.

Acción titorial

A acción titorial responderá á intención de personalizar e de sistematizar os procesos educativos, axeitando a oferta educativa ás necesidades dos alumnos co obxectivo de proceder ás oportunas adaptacións curriculares e á detección e atención das necesidades de apoio dos alumnos que o necesiten e, ao mesmo tempo, mediará nas relacións dentro do centro así como coas familias e o entorno.

Liñas básicas do traballo didáctico e metodolóxico proposto. Atención á diversidade

Para achegarnos aos obxectivos de etapa e para lograr desenvolver no alumnado as competencias clave, a proposta curricular neste ciclo realizarase a través de proxectos de aula e as diferentes propostas editoriais dixitais conxuntamente.

Trataremos de fomentar o uso das TIC en todo momento. Todos os curso do ciclo son grupos E-Dixgal e terán operativa a súa propia aula virtual dentro da páxina web do centro. Ademais contaremos con todas as posibilidades educativas que ofrece internet e a biblioteca escolar. Durante as primeiras semanas do curso cada titor levará a cabo un proceso de identificación do alumnado desconectado e enviará ao equipo directivo un listado con este alumno para tomar as medidas oportunas que faciliten o acceso deste alumnado ao proceso educativo.

Nesta proposta curricular consideraremos as características dos alumnos con necesidades educativas especiais, dando especial importancia ao traballo combinado cos especialistas.

Priorizarase que os apoios impartidos polos especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe se leven a cabo na aula ordinaria agás nos casos con necesidade máis significativas que se levarán a cabo en aula específica.

Avaliación: estratexias e instrumentos.

Tendo en conta o modelo educativo das competencias clave utilizaremos distintas estratexias e instrumentos para avaliar os procesos de ensino e de aprendizaxe.

- **Avaliación inicial de curso:** nun primeiro lugar, e durante a primeira semana do curso realizarase a avaliación inicial a través da cal trataremos de identificar as dificultades do alumnado así como as súas necesidades educativas (análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, desenvolvemento das competencias clave e situación emocional do alumnado). Posteriormente basearémonos na observación sistemática do traballo e actitude na aula. Faremos probas escritas, valoraremos as exposicións orais e o interese e responsabilidade na realización das tarefas. A información recada no proceso será comunicada ás familias nas sesións de tutorías.
- **Avaliación continuada ao longo do curso:** o proceso de avaliación das diferentes áreas e competencias terá carácter continuo e estableceranse periodicamente, establecéndose tres períodos avaliativos ao final dos cales informárase ás familias a través da publicación dos boletíns de cualificación na aplicación abalar móbil. Teremos en conta diversos instrumentos de recollida de información e aplicaremos cada un deles en función dos procesos de aprendizaxe. Os instrumentos de avaliación empregados serán: probas orais e escritas, exposicións, observación diaria do traballo na aula, elaboración de cuestionarios, traballos de investigación e recollida de información, presentación de proxectos, etc... a proposta é deseñar unha temporalización de probas escritas ao trimestre entregadas ao alumnado para planificar o seu estudo de xeito autónomo. e cunha periodicidade que permita deseñar aprendizaxes con sentido e significado didáctico.

A temporalización das diferentes unidades didácticas de cada unha das áreas aparecerá reflectida nas programacións didácticas e será unha guía para as propostas de actividades, tarefas e proxectos de aula. Será o conxunto do alumnado quen marque os distintos ritmos de cumprimento da programación ou posibles modificacións das unidades didácticas.

En todas as materias se fará uso do libro dixital. A editorial de referencia en quinto será Netex, mentres que en sexto empregárase Aula Planeta en matemáticas e Netex en Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza. En calquera caso, en determinados momentos e para traballar determinados contidos se fará uso dos recursos ofertados polo resto de editoriais.

Criterios de cualificación académica

Os criterios de cualificación que utilizaremos son os seguintes:

Os criterios de avaliación serán os establecidos na programación de nivel para cada área educativa e secuenciado e temporalizado nas unidades didácticas. Non todos os criterios de avaliación terán a mesma ponderación nas cualificacións finais. Haberá dous grandes grupos de criterios de avaliación nos que atender a tres áreas de desenvolvemento a social, a persoal e interpersonal en cada área:

- **Criterios de avaliación de logro académico:** acadar os distintos obxectivos propostos nas áreas, atendendo sempre ás diferenzas individuais e ás posibilidades e capacidades dos rapaces e rapazas, suporía o **50%** da nota ou cualificación definitiva.
- **Criterio de esforzo e compromiso como estudante:** valorar a actitude e o esforzo na cualificación das áreas e do curso e a capacidade de traballo, a organización e a autonomía persoal. A capacidade de traballo social e cooperativo nas aprendizaxes, o comportamento do alumno/a cos seus compañeiros e compañeiras e o cumprimento das normas de convivencia. **Todo isto suporía un 50%** da nota ou cualificación definitiva.

Reunións coas familias

A comunicación entre pais e titores a través da reunións constitúe o mellor medio do que se dispón para o intercambio mutuo de ideas e información sobre o proceso educativo do alumno-fillo por iso, se establece no horario de cada un dos docentes unha hora semanal para titorías coas familias. Estas reunións terán lugar os martes en horario de 16:30 a 17:30 horas.

O que pretendemos con estas reunións pode resumirse nestes catro puntos:

- Coñecerse e comprenderse mutuamente.
- Intercambiar informacións sobre o alumno.
- Desenvolver conxuntamente un plan de actuación educativa.
- Orientalos na educación dos seus fillos.

Ademais realizarase unha reunión por trimestre. As datas fixadas para esta reunións son as que se recollen no seguinte cadro:

Trimestre	Curso	Data	Hora
1º	5ºA	17/09/2024	16:30h
	5ºB		17:00h
	6ºA		16:30h
	6ºB		17:00h
2º	5ºA	21/01/2025	17:00h
	5ºB		16:30h
	6ºA		17:00h
	6ºB		16:30h
3º	5ºA	13/05/2025	16:30h
	5ºB		17:00h
	6ºA		16:30h
	6ºB		17:00h

Nestas reunións as familias recibirán información sobre a temporalización de contidos a traballar en cada trimestre.

Nas reunións xerais coas familias levarase a cabo un rexistro das familias que participan en cada reunión e coas familias que non participen por causas xustificadas contactarase por Abalar.

Extraescolares e xustificación didáctica

Consideramos un complemento esencial no proceso de ensino aprendizaxe a realización de actividades tanto complementarias como extraescolares xa que ademais de posuír un alto compoñente motivador permite o achegamento á cultura e á vida da localidade ao alumnado dende outro punto de vista, ademais de favorecer a adquisición de competencias e completar o desenvolvemento da persoa e a súa integración e compromiso social.

4.6. Equipo de Dinamización Lingüística

Integrantes:

Como cada ano este equipo presenta novas incorporacións. @s integrantes do noso equipo para o presente curso académico son @s seguintes:

- Nuria Álvarez Rodríguez (Coord)
- María Nieves Escuredo López
- Carmen Otero Rodríguez
- Eva López Rodríguez
- Daniela Patricia Alves da Silva
- Alicia Novoa Rodríguez
- Concepción Dolores Sánchez Rodríguez
- Marcos Vilachá Revuelta
- Estela García Dosouto
- Modesto Rodríguez Centrón
- Rocío Torrón Fouce

O equipo reúne o terceiro luns de cada mes de 14:25 a 15:10 horas de forma ordinaria e de forma extraordinaria unha vez ao inicio do curso e outra ao remate, así como as que se consideren necesarias.

Competencia do equipo de dinamización da lingua:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluírán no proxecto educativo.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa

3. Proponerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultural, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fin.

Competencias do coordinador:

- Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións.
- Elaborar a memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionadas coa realidade galega.

Obxectivos do EDLG ao longo do curso:

O *obxectivo xeral* deste equipo é fomentar o emprego da lingua galega entre toda a comunidade educativa, dun xeito positivo, intentando acadar a competencia lingüística das dúas linguas oficiais da nosa comunidade así como dinamizar e fomentar o emprego da lingua galega tanto de xeito oral coma escrito.

Os *obxectivos específicos* que nos propoñemos para acadar son os seguintes:

- Asegurar a competencia da lingua galega por parte de todo o profesorado e alumnado.
- Informar a toda a comunidade educativa de calquera tema ou novidade (lexislativa, editorial, actividades...) co fin de fomentar e normalizar o galego.
- Desenvolver actividades, proxectos ou unidades didácticas que favorezan o coñecemento da nosa comunidade, cultural e lingua.
- Conmemorar as festas tradicionais na comunidade escolar, especialmente a conmemoración da festividade das Letras Galegas.
- Adquirir material editorial, bibliográfico e didáctico co fin de realizar actividades para favorecer e facilitar o coñecemento do galego e garantir un uso adecuado do mesmo.

Medidas a desenvolver:

As medidas encamiñadas ao desenvolvemento dos obxectivos propostos, levaranse a cabo mediante a realización de actividades motivadoras que impliquen e integren ao maior número de membros da comunidade educativa e da contorna traballando directa ou ben indirectamente as competencias básicas e algunha área e/ou contido do currículo ordinario.

Recursos:

Como recursos humanos, o EDLG. conta como integrantes a docentes das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria. Estes, actúan como canle de difusión das actividades propostas así como de recollida dos intereses que xorden nas súas respectivas etapas, niveis ou aulas.

Empregaremos os recursos económicos obtidos mediante o orzamento do Proxecto de Dinamización e Innovación Educativa e os propios do orzamento xeral do centro.

Actividades:

No presente curso académico queremos continuar co traballo iniciado co alumnado na promoción do emprego e gusto pola nosa lingua a través de diferentes actividades no centro como: concursos, composicións literarias, investigacións sobre a cultura popular da nosa bisbarra, exposicións.... Celebraremos datas importante como Semana da Ciencia en Galego, Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Día de Rosalía de Castro, Letras Galegas...

4.7. Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación do C.E.I.P. Plurilingüe “Condesa de Fenosa” abrangue como ámbito de actuación o propio colexio, segundo a rede de orientación marcada pola Consellería de Educación.

O Departamento está composto polo profesorado de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, polos coordinadores/as de ciclo e pola xefa de departamento.

Sobre todo o relacionado co departamento de Orientación remitimos ás accións prioritarias do mesmo, así como á concreción anual do PXAD, que se xuntan a esta PXA como anexos.

4.8. Equipo de Apoio á Biblioteca e Plan anual de lecturas

Compoñentes do Equipo

- Xoaquín Freixeiro (Coordinador)
- Sonia González
- Mercedes Gallego
- M^a Carmen García
- Sara Álvarez
- M.^a Carmen Mateos
- Laura Álvarez
- Francisco de Victorino
- Mónica Álvarez
- Manuela Álvarez
- M^a Nieves Fernández
- Amparo Gama
- Paula Pérez
- Luisa Davila

Obxectivos:

Os obxectivos fundamentais deste curso escolar son continuar na tarefa da **recuperación dos niveis de lectura e empréstanos**, así como as actividades habituais da biblioteca.

Velaí que arestora o noso obxectivo fundamental será **mellorar a comprensión lectora** e acadar un **bo nivel de participación** entre alumnado e profesorado.

Teremos que procurar explicar polo miúdo como se artellan as actividades e os obxectivos que promoven, así como as estratexias que podemos empregar para presentar a actividade dun xeito atractivo e motivador para @s nos@s usuari@s.

Por outra banda queremos seguir avanzando na **radio da biblioteca** como aliada fundamental no desenvolvemento da lectura, da escritura e oratoria, e como non o traballo con outras linguaxes (programación e robótica) ao través da biblioteca creativa. Tamén temos un compromiso de **integración das familias** ao través do programa de lectura e familias, así como unha tradición de traballo cos clubs de lectura que temos que seguir potenciando como viveiro de futuros lectores.

Daquela, **as nosas liñas prioritarias de actuación** serán:

- En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como «laboratorio creativo de aprendizaxes».

Seguir promovendo a actividade dos **Axudantes da biblioteca** xa que é unha actividade na que o alumnado asume responsabilidades, adquire unha formación moi interesante á hora de saber como funciona unha biblioteca e establece uns lazos de compañeirismo e colaboración entre o alumnado.

Durante este curso seguimos a reorganizar os **espazos** da biblioteca. Haberá que realizar tarefas de mantemento no mobiliario, fundamentalmente nos puffs para a lectura informal, que co uso van perdendo volume por quedar comprimidas as bólas do recheo.

Así mesmo pensamos continuar coa **senalización inclusiva** dos libros sinalando os volumes de literatura cunha etiquetaxe atendendo á temática, do mesmo xeito que fixemos cos cómics e na zona de libros de consulta. Traballaremos en principio cunhas poucas temáticas (nadal e samaín) e valoraremos en que medida esta decisión favorece ao uso que @s usuari@s fan da biblioteca.

As clases de **Alfabetización en información** realizaranse en cada curso co acordo horario cos titores.

O **Reto Fuchiqueiro**, que xa se realizou nas mesmas condicións de outros anos, poñendo a disposición do alumnado o material na propia biblioteca e actuando os axudantes como titores dos máis pequenos á hora de realizar os proxectos que se propoñen. Pensamos continuar esta iniciativa pero dotándoa dunha periodicidade maior a base de establecer unhas edicións do Barquiño de Papel (onde aparecen os retos) máis estables.

Neste mesmo sentido pensamos realizar as actividades do reto do **Dinobot**, pequenas propostas de programación que se publican no Barquiño de Papel, no espazo físico da biblioteca e cos equipamentos alí dispoñibles, mellor que propoñendo a súa realización na casa.

As **actividades de construción**, nas que destacamos o panel Lego, os Lego We do, os mecos ou os xogos de electricidade, volveron así mesmo á formar parte da oferta da Biblioteca, ampliada este ano coa adquisición duns Gigi-bloks, a xeito de legos de cartón que permiten a construción de deseños de tamaño considerable.

Por último, no que atinxe a xestión da biblioteca, temos que sinalar que nós xestionamos a biblioteca co programa Abies 2.0 e que, na medida en que todas as bibliotecas escolares galegas o están a facer, tamén imos procurar migrar a nosa colección a **Koha**. Durante todo este curso escolar estivemos á espera de que os servizos técnicos nos proporcionaran unha pasarela, pero aínda estamos á espera. Sen dúbida é o maior reto que ten que afrontar a biblioteca nos próximos anos.

- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Seguiremos fomentando o uso das **bibliotecas de aula**, entendidas como seccións da biblioteca escolar, cuns fondos renovados cando menos trimestralmente, e axeitados aos lector@s concret@s de cada aula.

A biblioteca abrirá para empréstanos e para uso libre dos servizos que ofrece durante os recreos da mañá e do mediodía. Comezaremos de novo cunhas sesións de **Benvida á biblioteca** para o alumnado de 6º de infantil e primeiro ciclo de primaria, para que @s nen@s coñezan a mecánica dos empréstanos e as normas básicas de uso da Biblioteca.

Por outra banda queremos impulsar a **caixa de suxestións** para que as compras, a parte de atender ás novidades editoriais que se nos presentan, recollan aquelas necesidades que xorden dos proxectos nos que se traballan nas aulas do centro.

Tamén propoñeremos, do mesmo xeito que se fixo este ano, un **proxecto documental** unificado para todo o colexio que versará sobre a temática elixida para a conmemoración das **Letras Galegas 2025: Homenaxe ás cantareiras e á poesía popular oral**.

O Barquiño de papel, o boletín da nosa biblioteca, ten que retomar as súas funcións de incitador de lecturas e de actividades, e retomar a súa periodicidade, cando menos trimestral. Para iso teremos que nomear a un membro do Equipo de Apoio responsable da publicación para que garanta unha periodicidade mínima.

No que toca ao **cine-club**, en asociación co cine-club Groucho Marx do Barco queremos impulsar unha programación de cine de calidade e contextualizada co currículo que esteamos a traballar.

- En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.

Esta competencia se traballará na biblioteca en coordinación cos titores de cada curso.

Sobre os **axudantes da biblioteca** teremos que realizar un esforzo para capacitalos mediante algunha actividade de formación a principios de curso.

A biblioteca seguirá ofrecendo conexión a internet, tanto dende os portátiles coma coas tablets. Aínda que o uso destes aparellos é libre, promoveremos que se empreguen preferentemente para procuras documentais, realización de tarefas escolares...

A **Olimpíada do saber** este ano realizouse do mesmo xeito que antano, recuperando a participación de tod@s, agás dos cursos superiores. Volveremos realizar a actividade xa que lles resulta moi atractiva e é unha axuda moi motivadora para aprender a procurar na internet. Traballaremos máis intensamente a difusión da proposta entre os cursos superiores.

Xa falamos do **proxecto documental** pero tamén tentaremos apoiar **os proxectos de investigación das aulas** (buzón de suxestións, expositor para os proxectos...) tentando que adquiran un carácter documental.

Neste sentido que acabamos de falar queremos impulsar o **traballo de investigación cooperativo** a través de recursos como as wikis ou os boards dispoñibles na aula virtual.

- En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro.

A lectura se desenvolverá nas clases ao través das bibliotecas de aula e dos libros de texto, así como de medios electrónicos (biblioteca dixital), na biblioteca do centro (nun uso libre durante os recreos e durante a hora semanal de asignación de horario de biblioteca para cada aula) e tamén haberá un espazo para a lectura nas tarefas que se aconsellen facer na casa.

A lectura, cando menos ha ocupar **unha hora diaria** dos labores académicos. Dentro desa hora nós destacamos a **lectura silenciosa**, entendida como actividade non avaliada, individual e cunha elección libre dos textos a ler.

A biblioteca do colexio funcionará como fornecedora de exemplares para as bibliotecas de aula. Estas bibliotecas se compoñerán de empréstanos feitos ao profesor@ titor@ dende o programa de xestión da biblioteca, e el administrará na clase os empréstanos ao alumnado. Deste xeito acadamos que os títulos estean adaptados ao alumnado concreto ao que vai adicado, e tamén que sexan axeitados aos temas de traballo da clase (proxectos documentais, temas do currículo...). A renovación dos títulos farase cunha periodicidade trimestral.

No departamento de Orientación do Centro funciona unha sección da Biblioteca do centro onde están parte dos fondos de psicoloxía e educación que se precisan no departamento para a súa consulta.

Liñas de actuación prioritarias da biblioteca do centro en relación á promoción da lectura; rutinas de lectura e recursos humanos empregados nas actividades de fomento do hábito lector.

As actividades que se desenvolven **dende a Biblioteca** do centro para o desenvolvemento do hábito lector do alumnado son:

- Lectura silenciosa

- Os nosos autores en voz alta
- Vaille co conto ao profe
- Os martes conto
- Clubs de lectura
- Clubs de escritura
- Apadriñamentos e amadriñamentos lectores
- O conto do xoves
- Radio na Biblio
- Construción de recunchos de lectura
- Mochilas viaxeiras
- Escolas de pais e nais
- Clubs de lectura de adultos
- **Programa de lectura silenciosa sostida**, con quince minutos de lectura diaria á chegada ás aulas despois do tempo de xantar.
- Declamación de poemas e obras literarias galegas dentro do programa da biblioteca **“os nosos autores en voz alta”**
- Realización de contos viaxeiros, Kamishibai
- Participación en diversas actividades promovidas en colaboración cos distintos equipos do centro (normalización, Comisión Ambiental) e referidas normalmente ás celebracións cíclicas (recollida de receitas de castañas, creación de contos de terror no Samaín, cartas aos reis no Nadal...)
- Correspondencia escolar con colexios doutras zonas de Galicia.
- Sesións de promoción lectora por parte das editoriais
- Encontros cos autores

Dentro das aulas tamén se desenvolven unha serie de prácticas lectoras como:

- Lectura nos libros de texto.
- Libros de lectura: contos, poemas.
- Lectura de enunciados de problemas.
- Realización de esquemas e resumos.
- Actividades de expresión oral.
- Actividades relacionadas coas TIC

Estas actividades relacionadas co desenvolvemento da técnica lectora e do hábito lector realízanse ou ben polo profesorado titor, polo persoal do equipo de apoio á biblioteca, profesorado e familias voluntarias, alumnado dos últimos cursos de primaria e por persoal alleo ao colexio, como poden ser profesionais da animación lectora ou autores que veñen presentar ás súas obras.

Itinerarios lectores

A parte das lecturas libres relacionadas coas distintas actividades enumeradas no epígrafe correspondente, nas distintas clases do colexio se poñen unha serie de libros de **lectura obrigatoria** para actividades de clase como poden ser a lectura colectiva en voz alta ou o seguimento de lecturas.

En moitos casos os títulos que se poñen como obrigatorios se deciden en función da oferta das editoriais, analizando a calidade e adecuación dos textos propostos por estas, así como a posibilidade de contar con entrevistas cos autores dos textos escollidos. A proposta de compra se realiza, normalmente, ao remate do primeiro trimestre.

Tal e como se define no plan lector do centro, as actividades que se realizan con estes libros son:

- Antes da lectura:
 - Activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler.
 - Establecer predicións sobre o texto.
 - Fomentar as preguntas sobre o texto.
- Durante a lectura:
 - Ter en conta o proceso da lectura, facerse conscientes del, guíalo
 - Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva
 - Lectura exemplar do profesor
 - En actividades de lectura compartida:
 - Formular predicións sobre o texto que se está a ler.
 - Facerse preguntas sobre o que leron.
 - Aclarar posibles dúbidas acerca do texto.
 - Resumir ideas do texto.
 - Prácticas de lectura independente:
 - Textos con erros, para identificar
 - Textos con lagoas para completar
 - Textos con frases “pirata”
 - Completar textos, engadir finais, reescritura segundo diversos criterios

- Despois da lectura:
 - Idea principal
 - Elaboración de resúmenes
 - Formulación de preguntas
 - Ensinar ferramentas de comprensión lectora (relectura do texto, análise de pequenos fragmentos...)
 - Ensinar a formular e responder preguntas sobre un texto é unha estratexia esencial para unha lectura activa.
 - Preguntas de resposta literal.
 - Preguntas “para pensar”. O lector deberá relacionar diversos aspectos do texto para atopar a resposta.
 - Preguntas de elaboración persoal. Esixen a asociación co que se sabe, se pensa ou se ten experimentado.
 - Actividades que fomentan a creatividade e o pensamento diverxente
 - Actividades que forman lectores críticos
 - Actividades que desenvolven a afectividade

O noso itinerario lector, suxeito ás modificacións que poidan xurdir en relación ao sinalado anteriormente é:

- *Cuando trabajé en el circo* de Roberto Aliaga
- *Cuando fuí a la selva* de Roberto Aliaga
- *Cando chovía do revés* de María Canosa
- *Muriel* de María Canosa
- *Rubicundo* de María Canosa
- *A cazadora de estrelas* de María Canosa
- *A señorita Bubble* de Leticia Costas
- *A sopa de Europa* de Rafael Cuadrado Ordóñez
- *Escarlatina, a cociñeira defunta* de Leticia Costas
- *Gente rara* de Ricardo Gómez Gil

O feito de escoller estes libros leva a que as editoriais programen encontros cos autores, e así temos previstas actividades de promoción da lectura que se determinarán ao longo do curso.

- En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

A reorganización dos **espazos** da biblioteca á que faciamos referencia no primeiro epígrafe destas liñas prioritarias, tenta que a distribución dos distintos espazos da biblioteca sexa un elemento facilitador da mobilidade do alumnado, creando zonas versátiles, diversas e inclusivas. Non consideramos a nosa biblioteca coma un deseño finalizado, pola contra no futuro queremos seguir traballando para que tod@s teñamos a posibilidade de atopar nela o noso espazo sen que ningún tipo de limitacións nos impida desfrutar dela.

A **senalización inclusiva** segue avanzando, facilitando cun sistema simple de iconas, a identificación das temáticas dos volumes de recursos dos que dispoñemos. O noso obxectivo é, agora que a CDU xa está sinalizada, é centrarnos nas temáticas dos libros de literatura para que cunha sinxela ollada poidamos saber o tema no que se encadra calquera título da nosa colección, tal e como comentabamos no primeiro epígrafe deste proxecto.

As adquisicións en **lectura fácil**, aínda que o mercado non ofrezca demasiadas opcións, son tamén un obxectivo fulcral da nosa política de compras. Garantir que tod@s @s usuari@s poidan dispoñer de títulos accesibles para o seu nivel de lectura, e fornecer os clásicos da literatura en versións adaptadas ás distintas capacidades lectoras, son obxectivos nos que traballamos e seguiremos insistindo no futuro.

Tamén tentaremos, empregando o equipamento da radio, elaborar pequenos **audiolibros** para aqueles que non poidan ler por si mesmos, co que garantiremos un dobre beneficio: para os lectores con baixa capacidade lectora ao poder acceder a textos, e pola banda do alumnado que grave estes textos, en canto que mellorarán a súa capacidade expresiva na lectura. Este proxecto terá que ir acompañado da adquisición dalgúns reprodutores de mp3 para que o alumnado poda acceder a estes textos. Tamén existe unha idea de facilitar a algún alumnado con dificultades de lectura as leccións das distintas materias neste formato de audiolibros.

Así mesmo e nesta mesma liña, potenciaremos o emprego da **biblioteca dixital** e da súa funcionalidade de lectura do texto coma dos seus fondos de audiolibros.

- Outras actuacións.

O **Mercado de intercambio de libros** co que adoitamos celebrar o día do libro, tamén se realizou este ano . Na medida que as restricións se atenuen traballaremos para volver a realizar esta actividade nas condicións nas que se viña realizando no pasado.

A Radio Escolar, a nosa **Dino Radio**, tal e como se falou con anterioridade, superou dun xeito moi positivo este ano escolar, incrementando o número de programas realizados e aumentando, asemade, a participación do alumnado. Queremos seguir nesta liña que incentiva dun xeito moi motivador a lectura e a investigación.

- • Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.

Nos dous últimos anos, por razóns que se expresaron nas memorias, os indicadores non tiveron unha valoración numérica precisa, e fixemos unha valoración do noso funcionamento en base ás apreciacións do equipo de apoio á biblioteca. Queremos retomar unha avaliación claramente

cuantificada, en base a datos obxectivos, porque só así seremos quen de aprender dos nosos erros e mellorar o noso funcionamento.

Outramente coidamos que os criterios que se marcaron en cursos anteriores seguen a ser correctos, e daquela imos continuar cos mesmos.

Queremos que a nosa avaliación sexa continua para así irmos corrixindo os nosos erros e modificando a nosa actividade en canto se detecten as eivas de funcionamento.

Queremos ir recollendo as suxestións que xurdan e mesmo incitando as críticas ás nosas propostas para ver de mellorar en todo o posíbel.

Valoraremos como indicadores do noso traballo os seguintes:

1. Número de empréstanos realizados, tanto a nivel individual como nas bibliotecas de aula. (haberá que valorar neste apartado como afectarán as limitacións sanitarias ao montante dos empréstanos)
2. Nivel de participación do alumnado nos clubs de lectura e escritura
3. Participación en distintas actividades (Olimpíada do saber, concursos, vaille co conto...)
4. Número de profesorado voluntario nas actividades da biblioteca
5. Utilización polo profesorado dos distintos recursos que a biblioteca pon á súa disposición.
6. Calidade dos traballos realizados

Faremos enquisas de satisfacción entre o alumnado e usaremos a ferramenta de avaliación de bibliotecas escolares, para así poder avaliar a nosa proposta empregando parámetros obxectivos.

Tentaremos ver de que xeito poderemos inserir un conta-visitas no noso espazo Web para saber cantos usuarios visitan a nosa páxina.

• Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

O responsable da Biblioteca será Xoaquín Freixeiro Álvarez, actual encargado da mesma.

Sinalar o feito de termos un grupo estable de Apoio á Biblioteca que facilita a posta en marcha sen dificultades das actividades previstas, ao que normalmente se suma persoal de nova incorporación que sempre achegan propostas de interese.

Gustaríanos que este grupo puidese contar con algunha hora, dentro do seu horario laboral, adicada a labores de biblioteca. Contamos co apoio do Equipo Directivo do centro que sabemos que na medida das, cada vez, máis minguadas posibilidades horarias, fará o posible para atender as nosas demandas.

Actividades programadas

- Realización dun proxecto documental integrado cunha temática consensuada cos distintos departamentos do centro.
- Benvinda á biblioteca para o alumnado de 6º de Ensino Infantil e primeiro ano de primaria.
- Formación aos axudantes da biblioteca
- Semana do Libro
- Día de Rosalía e da Muller
- Mes das Letras Galegas
- Feira de proxectos
- Mercado de intercambio de libros
- Conferencias e obradoiros para as familias

Seguimento e Avaliación

O equipo de Apoio á Biblioteca se reunirá cando menos unha vez ao mes, e analizará a marcha do plan anual de lectura, proponendo as medidas axeitadas para o seu correcto cumprimento.

Dado que os representantes do equipo teñen voz na Comisión de Coordinación Pedagóxica, no caso de se detectar a necesidade de introducir medidas correctoras, estas medidas se levarán á dita comisión para que se determine como solucionar os problemas.

Ao remate do curso o equipo valorará o nivel de cumprimento dos obxectivos deste plan, suxerirá as melloras que se poidan realizar para cumprir os obxectivos e propondrá novas actividades que poidan axudar aos obxectivos do plan de lectura e do proxecto lector do centro.

Tamén poderá elaborar un cuestionario de avaliación no que recoller as opinións dos usuarios da biblioteca e as súas suxestións para a mellora do servizo.

Así mesmo se realizará unha autoavaliación dalgún aspecto da biblioteca coa ferramenta de avaliación de bibliotecas, para termos unha valoración obxectiva da nosa actividade.

4.9. Comisión Ambiental

Este ano os/as mestres/as membros do grupo Da Comisión Ambiental no curso 2024-2025 son:

Elisa Puente Murias (coord.)

Salomé Otero Guldrís

M.^a Aránzazu Benítez

María del Socorro Robles

Cristina Delgado Delgado

Adrián Estévez López

M^a Nieves Alejandre Lorenzo

Miguelanxo Rodríguez

María Pilar Santás Rodríguez

Na primeira reunión da Comisión Ambiental tratáronse varios temas, propóndonos os seguintes obxectivos:

- Informar novamente a todo o profesorado do centro do noso compromiso coas tres R, REDUCIR o consumo de folios, de fotocopias, de impresións para non consumir tanta tinta, apagar os encerados dixitais e as luces cando non sexa necesario, cerrar portas e ventás para illar as aulas do frío e manter a calor proporcionada pola calefacción reducindo así o consumo de gasóleo; REUTILIZAR, ter un recuncho para o material que aínda se poida usar (papel, cartolina, etc); RECICLAR de maneira correcta nos distintos colectores.
- Solicitar ao Concello unhas charlas informativas sobre como debemos reciclar tanto para o profesorado como para o alumnado pois, dende vai varios cursos, estamos a notar que a reciclaxe tanto dentro como fóra (nos patios) do centro non se fai correctamente.
- Continuar co acondicionamento dos hortos, pór novas plantas no horto aromático e cubrir a tea anti-herba de grava que estamos quitando do patio exterior e tamén decorar con grava de cores (branca e negra); podar e limpar o horto botánico; instalar o rego por goteo no horto ecolóxico.
- Coidar os outros hortos exteriores do colexio, e empregar un deles para facer unha zoa de lecer para os nenos/as, onde poidan xogar coa terra e tamén ler, para iso empregaremos materias de reciclaxe coma pneumáticos para facer maceteiros e asentos, envases de plástico, tapóns, etc.
- Fomentar o interese por participar no coidado e limpeza dos hortos e do colexio en xeral.
- Aproveitar o indulto da castaña, para que tódolos os nenos/as do centro sementen unha castaña ou outros froitos do outono. Despois plantaremos as árbores que saían nunha zona queimada aproveitando unha saída que fagamos á contorna en colaboración cos axentes de medio ambiente da casa grande.
- Fomentar as merendas saudables e potenciar o uso de envases reciclables evitando envolvelos en plástico ou papel de aluminio.

Para acadar todos estes obxectivos contaremos con:

- **INSPECTORES AMBIENTAIS:** O grupo de inspectores ambientais estará integrado por nenos/as de segundo e terceiro ciclo, os cales inspeccionarán as aulas sen previo aviso, e irán rexistrando nas tabletas se as distintas aulas cumpren ou non os ítems que recolle a enquisa relacionada co aforro enerxético e a boa reciclaxe. Ao final do trimestre informarase a través da radio, da aula virtual e en formato papel das clases máis ecolóxicas e comprometidas outorgaráselles un diploma e algún agasallo por manteren o seu compromiso e traballar por un mundo sostible.
- **TALLERES.** Propoñeremos varios talleres coma o de: reciclaxe de papel, facer xabón e elaboración de xogos con material de reciclaxe.
- **AULA VIRTUAL DO COLEXIO.** Nela intentaremos dar información sobre como reciclar, manualidades con material de reciclaxe, coñecer a nosa contorna e os hortos do noso colexio.

Entre as actividades que levaremos a cabo neste curso están:

- Facer co palé das pantallas dixitais un moble para colocar a ferramenta dos hortos. Na decoración do mesmo participarán tódolos nenos/as do cole.
- Elaboración coa colaboración do profesorado dos distintos ciclos dun libro dixital no que se recolla información sobre características, propiedades, etc das distintas plantas que temos nos tres hortos.
- Fabricar na aula de Polos Creativos diferentes carteis para a sinalización de plantas nos hortos, así como chapas, distintivos, etiquetas, carteis...
- Seguir traballando na aula virtual do centro na parte de Comisión Ambiental, metendo xogos, información referente as plantas dos distintos hortos, da reciclaxe e o aforro enerxético, documentais, os distintos traballos de manualidades que se fagan, etc.
- Fomentar o visionado de películas relacionadas coa natureza e o seu coidado, para concienciar a toda a comunidade educativa sobre a súa importancia.
- Ensinar a reciclar dende a aula. Facer coa axuda dos/das nenos/as un vídeo no que expliquen que podemos reciclar e como debemos reciclalo e proxectalo polo menos unha vez por trimestre nas aulas.
- Tamén participaremos na radio do centro facendo as nosas achegas en cada programa de se emita.
- Poda de varias árbores do horto botánico.
- Dar a coñecer as actividades que se levan a cabo no centro, a través de distintos medios, aula virtual, Facebook, radio, etc.

- Participar en todas as actividades que dende a consellería de medio ambiente se nos propoñan e, así mesmo, facerlle nós propostas de actividades ao longo do curso.
- Tras a reestruturación do horto ecolóxico, temos un bo espazo para cultivar, e facer sementeiros.
- Co orzamento concedido por Voz Natura reestruturaremos as plantas do horto aromático e colocaremos o rego por goteo no horto ecolóxico e nos hortos exteriores.
- A saída do curso pasado en colaboración con Medio Ambiente para plantar castiñeiros e tamén as nosas árbores que xurdiron do indulto da castaña e de outros froitos, foi tan gratificante para os nenos que volveremos a solicitar as charlas formativas de protección da natureza e tamén a saída ao monte para plantar as árbores.

4.10. Grupo Plan Dixital

Mestres que forman parte do grupo TIC:

- Laura Álvarez
- Adrián Estévez
- Estela García
- Cristina Delgado
- Alicia Novoa
- Miguelanxo Rodríguez
- Daniela Patricia Alves
- Xoaquín C. Freixeiro

Como principais liñas de acción deste grupo están:

- Posta en marcha do plan Dixital
- A difusión de recursos TIC na práctica docente
- A dotación de medios materiais para a práctica docente
- A optimización dos recursos informáticos
- A dinamización da páxina Web do centro e dos distintos blogs xa existentes

Dado que o centro forma parte do proxecto E-DIXGAL, de implantación do libro dixital, os nosos esforzos estarán centrados na posta en práctica do mesmo en quinto e sexto curso de primaria, e focalizaremos o noso traballo para acadar unha formación adecuada do profesorado no manexo e xestión dunha aula dixital e na reforma metodolóxica que un cambio de paradigma educativo como este debería supor.

Tentaremos afondar, co profesorado implicado no proxecto, no coñecemento da ferramenta de autor que fornece a aplicación do espazo virtual, xa que é unha moi interesante fonte de recursos que todos e todas deberíamos manexar como complemento das actividades que se ofrecen nas distintas editoriais.

Xa no ano pasado se fixo un importante avance na consolidación da nosa aula virtual como recurso educativo de primeiro orde para todas as etapas educativas do centro, liña na que temos que seguir afondando xa que consideramos que é un obxectivo prioritario.

Agardamos que a renovación de material informático, substituíndo as antigas PDI cos seus correspondentes proxectores, por pantallas interactivas con conexión directa a internet, continúe este ano e poidamos contar con estes equipamentos en 3º e 4º de primaria, xa que a renovación do ano pasado só abrangueu a etapa de infantil e o primeiro ciclo de ensino primario.

Os equipamentos abalar antigos, unha vez escolmados os equipos cun nivel de funcionamento aceptable, pasáronse ás aulas de 3º. Para as aulas de 4º dispoñemos dun carro de carga compartido con 24 equipos novos, que se pasan dunha aula a outra en función das súas necesidades e facilitado polo doado do traslado do carro.

Tamén durante o curso pasado instalouse unha rede wifi corporativa que fornece sinal a todo o colexio e que ten favorecido en grande medida a conectividade dos equipamentos de 3º e 4º de primaria. Esta rede cómpre de que creemos usuarios de correo para cada un dos equipamentos, para deste xeito aproveitar ao máximo a conectividade que a rede wifi nos ofrece.

A aula de informática, ten mellorado substancialmente coa doazón de material informático realizada no curso pasado polo Hospital Público do Barco. Estes equipamentos foron mellorados instalándolles uns discos duros sólidos que melloraron a súa velocidade de procesamento. Agora todos os equipamentos contan co mesmo software e hardware co que a clonación de equipos no caso de avaría se simplifica enormemente facilitando as tarefas de mantemento.

Dado que xa hai catro curso (8 aulas) que dispoñen de equipamentos individuais, será só empregada polos cursos de infantil e primeiro ciclo, polo que poderemos estender o horario destes cursos. Tamén tentaremos que os protocolos de uso e o desenvolvemento de boas prácticas de coidado do material se xeneralicen en todos os usuarios da sala.

Os ordenadores desta aula teñen instalado Xubuntu, unha distribución de baixas esixencias técnicas e que permiten traballar bastante ben con estes equipamentos.

No que atinxe á sala de ordenadores para mestres tentaremos mellorar os equipamentos cos que está dotada, e procuraremos ter un mantemento máis sistemático que en cursos pasados.

Tamén nesta sala tentaremos que os protocolos de uso sexan os aprobados no plan TIC, evitando, por exemplo un mal uso das impresoras, que os ordenadores queden acesos na fin de semana ou fóra do horario escolar, etc... Neste sentido adquirimos unha nova impresora con recarga de tinta por botellas, sen cartuchos, que amais de ser máis ecolóxica supón un aforro no consumo de tinta que os modelos máis antigos.

Imos dar apoio a todo o profesorado que queira afondar en Linux para que se lle tire todo o proveito posíbel aos ordenadores que teñen este sistema operativo instalado.

Por outra banda, e dado que na Biblioteca se está comezando a traballar en robótica e impresión 3D, haberá que facer un esforzo de formación nestes ámbitos para que todo o profesorado do centro se encontre capacitado a un nivel básico.

Por último sinalar que continuamos cun programa de formación para elaborar un Plan dixital que recolla o estado da implantación do ensino dixital (formación do profesorado, aula virtual...) e a dotación en equipamentos do centro.

- En canto aos obxectivos de acción do plan Dixital para este curso imos tentar que todas as comunicacións coas familias (citas de titoría, xustificación de faltas, notificacións persoais e de grupo) se fagan ao través da ferramenta institucional Abalar, substituíndo ás aplicacións de mensaxería que ata o de hoxe se estaban a empregar.
- Tamén, e este era a outra acción básica do plan dixital aprobado no curso pasado, tentaremos que se coñeza e cumpra co protocolo de uso dos ordenadores, tanto por parte do alumnado como do profesorado do centro.
- Como último obxectivo, xa reflectido en parágrafos anteriores, queremos potenciar o uso da aula virtual e a creación de contidos educativos adaptados ás necesidades do noso alumnado.

4.11. Plurilingüismo

4.11-Plurilingüismo

Este curso 2024/2025 é o 9º ano consecutivo no que este centro forma parte da “Rede de Centros Plurilingües”.

Dende o comezo a área elexida para ser impartida nesta lingua, agás a área de Lingua Estranxeira (Inglés), foi a área de Educación Plástica e Visual por considerar que é unha área moi motivadora na que hai un ambiente máis distendido e creativo que fomenta e facilita a expresión e comprensión, tanto na linguaxe verbal como no verbal ,empregando unha Lingua Estranxeira.

Na actualidade, o profesorado encargado de dar a docencia en Lingua Estranxeira , é o seguinte:

-Sara Álvarez Carrera (substituta de Beatriz González Pérez), imparte Lingua Inglesa en todos os cursos de Educación Infantil así como en 5º e 6º curso de Educación Primaria.

Ademais é a docente encargada da Área de Educación Plástica e Visual nos cursos de 3º e 4º de Educación Primaria.

-Mª Mercedes Gallego Delgado, imparte Lingua Inglesa dende 1º a 4º curso de Educación Primaria.

Ademais é a docente encargada da Área de Educación Plástica e Visual no 1º curso de Educación Primaria.

Tamén é a coordinadora do Programa.

-Adrián Estévez López, titor do 5º curso de Educación Primaria, é o docente encargado Área de Educación Plástica e Visual no 2º curso de Educación Primaria.

-Alicia Novoa Rodríguez, titora do 6º curso de Educación Primaria, é a docente encargada Área de Educación Plástica e Visual nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria.

Ao pertencer a Rede de Centros Plurilingües, o centro conta cunha auxiliar de conversa que permanecerá no centro durante 16 horas semanais, 12 delas estarán destinadas á área de Educación Plástica e Visual e as 4 restantes estarán destinadas á área de Lingua Inglesa nos cursos de 5º e 6º de EP (1 hora semanal por aula).

Deste xeito a auxiliar de conversa, completará o seu horario dende o martes ata o venres.

A auxiliar de conversa asignada para este curso é Chitra Ramanarayanan.

Estará no centro dende o 1 de outubro ata o 31 de maio e sempre irá acompañada dun/dunha mestre/-a especialista na área de Lingua Inglesa.

A existencia da figura do auxiliar de conversa, considérase esencial para que o alumnado poida recibir dun xeito máis motivador e enriquecedor información sobre as tradicións dos países de fala inglesa. Deste xeito, ademais de comparar dita cultura coa propia, ten a posibilidade de adquirir as destrezas lingüísticas básicas dunha forma máis activa e efectiva.

A asistencia e traballo da auxiliar de conversa, serán valorados a través da observación directa, tanto pola coordinadora como polos mestres/-as implicados, tendo en conta non só a súa iniciativa propoñendo actividades senón tamén comprobando o grado de nivel de participación e interese que amosa no desenvolvemento cotiá das diferentes actividades no centro que permitan a súa integración no centro e favorezan un clima de traballo adecuado tanto co alumnado como co resto de membros da comunidade educativa.

Por suposto, tanto ao longo do curso como xa a final do mesmo, se completará e enviará toda a documentación que a Consellería solicite (informes trimestrais de asistencia, memoria final, exemplo de unidade didáctica realizada, etc)

5. Organización do centro

5.1 Organización do profesorado

Equipo de Ensino Infantil		Equipo de 1º Ciclo de Primaria	
Curso:	Coord.: Carmen Otero	Curso:	Coord.: María Alejandre
Infantil 3 anos A	Cristina Delgado	1ºA	María N. Alejandre
Infantil 3 anos B	Nuria Álvarez	1ºB	Sonia González
Infantil 4 anos A	Mónica Álvarez	2ºA	Concepción D. Sánchez
Infantil 4 anos B	Eva López	2ºB	Daniela P. Alves
Infantil 5 anos A	María Nieves Escuredo	Inglés	Mercedes Gallego
Infantil 5 anos B	Carmen Otero	PT	Elisa Puente
Apoio inf. (pscm e mús)	Mª Aránzazu Beneitez		
Apoio infantil (inform.)	Laura Álvarez		
AL	Francisco de Victorino		

Equipo de 2º Ciclo de Primaria		Equipo de 3º Ciclo de Primaria	
Curso: 3ªA 3ªB 4ªA 4ªB Apoio, CCSS e CCNN Educación Física Relixión EM PT AL	Coord.: Modesto Rodríguez Marcos Vilachá Manuela Álvarez Miriam Docampo (subs. RocíoTorrón) Pilar Santás Mª Carmen García Modesto Rodríguez Mª del Socorro Robles Xoaquín Freixeiro Salomé Otero Amparo Gama.	Curso: 5ªA 5ªB 6ªA 6ªB Inglés PT PT Orientadora EM	Coord.: Estela García Adrián Estévez Miguelanxo Rodríguez Estela García Alicia Novoa Sara Álvarez Mª Nieves Fernández Paula Pérez Natalia Longo Xoaquín Freixeiro
Equipo de Orientación		Form. Centros	Plan Dixital
Curso: AL AL PT PT PT PT Orientadora	Coord.: Natalia Longo Francisco de Victorino Amparo Gama Nieves Fernández Salomé Otero Elisa Puente Paula Aboal Natalia Longo	Coord.: Laura Álvarez	Coord.: Laura Álvarez Cristina Delgado Daniela P. Alves Adrián Estévez Xoaquín Freixeiro Mª Carmen García Estela Dosouto Alicia Novoa Miguelanxo Rodríguez
Comisión de Coordinación Pedagógica		Equipo de normalización lingüística	
Directora Xefatura de Estudos Ensinso Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo Orientación Activ. Comp. e Ex. Equipo de Norm. Comisión Ambiental Biblioteca Programa Plurilingüe	Mª Carmen García Xoaquín Freixeiro Carmen Otero Mª Nieves Alejandre Modesto Rodríguez Estela García Natalia Longo Modesto Rodríguez Nuria Álvarez Elisa Puente Xoaquín Freixeiro Mª Mercedes Gallego	Ensinso Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo	Coord: Nuria Álvarez Nieves Escuredo Nuria Álvarez Eva López Carmen Otero Daniela P. Alves Concepción D. Sánchez Marcos Vilachá Modesto Rodríguez Alicia Novoa Estela García
Equipo de apoio á biblioteca		Comisión Ambiental	
Ensinso Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo	Coord: Xoaquín Freixeiro Laura Álvarez Mónica Álvarez Francisco de Victorino Mercedes Gallego Sonia González Amparo Gama Manuela Álvarez Mª Carmen García Mª Nieves Fernández Paula Pérez Sara Álvarez	Ensinso Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo	Coord: Elisa Puente Cristina Delgado Mª Aránzazu Benéitez Mª Nieves Alejandre Mª Pilar Santás Mª del Socorro Robles Salomé Otero Adrián Estévez Miguelanxo Rodríguez
Benestar Emocional	Coord.: Natalia Longo	Activ. Extraescolares	Xefe Dpto.: Modesto Rodríguez

Quendas de Recreo e gardas de transporte

		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
A	Infantil	Cristina Laura Salomé	Nuria Arancha Paula	Mónica Eva Amparo	Carmen EP Chisco Elisa	Nieves Gina Carmen EI
	Primaria	María Conchi Estela	Daniela Sonia Alicia	Marcos Moli Merche	Pili Miriam Sara	Adrián Miguelanxo Nieves PT
B	Infantil	Mónica Eva Amparo	Carmen EP Chisco Elisa	Nieves Gina Carmen EI	Cristina Laura Salomé	Nuria Arancha Paula
	Primaria	Marcos Moli Merche	Pili Miriam Sara	Adrián Nieves PT	María Conchi Estela	Daniela Sonia Alicia
C	Pavillón Biblioteca Orientación Dirección	Modesto Xoaquín Natacha Carmela	Modesto Xoaquín Natacha Carmela	Miguelanxo Xoaquín Natacha Carmela	Modesto Xoaquín Natacha Carmela	Modesto Xoaquín Natacha Carmela
T	Transporte	Amparo Elisa Carmen Luísa F	Chisco Paula Nieves Salomé	Amparo Elisa Carmen Luísa F	Chisco Paula Nieves Salomé	Carmela Moli María Xoaquín

5.2.Organización do alumnado

O agrupamento dos alumnos/as realizarase por orde alfabética, evitando sempre o agrupamento por coñecementos, rendemento e nivel intelectual, sen menoscabo da necesaria flexibilidade e heteroxeneidade.

Con todo recomendamos, atendendo a razóns psicopedagóxicas, a escolarización en grupos distintos dos irmáns xemelgos.

Tentaremos manter unha proporción de xénero sempre que exista unha desproporción notoria. Así mesmo procuraremos que en educación infantil exista un equilibrio de idade en todas as unidades, de tal xeito que en todas elas alterne o alumnado de maior e menor idade, e tamén se tentará que non haxa alumnado con igual nome na aula, sempre que sexa posible.

Se no momento de se incorporar ao centro no nivel de ensino infantil, fose necesario agrupar a alumnos de idades distintas, consideraremos como factor determinante a data de nacemento.

Distribución dos alumnos							
Ensino Infantil		1º ciclo primaria		2º ciclo primaria		3º ciclo primaria	
EI3aA	10	1ºA	17	3ºA	19	5ºA	24
EI3aB	10	1ºB	18	3ºB	24	5ºB	25
EI4aA	12	2ºA	18	4ºA	19	6ºA	25
EI4aB	11	2ºB	18	4ºB	22	6ºB	25
EI5aA	15	Total	71	Total	84	Total	99
EI5aB	13	Total Ensino Primario: 254					
Total EI	71						
Total alumnado do centro 325							

5.3 Organización do persoal non docente

O persoal non docente do noso centro componse arestora de:

Cociñeira	Prada García, Pilar
Axudantes de cociña	Méndez García, Ramona Moldes Fernández, Ángela Pérez Rodríguez, María Crespo Crespo, Francisco
Auxiliar administrativa	González Lois, Amalia
Conserxe	Vázquez Crespo, Emilio José
Coidadoras	Escribano Martínez, Susana González Pazos, Lourdes Paradelo Pérez, Patricia Sánchez Sánchez, M ^a Esther (substituta de M ^a Begoña González Salgado)
Auxiliar de Conversa	Ramanarayanan, Chitra
Persoal de Limpeza	Persoal dependente dunha empresa contratada polo Concello.

Os horarios do persoal non docente é coincidente co horario de apertura do centro, de 09:45 a 16:15 h., agás no caso do conserxe que é de 08:30 h a 16:15 h. e da auxiliar administrativa que é de 08 a 15 h.

A coordinación das súas tarefas está relacionada, no caso do persoal de cociña no apartado de comedor, e o das coidadoras no plan de orientación.

O Conserxe depende directamente da Directora do centro e a organización das tarefas da auxiliar administrativa corresponde á secretaria do centro.

5.4. Órganos de goberno

5.4.1 Órganos unipersoais

Cargo	Nome	Horario de atención ao público
Dirección	M ^a Carmen García Fernández	Tódolos días de 10:35 a 11:25
Xefatura de Estudos	Xoaquín Freixeiro Álvarez	Tódolos días de 09:45 a 10:35
Secretaría	Manuela Álvarez Lana	Tódolos días de 11:55 a 12:45

5.4.2 Órganos colexiados

Consello escolar	
Directora	M ^a Carmen García Fernández
Xefe de estudos	Xoaquín Freixeiro Álvarez
Secretaria	Manuela Álvarez Lana
Representantes dos mestres	María Alejandre Lorenzo Modesto Rodríguez Centrón Nieves Escuredo López Natalia Longo González
Representantes dos pais/nais	Cali Araujo Romero Marta Fernández Magdalena María López Penabad Betty López López Begoña Fernández Rodríguez
Representantes do persoal non docente	Francisco Crespo Crespo
Representante do concello	Diana Urdangaray Díaz

Calendario de reunións: Reunirse cando menos unha vez por trimestre.

Claustro de profesores	
Ensino infantil: Cristina Delgado (ei3aA) Nuria Álvarez (ei3aB) Eva López (ei4aA) Mónica Álvarez (ei4aB) María Nieves Escuredo (ei5aA) Carmen Otero (ei5aB) M ^a Aránzazu Rodríguez (ap.inf.) Laura Álvarez (ap. inf.) Francisco de Victorino (AL)	1º Ciclo de Ensino Primario María N. Alexandre (1A) Sonia González (1B) Concepción D. Sánchez(2A) Daniela P. Alves (2B) Mercedes Gallego (LI) Elisa Puente (PT)
2º Ciclo de Ensino Primario Marcos Vilachá (3A) Manuela Álvarez (3B) Rocío Torrón (subst. Miriam Docampo) (4A) Pilar Santás (4B) M ^a Carmen García (Soc e nat. en 3B) Modesto Rodríguez (EF) M ^a del Socorro Robles (ER) Xoaquín Freixeiro (EM) Salomé Otero (PT) Amparo Gama (AL)	3º Ciclo de Ensino Primario Adrián Estévez (5A) Miguelanxo Rodríguez (5B) Estela García (6A) Alicia Novoa (6B) Beatriz González (subs. Sara Álvarez) (LI) M ^a Nieves Fernández (PT) Xoaquín Freixeiro (EM) Natalia Longo (Orient.)

Calendario de reunións:

O Claustro de profesores reunirse cando menos unha vez ao trimestre.

O profesorado atenderá a pais/nais tódolos martes de 16:15 a 17:15 h. preferentemente solicitando previamente a cita.

6. Organización de recursos

Espazos	
Biblioteca	Localizada na planta baixa do edificio central, úsase para lectura en sala, empréstito, actividades de animación á lectura (os martes conto, vaille co conto ao profe), traballos de investigación (a hora dos deberes). Danse nela clases de alternativas á relixión e de Alfabetización en Información, materia de libre configuración para o centro que se imparte en 4º e 6º de primaria, e ten un horario para o seu uso didáctico polos distintos titores (sesións de escritura creativa e lecturas colectivas).
Aula de informática	Con 25 ordenadores conectados en rede, e situada no primeiro andar do edificio central, úsase para clases de iniciación á informática en ensino infantil. Úsase así mesmo como recurso didáctico polos distintos titores para traballar temas curriculares no horario dispoñible. Os ordenadores teñen instalado Xubuntu, que permite un aproveitamento maior dos equipamentos, xa que os seus requisitos técnicos son bastante baixos. Como se apunta no proxecto do grupo TIC hai que pensar na renovación dalgúns equipos deteriorados.
Aula de psicomotricidade	Situada na planta baixa, ao fondo do salón de actos, esta aula está equipada para a realización de actividades de psicomotricidade cos alumnos de infantil, a mais de se usar para realizar apoios psicomotrices a alumnos/as con discapacidade e é tamén empregado polo alumnado de 1º curso para realizar unha sesión de EF.
Aula de inglés	A aula de idiomas sitúase no primeiro andar do edificio, entre a aula de informática e a de música. Non todas as clases de idiomas se poden dar nesta aula (hai un total de 38 horas de idioma por un máximo de 25 horas de ocupación) polo que se deu prioridade ao seu uso para os cursos máis altos que non estivesen integrados no proxecto Edixgal. Dotouse de ordenador, proxector, pantalla e sonorización.
Aula de PT (2º andar)	Dada a desaparición do programa de lingua e cultura portuguesa, esta aula pasa a ser utilizada para clases de apoio realizadas por persoal de PT e mestres non especialistas nesta área, dentro do programa de mellora da

Espazos	
	lectura da escritura e o cálculo
Salón de actos	Equipado con materiais audiovisuais, megafonía e escenario encóntrase na planta baixa do edificio. A máis de se empregar para a realización de festivais (nadal, letras galegas, teatro...) conta cunha aceptable programación de conferencias, proxección de vídeos educativos, exposicións.
Pavillón multiusos	Empregado para as clases de Educación Física de primaria. En horario de recreo, e baixo a supervisión do profesor Modesto Rodríguez Centrón, realízanse actividades lúdico-deportivas. Realízanse tamén actividades extraescolares organizadas pola ANPA ao mediodía (multideporte), e outras organizadas polo concello (patinaxe) a partires das 17h. Neste curso, do mesmo xeito que no anterior, e por mor da aplicación do protocolo anti-covid, as actividades de recreo e extraescolares organizadas pola ANPA están adiadas deica a mellora das condicións epidemiolóxicas.
A casaña	Edificio anexo ao colexio, antiga casa do conserxe, está equipado cunha casa de baño adaptada para as necesidades especiais dos alumnos/as con NEE. Neste edificio hai catro aulas (3 de PT e unha de AL) a máis do despacho da orientadora, no que se pretende colocar unha dependencia da biblioteca onde se concentre a bibliografía relativa a temáticas educativas. Dado o número de casos de alumnos con necesidades educativas especiais, e dentro deles, os que cómpren de aula específica, o espazo volveuse totalmente insuficiente para as necesidades do centro. Para resolver este problema habilitáronse aulas para PT e AL na ampliación do segundo andar do edificio principal, unha como aula específica de PT e outra compartida como almacén de material didáctico e para desdoubles nas horas de alternativas á relixión.
Local ANPA e cuarto Persoal Auxiliar Coidador (PAC)	Este pequeno cuarto, nun principio o camerino do escenario do Salón de actos, dispón de 1 ordenador portátil.
Aula de Música	Situada no primeiro andar, canda as aulas de inglés e informática, conta dunha dotación de instrumentos Orff, radiocasette con CD, teclado, pizarra con pentagramas, illamento acústico, teclado eléctrico e guitarra acústica.
Dino Radio e Aula Material Didáctico	Unha das aulas da zona central do segundo andar é o local de Dino Radio, a radio da Biblioteca do noso centro. O local está dotado con material de insonorización nas paredes, gradas para o público que asiste á gravación do programa, ordenador e mesa de mezclas. Tamén se emprega a aula como almacén dos recursos didácticos do colexio (balanzas, regras, mapas, láminas educativas, homes clásicos...). Ocasionalmente se pode empregar para algún desdobre ou clase de PT e AL.
Aula recursos mestres	Nesta aula almacénase material de papelería para uso do profesorado, dispónse de taquillas persoais e 5 ordenadores (5 de sobremesa), impresoras (1 en cores con recarga de tinta por botellas, sen cartuchos e 1 láser b/n) e escáner para a realización de traballos docentes.
Aulas do Polo Creativo	A aula do polo Creativo está situada fronte ao ascensor do primeiro andar do edificio. Nesta aula contamos con material para realizar gravacións audiovisuais, ferramentas variadas, impresión 3D, plastificadora, plotter, máquina de coser, carro de carga... Aínda estamos á espera do resto de dotación, nomeadamente de robótica, que por razóns loxísticas non chegou no curso pasado.
Aulas Abalar	Con motivo da posta en marcha do proxecto Abalar e a adhesión do centro a este proxecto, contamos con 4 aulas equipadas con miniportátiles do alumnado, portátil do profesor, PDI, carro de carga e rede WiFi.
Almacéns	Emprégase como almacén o garaxe da antiga casa do conserxe e máis o novo construído nun anexo ao pavillón.

7. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

7.1 Actividades complementarias

Xefe de Actividades Extraescolares e Complementarias : Modesto Rodríguez Centrón

Actividade	
Celebración da festa do Samaín	Celebración do día da árbore
Celebración da festa do Magosto	Celebración do día do Libro
Xornada da ciencia en galego	Mes das Letras Galegas
Festival de Nadal	Excursións de fin de curso
Celebración do Día da Paz	Actividades de dinamización da Biblioteca
Xornadas de xogos populares da Deputación	Participación na axenda 21
Celebración do Entroido	Programa de saídas didácticas “coñece o teu contorno”.
Outras saídas e excursións que se programen.	

7.2 Actividades extra-escolares

Neste momento as actividades extraescolares que están a se desenvolver no noso colexio son as de Madrugadores (dependente da asociación Madrugadores participada pola nosa ANPA) as promovidas pola ANPA Calabagueiros (pandeireta e canto, artes plásticas, pintura, ioga bilingüe, zumba) e as promovidas polo Concello do Barco (informática, obradoiro de inglés e xogos deportivos).

Tamén hai que sinalar a solicitude de uso do espazo do pavillón multiusos do centro para a realización dunha actividade de iniciación á patinaxe e atletismo, aberta a toda poboación escolar do Barco e organizada polas Escolas Deportivas do Concello.

8. Plan para a realización do transporte escolar e o regulamento da organización do servizo de comedor.

8.1.- Transporte escolar

MPRESA	ITINERARIO	PARADA
ATVISA	N. 1	Forcadela, Veigamuíños, A Proba
	N. 2	A Cerámica
MONBUS	N. 3	As Monxas
AUPSA	N. 4	Millarouso
	N. 5	Éntoma, A Barxa, Ucediños, O Serro
Taxi 1	N. 6	Vilabril
Taxi 2	N. 7	Ferradal

8.2.- Comedor escolar

Persoal

O persoal encargado do Comedor do C.E.I.P. P.“Condese de Fenosa” está integrado por:

1. A **directora**, M^a Carmen García Fernández, ou persoa na que delegue, que supervisa o funcionamento.
2. A **encargada de comedor**, Pilar Prada Rodríguez, que organiza o servizo de comidas
3. O **persoal colaborador** composto por:
 1. As **nais colaboradoras**, que atenden as necesidades que xorden no tempo de comedor, e que velan porque se cumpran as normas. Tamén realizan servizo de vixilancia no patio no tempo de lecer posterior ao servizo do comedor.
 2. **Mestr@s** colaboradores coas mesmas funcións e que asemade realizan actividades extraescolares gratuítas no tempo de lecer posterior ao servizo de comedor.
4. O **persoal laboral** composto por unha cociñeira e catro axudantes de cociñeira.
5. **Monitores especializados** para levar a cabo as actividades extra-escolares ofertadas polo Concello.
6. Tres **PAC**, que atenden ás necesidades dos nen@s con NEE ao seu cargo.

O **Plan de APPCC** (Análise de perigos e puntos de control críticos) do comedor escolar do centro é responsabilidade do persoal de cociña, e será supervisado periodicamente pola encargada do servizo e pola dirección do centro.

Aínda que o **Programa Educativo 5 ao día** pertencente á Campaña de Promoción do Consumo de Froitas e Hortalizas Frescas no Mercado Interior xa non existe, o noso comedor continúa traballando nesta liña de apostar polo consumo destes alimentos. Por este motivo desde o colexio promoveremos o consumo diario de ao menos 5 racións de froitas e hortalizas frescas entre a

poboación escolar, tentando ao mesmo tempo de concienciar ao alumnado sobre os beneficios que comporta para a saúde.

En canto ao funcionamento do servizo de Comedor, a normativa básica contéplase no Plan de funcionamento do mesmo, baseado no marco do **Decreto 132/2013, do 1 de agosto**, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Así mesmo baséase no cumprimento das esixencias establecidas na **regulamentación técnico-sanitaria para comedores colectivos**.

Neste curso cabe destacar tres aspectos fundamentais que favorecen a mellora das condicións deste servizo:

A ampliación a 15 o número de persoas coidadoras diarias. O persoal se divide en 8 nais e 4 mestres que asisten todos os días, e 1 nai e 7 mestres que realizan quendas de garda.

O alumnado de sexto retorna ao comedor como colaborador por quendas, axudando aos máis pequenos e atendendo ás súas necesidades, coa idea de aprender dende a responsabilidade e a colaboración cos demais.

Ao remate do comedor, @s nen@s poden optar ás actividades extraescolares ofertadas pola ANPA e polo Concello

Obxectivos xerais do comedor escolar

O comedor escolar é un espazo educativo onde os nenos/as aprenden hábitos alimenticios e normas de comportamento social na mesa. Este espazo permite, de forma efectiva e racional, aprender a comer. No Comedor Escolar foméntase unha actitude positiva cara unha alimentación saudable, partindo do estímulo que xera a aceptación das comidas por parte dos outros compañeiros/as.

No Comedor Escolar do CEIP “Condessa de Fenosa” tentaremos de :

- Potenciar unha oferta apetitosa, variada e de boa presentación, onde estean presentes factores culturais da nosa comunidade (orellas, ovos de Pascua, Aguinaldo).
- Incluír alimentos de todos os grupos para favorecer a dixestión e o contacto cos mesmos.
- Buscar a variación na cor, textura e métodos de cociñado.
- Valorar aspectos relacionados coa satisfacción do “comer con gusto”, de compartir e comunicarse.
- Proporcionar a toda a Comunidade Educativa, na medida das posibilidades, un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario.
- Aproveitar os procedementos establecidos pola Administración para ofrecer un servizo asistencial a determinados casos cun medio socioeconómico desfavorable.

- Atender coa mesma eficacia en canto a servizo alimentario, educativo e da saúde, na medida dos recursos cos que contamos, ao alumnado con alerxias, discapacitado ou que proveña doutras culturas.

Obxectivos específicos do comedor

- Subministrar un menú gastronómico a medio día equilibrado, variado e completo.
- Promover valores de respecto, urbanidade, valoración do traballo dos demais, uso de utensilios en función da súa estrita finalidade, aceptación mutua, compañeirismo e comprensión das vantaxes dunha boa relación na mesa.
- Promover hábitos adecuados en torno ao servizo, manipulación hixiénica dos alimentos, dominio dos xestos, da voz e do propio corpo para garantir a urbanidade adecuada no acto alimenticio.
- Promover diferentes habilidades: uso específico e efectivo dos cubertos, coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias mais saudables.
- Organizar o tempo de lecer como un espazo educativo de actividades non derivadas das propias obrigacións escolares: xogo libre, biblioteca, xogos de mesa, pintura...
- Fomentar a participación nas actividades en grupo respectando ás persoas, as normas, os materiais e os espazos.

Canles de información

- Profesorado: Taboleiros informativos, reunións...
- Pais e nais: notas informativas, páxina web do colexio.
- Nenos/as: Taboleiros informativos do comedor, avisos directos

9.- Presuposto do centro

Conceptos	Ingresos	Gastos	Saldo
Consellería de Educación	46000		
Reparación e conservación de mobiliario e enseres		12100	
Mantenemento e adquisicións da aula de informática		4000	
Material de oficina		4000	
Subministracións		7900	
Comunicacións		1700	
Excursións		7000	
Biblioteca		5600	
Gastos diversos		1050	
Saldo estimado ao remate do curso 2024-25			2650

Esta Programación Xeral Anual foi aprobada polo Claustro e Consello Escolar de Centro
Vº e Prace

A Directora

A inspectora de zona

Anexos

PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

INTRODUCCIÓN

NORMATIVA BÁSICA

DESTINATARIOS

MODALIDADE DE XESTIÓN

SOLICITUDE DE PRAZA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- PERSOAL
- FUNCIÓNS DAS PERSOAS VINCULADAS AO SERVIZO DE COMEDOR
- FUNCIÓNS DO DIRECTOR DO CENTRO
- FUNCIÓNS DA PERSOA ENCARGADA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR
- FUNCIÓNS DO PERSOAL LABORAL DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR
- FUNCIÓNS DO CONSELLO ESCOLAR
- FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE COMEDOR ESCOLAR
- FUNCIÓNS DO PERSOAL DE ATENCIÓN E VIXILANCIA
- FUNCIÓNS DAS FAMILIAS
- NORMAS DE COMPORTAMENTO DO ALUMNADO

OBXECTIVOS

- OBXECTIVOS XERAIS DO COMEDOR ESCOLAR
- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO COMEDOR

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

MEDIDAS DE SEGURANZA E HIXIENE

ANEXOS:

ANEXO I: MENÚS BASE

ANEXO II: NORMAS DE COMPORTAMENTO DO ALUMNADO

PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

INTRODUCCIÓN

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario voluntario, que forma parte do proceso educativo do alumnado, no que se ensinan hábitos alimentarios, edúcase aos nenos/as sobre como comportarse na mesa e sobre como gozar do tempo de lecer.

Por unha banda, o Comedor Escolar responde a unhas finalidades educativas e, por outra, dá resposta ás demandas sociais das familias, nas que cada vez é máis frecuente conciliar o horario laboral co horario escolar.

Igualmente o Comedor Escolar desempeña a función social de atender a alumnos que padecen unha situación socioeconómica familiar desfavorecida.

NORMATIVA BÁSICA

Este Plan de funcionamento do comedor escolar está baseado no marco do *DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.*

É xa que logo, unha guía informativa imprescindible para toda a comunidade educativa.

Así mesmo baséase no cumprimento das esixencias establecidas na **regulamentación técnico - sanitaria para comedores colectivos.**

DESTINATARIOS

- Alumnado usuario de Comedor Escolar.
- Equipo Directivo.
- Encargada de comedor.
- Profesorado colaborador.
- Persoal de cociña.
- Persoal de atención e vixilancia
- Profesorado non colaborador que utilice os seus servizos.

MODALIDADE DE XESTIÓN

Xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario docente e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercen as funcións recollidas na lexislación vixente.

SOLICITUDE DE PRAZA DO SERVICIO DE COMEDOR ESCOLAR

Terá a condición de usuario de Comedor Escolar, o alumnado deste centro dependente da Consellería de Educación que obteña praza, o persoal docente e non docente vinculado á organización do comedor ou na atención dos alumnos comensais, o persoal de cociña destinado no centro, os cuidadores de educación especial, o persoal docente e non docente do centro sempre que existan prazas libres dotadas economicamente.

Terá prioridade o alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar. O resto do alumnado do centro, poderá facer uso do servizo sempre que haxa praza dispoñible. A contía a pagar dependerá do establecido no actual decreto de comedores.

No caso de que existise maior número de solicitudes que prazas de comedor, atenderase na concesión das solicitudes á seguinte orde de prioridade, ao abeiro da lexislación vixente:

- Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal foi admitido.
- Alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar.
- Alumnado en situación socioeconómica desfavorable o que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditada con informe da asistente social do concello que corresponda.

- Alumnado membro de familias numerosas.
- Alumnado, fillos de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dous seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
- Outro alumnado do centro.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

PERSOAL

O persoal que atende o funcionamento do comedor do CEIP “Condessa de Fenosa” está integrado por:

- A **directora** do centro, M^a Carmen García Fernández, ou persoa na que delegue, que supervisa o funcionamento.
- A **encargada de comedor**, Pilar Prada García
- Ambos son os responsables do funcionamento do Comedor Escolar.
- O **persoal laboral** composto por unha cociñeira e tres axudantes, que se ocupan da elaboración de comidas en base aos menús aprobados polo Consello Escolar.
- **Persoal de atención e vixilancia**, coidadores/as: integrado por profesorado e por pais/nais do alumnado nas condicións e número esixido segundo o número de comensais e a lexislación vixente.

FUNCÍONS DAS PERSOAS VINCULADAS AO SERVIZO DE COMEDOR

(Ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

- **FUNCÍONS DA DIRECTORA DO CENTRO**
 - Elaborar coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento como parte integrante da programación xeral anual do centro.
 - Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
 - Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
 - Estudiar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
 - Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
 - Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
 - Facer as contratacións de subministración, se for o caso, de acordo coa lexislación vixente.
 - Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
 - Presidir, se for o caso, a comisión do servizo de comedor escolar.
 - Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.
- **FUNCÍONS DA PERSOA ENCARGADA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**
 - Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
 - Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
 - Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
 - Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
 - Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.

- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar
- **FUNCIÓNS DO PERSOAL LABORAL DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**
 - Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordadas coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:
 - Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.
 - Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
 - Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
 - Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
 - Informar o encargado do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo.
 - Colaborar no seguimento dos protocolos de seguraza e hixiene e de riscos laborais.
 - Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.
- **FUNCIÓNS DO CONSELLO ESCOLAR**
 - Aprobar dentro da normativa vixente un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar. Este protocolo será parte integrante do regulamento orgánico do centro.
 - Aprobar o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo, como parte anual do orzamento de gastos.
 - Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos nesta orde.
 - Aprobar o plan de actividades educativas e recreativas que desenvolverá alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
 - Aprobar a creación da comisión do servizo de comedor escolar.
 - Aprobar os menús de acordo coas necesidades de alimentación do alumnado, por proposta da comisión do servizo de comedor escolar.
- **FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE COMEDOR ESCOLAR**
 - Será a mesma comisión económica do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor.
 - Elaborar o borrador de anteproxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
 - Colaborar co equipo directivo e o encargado do servizo de comedor, se for o caso, na xestión económica - administrativa dos fondos do servizo de comedor.
 - Propoñer ao consello escolar os menús, de acordo cun programa de alimentación sa e equilibrada.
 - Elaborar e propoñer ao consello escolar un plan de actividades que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
 - Seguimento do servizo de comedor, formulando propostas de mellora, se é o caso, ante o consello escolar.
 - Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.
 - Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo de comedor.
- **FUNCIÓNS DO PERSOAL DE ATENCIÓN E VIXILANCIA**
 - Vixilancia, acompañamento e custodia dos nenos/as desde a saída de clase, durante a comida e ata o final do horario de comedor na comida de mediodía ata a incorporación o seu grupo nas filas de entrada a clase ou de entrega os seus pais ou persoa encargada no caso de non haber clase á tarde.

- Atención e vixilancia do alumnado en calquera das dependencias onde se desenvolve a actividade
- Desenvolver o programa de actividades elaborado para antes e/ou despois da comida.
- Atención e ensinanza aos comensais de hábitos de comportamento, hixiánicos, sociais e manipulativos no comedor, así como o coidado do enxoval de comedor.
- Colaborar nas tarefas e cometidos relacionados co comedor que a encargada suxira.
- Comunicación ao director ou á encargada de comedor, de palabra ou por escrito, segundo a gravidade dos feitos as incidencias que, en contra do normal funcionamento e a convivencia, se produzan polos alumnos comensais.
- Axuda os alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- **FUNCIONAMENTO DAS FAMILIAS**
 - Favorecer e cooperar para o adecuado cumprimento das normas establecidas.
 - Colaborar co profesorado e coidadoras no bo funcionamento do comedor escolar, inculcando aos seus fillos/as desde casa, hábitos de respecto cara as persoas (compañeiros, persoal de cociña, coidadoras, profesores...) e as cousas (enxoval do comedor); hixiene alimenticia; bo comportamento dentro e fóra do comedor escolar; etc.
 - Suxerir de cantas iniciativas e aportacións consideren necesarias para a mellora no servizo de comedor escolar.
 - Comunicar ao Centro por escrito, debidamente acreditado, as posibles alerxias e réximes especiais dos seus fillos/as.

FUNCIONAMENTO

O servizo de comedor escolar é de luns a venres en horario de 13:45 a 15:10.

Para a comida de mediodía o alumnado de Educación Primaria, ao saír de clase, baixará en fila co profesorado ata o comedor.

O alumnado de Educación Infantil permanecerá no corredor das súas respectivas clases, onde serán recollidos polo profesorado de apoio e as nais coidadoras.

A proporción entre coidador/a e alumnado será a establecida na normativa vixente.

No comedor respectaranse as normas de hixiene e os hábitos alimenticios adecuados. O alumnado lavarase as mans antes de comer.

Accederase ao comedor ordenadamente, sentándose cada un no seu lugar. Cada coidadora farase cargo sempre do mesmo grupo de nenos/as.

O alumnado manterá un comportamento respectuoso cos seus compañeiros e persoal de comedor Non se sairá do comedor e non se levantarán da mesa durante o servizo de comida (salvo excepcións).

Todos os alumnos recibirán igual menú que lles será anticipado mensualmente. A dirección do centro programará os menús de 4 a 6 semanas de acordo con criterios de alimentación san e equilibrada do alumnado. Este menú será o mesmo para todos os comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro.

Non obstante, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria medicamente documentada disporá dun menú adecuado ás súas necesidades, dentro das posibilidades.

Coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos e fillas, de acordo cos criterios dunha alimentación saudable e equilibrada, a programación dos menús expoñerase no taboleiro de anuncios do centro, colgarase na páxina web do colexio e darase a coñecer aos pais e nais do alumnado usuario do comedor escolar mediante os Cadernos de nais e Pais.

A través dos Cadernos de Pais e Nais tentamos de dar a coñecer comportamentos alimentarios que permiten un estilo de vida saudable e de mandar información sobre temas de interese relacionados coa alimentación.

As dietas brandas notificaranse por escrito á Encargada do Comedor. Non se fará comida especial, senón que se adaptará á dieta o menú diario.

O persoal de atención e vixilancia preocuparase de que toda a comida que se sirva se coma. Non se pode sacar ningún tipo de comida do Comedor, así como inxerir sen permiso ningún alimento que non se sirva no mesmo.

Todos o alumnado de comedor debe permanecer no recinto escolar e nos lugares asignados para o horario de comedor. O alumnado só poderá abandonar os lugares asignados co coñecemento dos coidadores. Cando por motivo xustifico un alumno/a deba ser recollido antes da hora de saída, presentarase o correspondente xustificante do pai, nai ou titor.

As coidadoras deberán saber sempre onde se atopan os nenos que estean ao seu coidado. Vixiarán permanente aos alumnos/as para facer cumprir as normas establecidas e evitar pelexas e accidentes.

Ademais entregarán o material de xogo ao alumnado que o solicite e controlarán que os xogos queden gardados e ordenados un cuarto de hora antes da entrada.

No caso de que os propios alumnos/as non se poñan de acordo, organizarán quendas para as actividades deportivas.

Controlarán as portas do corredor. Só unha permanecerá aberta así como as portas dos aseos do soportal.

Encargaranse de comprobar que todas as portas do recinto estean sempre pechadas.

Se algún alumno/a necesita coller algo do aula, acompañaranlle. Nunca irá só o alumn@.

Durante a comida cada coidadora terá ao seu cargo varias mesas de comensais orientándolles no uso correcto dos cubertos, supervisando a repartición equitativa da comida, tomando nota daqueles alumnos que sistematicamente non coman, axudando a servir as mesas ao equipo de alumnos encargado diso e en xeral resolvendo as incidencias que se presenten. No comedor o labor das coidadoras é fundamentalmente educadora e coidadora.

As coidadoras manterán informados ao director e/ou á encargada de comedor das anomalías que poidan ocorrer (nenos que non comen, mal comportamento, asistencia). Tamén recibirán esta información os pais e titores. Para os días de choiva e frío disporanse, no interior do centro, de lugares e de actividades previamente asignados e programadas.

As coidadoras, ao finalizar o horario do comedor, acompañarán aos nen@s ata as filas.

Procurarán que se laven as mans e sacudan a area si a actividade realizada o esixira, entregándollos persoalmente aos seus titores.

En xuño e setembro, acompañaranos ata o transporte ou ata a saída, que se fará por dúas portas, unha para Primaria e outra para Infantil.

NORMAS DE COMPORTAMENTO DO ALUMNADO

A utilización do servizo de comedor supón a aceptación e cumprimento das normas. (Ver anexo II)

Ante o incumprimento das normas falarase co neno/a. Tratarase que comprenda que a súa actuación é inadecuada e pediráselle que rectifique. Procurarase que asuma as consecuencias das súas actuacións e ofreceráselle condutas alternativas. Habitualmente serán as coidadoras as encargadas de manter a orde, a convivencia e a disciplina no comedor escolar. Nos casos nos que o diálogo non sexa suficiente, poderase impor medidas correctoras como apartar ao neno/a da súa mesa durante un tempo ou privar ao neno/a do recreo ou actividade posterior á comida. Ningún comensal poderá ser sancionado privándolle de toda ou parte da minuta do día.

O alumnado comensal que manteña unha conduta negativa será sancionado polo equipo de Comedor. Se a falta é reiterada ou grave será sometido ao criterio do director, da encargada de comedor ou mesmo da Comisión de Comedor.

OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS DO COMEDOR ESCOLAR

O comedor escolar é un espazo educativo onde os nenos/as aprenden hábitos alimenticios e normas de comportamento social na mesa. Este espazo permite, de forma efectiva e racional, aprender a comer.

No Comedor Escolar foméntase unha actitude positiva cara unha alimentación saudable, partindo do estímulo que xera a aceptación das comidas por parte dos outros compañeiros.

No Comedor Escolar do CEIP “Condessa de Fenosa” tentaremos de :

- Potenciar unha oferta apetitosa, variada e de boa presentación, onde estean presentes factores culturais da nosa comunidade(orellas, ovos de Pascua, Aguinaldo).
- Incluír alimentos de tódolos grupos para favorece-la dixestión e o contacto cos mesmos.
- Busca-la variación no color, textura e métodos de cociñado.
- Valorar aspectos relacionados coa satisfacción do “comer con gusto”, de compartir e comunicarse.
- Proporcionar a toda a Comunidade Educativa, na medida das posibilidades, un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario.
- Aproveita-los procedementos establecidos pola Administración para ofrecer un servizo asistencial a determinados casos cun medio socioeconómico desfavorable.
- Atender ca mesma eficacia en canto a servizo alimentario, educativo e da saúde, na medida dos recursos cos que contamos, ao alumnado con alerxias, discapacitado ou que proveña doutras culturas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO COMEDOR

- Subministrar un menú gastronómico a medio día equilibrado, variado e completo.
- Promover valores de respecto, urbanidade, valoración do traballo dos demais, uso de utensilios en función da súa estrita finalidade, aceptación mutua, compañeirismo e comprensión das vantaxes dunha boa relación na mesa.
- Promover hábitos adecuados en torno ao servizo, manipulación hixiénica dos alimentos, dominio dos xestos, da voz e do propio corpo para garantir a urbanidade adecuada no acto alimenticio.
- Promover diferentes habilidades: uso específico e efectivo dos cubertos, coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias mais saudables.
- Organizar o tempo de lecer como un espazo educativo de actividades non derivadas das propias obrigacións escolares: xogo libre, biblioteca, xogos de mesa, pintura...
- Fomentar a participación nas actividades en grupo respectando ás persoas, as normas, os materiais e os espazos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades de tempo libre no horario de comedor fundamentalmente desenvolveranse a través do xogo.

O obxectivo das mesmas é ocupar en actividades creativas e educativas o tempo de lecer e fomentar hábitos sociais en situacións de xogo.

Actividades que se ofertan ao alumnado:

- Xogos espontáneos.
- Actividades deportivas e xogos de exterior.
- Xogos tradicionais: a goma, a corda, a pita cega, as agachadas, as bólas, o parrulo inglés, as chapas, o pañuelo, polis e cacos, o rato e o gato, pés quedos, as catro esquinas, pilla - pilla...
- Xogos dirixidos.
- Xogos de patio de carácter sensomotriz, utilizando no seu caso materiais como pelotas brandas, aros, cordas, area, etc.
- Tempo para o estudo, traballo persoal e para a lectura.
- Tempo para o uso dos ordenadores.
- Xogos de mesa (damas, parchís, xadrez, dominó, etc)
- Actividades audiovisuais: películas de debuxos animados (non violentos) ou de carácter educativo.
- Actividades dirixidas por monitores (pintura, inglés)
- Toda clase de actividades que poida xurdir e/ou suxerir o alumnado e que sexa viable e axude ao desenvolvemento da súa personalidade.

MEDIDAS DE SEGURANZA E HIXIENE

Co fin de garantir a seguridade alimentaria dos usuarios do Comedor Escolar e a correcta hixiene dos produtos alimenticios existe un documento elaborado no centro chamado APPC (Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico).

É un sistema con base racional e científica, cun enfoque sistemático e preventivo, utilizado para identificar, avaliar e controlar os posibles perigos atopados durante a produción, procesamento, manufactura, almacenamento, preparación e uso dos alimentos.

O sistema de autocontrol nos comedores escolares será executado pola encargada de comedor e polo persoal responsable do seu control designado polo director do centro.

ANEXO II: NORMAS DE COMPORTAMENTO DO ALUMNADO

- **Dentro do edificio:**
 - Desprazarse andando. Non correr dentro do edificio.
 - Permanecer na planta baixa.
 - Non quedar nas aulas se non é coa presenza dun profesor.
 - Respetar e coidar as instalacións.
 - Respetar o silencio dentro do edificio. Falar cun volume de voz adecuado.
 - Utilizar as papeleiras.
 - Permanecer nos aseos o tempo necesario. Non son lugares para xogar.
- **No patio:**
 - Respetar e coidar as instalacións
 - Permanecer sempre no recinto escolar. Non se pode saír á rúa sen autorización.
 - Non colgarse das porterías deportivas para evitar accidentes.
 - Utilizar as papeleiras
- **No comedor:**
 - Entrar en silencio e colocarse sempre no mesmo sitio, salvo cambio autorizado por unha coidadora ou profesor.
 - Falar baixo durante a comida, sen gritar, e prestar atención ás indicacións.
 - Comer un pouco de todo, sen desperdiciar comida.
 - Procurar comer utilizando correctamente o cuberto, evitando falar coa boca chea.
 - Repetir do 1º e 2º prato, sempre que coman de ambos e permítano as existencias da cociña.
 - Non levantarse da mesa sen autorización.
 - Os alumnado de maior idade axudará a comer aos pequenos/as da súa mesma mesa se así o precisan. Ademais servirán o comedor, seguindo as instrucións e quendas organizadas pola profesora encargada.
 - Evitar tirar ao chan cubertos ou restos de comida. Se o fixeron haberán de recollelos antes de marcharse.
 - Non entrar na cociña. A comunicación coas cociñeiras ha de realizarse pola fiestra de servizo.
 - Efectuar a saída de modo organizado seguindo as indicacións do persoal de atención e vixilancia.
 - Obedecer ao persoal de vixilancia e tratalo co respecto debido.
- **Na biblioteca:**
 - Respetar o silencio dentro dela. Non é lugar de xogos bruscos.
 - Deixar no sitio indicado os libros logo de utilizalos.
 - Deixar o mobiliario ordenado ao saír dela e utilizar as papeleiras.

PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

CURSO 2024-2025

INTRODUCCIÓN

O plan de actuación do Departamento de Orientación (DO) trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro en materia de Orientación Educativa.

Ao comezo de cada curso, o departamento de orientación elaborará a proposta das accións prioritarias que se desenvolverán ao longo do curso e que formarán parte da programación xeral anual. No presente documento recóllense, pois, as principais accións a desenvolver durante o curso actual, o profesorado responsable de cada actuación e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións son susceptibles de modificacións ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A composición do Departamento de Orientación queda establecida no artigo 4 do Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. É a seguinte:

Profesorado de Pedagogía Terapéutica	M ^a Nieves Fernández Dobarro Salomé Otero Guldrís Elisa Puente Murias Paula Pérez Aboal
Profesorado de Audición e Linguaxe	Francisco de Vitorino García Amparo Gama González
Coordinadores de ciclo	Ensino Infantil: Carmen Otero Rodríguez 1º ciclo: María Nieves Alejandro Lorenzo 2º ciclo de EP: Modesto Rodríguez Centrón 3º ciclo de EP: Estela García Dosouto
Xefa do Departamento de Orientación	Natalia Longo González

O DO mantén unha dobre coordinación:

- Interna: Equipo Directivo, Xefatura de Estudos, Equipos Docentes, Tutores/as, Profesorado especialista, Persoal Auxiliar Coidador (PAC).
- Externa: Inspección Educativa, Equipo de Orientación Específico, Familias, IES “Lauro Olmo” (ao que está adscrito o alumnado do centro), Gabinetes privados, Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, Unidade de Atención Temperá, Unidade de Pediatría (Servizos do SERGAS), Servizos Sociais do Concello, Menores, Asociacións (ARELA; Meniños) etc.

HORARIOS

Horario da xefatura do departamento de orientación

Tendo en conta a diversidade de actuacións e de ámbitos a atender é preciso facer constar que o horario da xefa do departamento de orientación ten un carácter flexible e aberto.

Dentro do mesmo dedícase o tempo á atención ao profesorado, ás familias, ao alumnado, así como ao resto de tarefas da Xefatura do Departamento de Orientación.

CALENDARIO DE REUNIÓN. CALENDARIO XERAL

Ciclos	Martes/mércores. Periodicidade semanal
CCP	1º luns de cada mes
Departamento de orientación	2º luns de cada mes
EDNL, Biblioteca, Comisión Ambiental...	3º luns de cada mes
Comisión vida saudable	4º luns de cada mes
Coordinación co equipo directivo	Mércores 1ª hora. Periodicidade semanal
Coordinación co profesorado de apoio	Martes. Periodicidade quincenal.
Coordinación co profesorado tutor	A demanda
Coordinación PAC	A demanda

CRONOGRAMA DAS TAREFAS REALIZADAS POLO DEPARTAMENTO

1º TRIMESTRE	DATA	ACTIVIDADES A REALIZAR
	SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Colaboración co equipo directivo na Programación Xeneral Anual do centro educativo (PXA), así como noutros documentos do centro (Plan de traballo da coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia). • Organización das medidas de apoio á diversidade. • Revisión das listas de alumnos/as que reciben reforzo ou apoio. • Elaboración da mesma e autorización dos apoios da directora do centro. • Elaboración de horarios para ACNEAE. • Organización dos apoios: distribución horarios, alumnado e espazos. • Reunións do profesorado de apoio e orientadora. • Elaboración do plan de traballo de orientación e as accións prioritarias para o presente curso. • Revisión da concreción anual do Plan de Orientación. • Reunións coas familias do alumnado de novo ingreso (Levaranse a cabo cando a familia o estime preciso). • Asesoramento e tramitación das becas do MEC para ACNEAE. • Colaboración no proceso de avaliación inicial do alumnado. • Sesións de avaliación inicial entre os equipos docentes e a orientadora. • Colaboración na acollida do novo alumnado. • Adquisición das probas estandarizadas para pasar en 1º, 3º e 5º

		de EP.
	OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Constitución do Departamento de Orientación, curso 2024-2025. • Presentación e aprobación do Plan de Accións Prioritarias e da concreción do PXAD no claustro e noutras estruturas de Coordinación Pedagóxica. • Elaboración de ditames de alumnado con NEE de nova incorporación. • Seguimento e revisión do alumnado proposto para AC neste curso. • Información ás familias do alumnado que está a recibir unha resposta adaptada reforzo, apoio, adaptación curricular..
	NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Colaboración na identificación de posibles barreiras de aprendizaxe • Colaboración para prevención e detección precoz de posibles dificultades. • Organización e seguimento dos programas de intervención. • Reunións persoais con titores para análise dos seus cursos, presentación de propostas para o curso e control da acción tutorial. • Cubrir o Documento de Recollida de Datos (DRD) • Realización das probas estandarizadas en 3º de EP.
	DECEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Colaboración na preparación das sesións de avaliación trimestral. • Seguimento do Plan de Accións Prioritarias e da concreción anual do PXAD. • Seguimento das medidas de atención á diversidade adoptadas e dos resultados das mesmas. • Colaboración na elaboración de informes trimestrais do ACNEAE. • Realización das probas estandarizadas en 1º de EP. • Corrección dos resultados das probas estandarizadas colectivas.
2º TRIMESTRE	XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> • Análise dos resultados da primeira avaliación e propostas de medidas de mellora. • Reestruturar as medidas de atención á diversidade en función dos novos casos. • Coordinar o plan de traballo para o segundo trimestre, realizando posibles modificacións. • Revisión psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que finaliza a educación primaria.
	FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none"> • Seguimento do plan de orientación. • Revisión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que finaliza a educación infantil.
	MARZO	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud de flexibilización ou anticipación do período escolar do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. • Ditames de alumnado con proposta de cambio de modalidade educativa. • Preparación das sesións de avaliación.
3º TRIMESTRE	ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión das medidas para atender á diversidade do alumnado na aula ordinaria.

		<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación do traballo realizado durante o segundo trimestre. • Reestruturación das medidas de atención á diversidade en función dos resultados obtidos na segunda avaliación. • Coordinar o plan de traballo para o terceiro trimestre, realizando posibles modificacións.
	MAIO	<ul style="list-style-type: none"> • Preparación das sesións de avaliación. • Colaboración cos titores/as na toma de decisión sobre a promoción de curso do alumnado. • Colaboración para favorecer a transición do alumnado de educación primaria a secundaria. • Información sobre os documentos que debe cubrir o profesorado en relación ao final de curso. • Reunión coa xefatura de estudos do IES "Lauro Olmo". • Organización do traspaso de información do ACNEAE por cambio de etapa ou centro. • Orientación ás familias e ao alumnado que finaliza a etapa de educación primaria. • Preparación dos informes finais do ACNEAE que pasa a ESO.
	XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> • Reunións coas familias de alumnado de novo ingreso. • Seguimento psicopedagóxico do ACNEAE. • Cubrir a estatística de atención á diversidade (Dradi), de orientación (DRDorienta) e de réxime especial (drdespe). • Avaliación do traballo realizado durante o terceiro trimestre. • Elaboración da previsión de alumnado de apoio para o seguinte curso. • Elaboración da Memoria final sobre o traballo do Departamento de Orientación. • Presentación ao equipo directivo das propostas de mellora para o vindeiro curso. • Revisión, orden e limpeza de materiais, recursos, arquivos, informes, rexistros e ordenador. • Solicitudes do material didáctico para ACNEAE.
DURANTE TODO O CURSO		
<ul style="list-style-type: none"> • Dirección, coordinación e mellora permanente do traballo do departamento. • Participación nos claustros e noutras estruturas de coordinación pedagóxica. • Preparación, desenvolvemento, seguimento e axuste permanente do programado a novas necesidades e demandas. • Atención ás demandas puntuais do alumnado, profesorado, órganos do centro e familias. • Atención a casos de alumnos específicos (convivencia, abandono, absentismo, demandas do profesorado ou das familias, colaboración con servizos sociais ou centros de saúde...). • Colaboración para a intervención en problemas de conduta. • Canalización das demandas de avaliacións psicopedagóxica que poidan xurdir. • Asesoramento e colaboración no desenvolvemento de programas de mellora. • Coordinación co profesorado de apoio • Elaboración de materiais psicopedagóxicos e enriquecemento dos recursos do departamento. • Organización dun banco de recursos nas aulas virtuais das aulas de apoio e do Departamento. 		

- Coordinación co equipo directivo.
- Colaboración co centro e co seu plan anual de actividades.
- Contacto e coordinación cos servizos externos ao centro.
- Asesoramento para a colaboración familia-escola. Charlas coas familias cando sexa preciso.
- Revisión dos documentos do centro, engadindo novas achegas.

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Ámbitos de actuación	Niveis	Obxectivos, actuación e responsables para cada nivel
Asesoramento á institución	<ul style="list-style-type: none"> • Centro • Alumnado • Profesorado • Familias • Servizos e institucións externas ao centro 	<ul style="list-style-type: none"> • Os obxectivos que se pretenden conseguir. • As actuacións que se pretenden levar a cabo. • Os responsables de cada actuación.
O apoio ao proceso de ensino- aprendizaxe		
O asesoramento e orientación académica e profesional		
Apoio á colaboración familia-escola		
Colaboración con outros servizos e institucións		

DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS PRIORITARIOS DO DEPARTAMENTO

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN		RESPONSABLES
ASESORAMENTO Á INSTITUCIÓN		
Colaborar co equipo directivo na elaboración da Programación Xeral Anual		Equipo directivo; claustro; XDO
Colaborar na realización do Plan de Benestar e Convivencia		Equipo directivo; Comisión de Convivencia; Claustro; DO; XDO
Colaborar na revisión do Plan de Orientación		Equipo directivo; Claustro; DO; XDO
Colaborar na revisión dos distintos documentos do centro e na memoria de final de curso		Equipo directivo; Claustro; DO; XDO
Completar os anexos dos distintos plans: Plan de Convivencia, Plan de Igualdade, Plan Xeral de Atención á Diversidade		Equipo directivo, XDO

Contribuír a deseñar actuacións que fomenten a convivencia escolar e a igualdade de xénero	XDO; Equipos docentes; Claustro
Contribuír á actualización dos guións das reunións trimestrais coas familias	Equipo directivo; Equipos docentes; XDO
Asesorar na posta en marcha das medidas de atención a diversidade	Equipo directivo; XDO
Revisar e aprobar as listas de alumnado susceptible de apoio	Equipo directivo; XDO
APOIO AO PROCESO DE ENSINO - APRENDIZAXE	RESPONSABLES
Contribuír a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades	XDO; DO; CCP
Colaborar co profesorado na elaboración e programación de actividades e na toma de medidas específicas de axuda co alumnado que o precise	Titor/a; XDO; DO
Mellorar o seguimento e atención individual do alumnado en situación de risco ao longo do curso	XDO, Profesorado
Contribuír a prever as dificultades de aprendizaxe e a deseñar os mecanismos de reforzo	XDO; DO; CCP
Establecer unha serie de medidas coordinadas que permitan corrixir eficazmente as posibles dificultades	XDO; DO; CCP
Realizar a avaliación psicopedagóxica	XDO; EOE
Facilitar o labor do profesorado titor no desenvolvemento do PAT, do plan de igualdade e de convivencia, proporcionando recursos	XDO
Implicar ao profesorado na acción titorial compartida no seguimento e apoio do proceso de aprendizaxe de cada alumno/a	XDO; Equipo directivo
Colaborar co conxunto do profesorado na posta en marcha e seguimento das medidas de atención educativa	XDO; Profesorado titor e de apoio
Informar ás familias de alumnado con neae (ACNEAE) das medidas que se están a aplicar e do seu resultado	Titor/a; Profesorado de apoio; XDO
ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	RESPONSABLES
Implicar ao Centro na coordinación de accións que favorezan a adaptación do novo alumnado e o tránsito do mesmo entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo	Equipos docentes; XDO
Deseñar accións que fomenten a coordinación entre o centro e o Instituto	XDO, Centro, IES
Contribuír ao desenvolvemento de actividades encamiñadas a que o	Profesorado; DO; CCP

	alumnado adquira unhas capacidades que lle permitan saber tomar decisións, así como coñecerse e valorarse de forma axustada as súas propias capacidades, motivacións e intereses	
	Establecer as medidas que permitan asesorar, informar e orientar ao alumnado e ás familias nos momentos decisivos da historia escolar do alumnado: inicio da escolarización, períodos de transición	XDO
	Ofertar información sobre o itinerario escolar ao remate da Educación Primaria	XDO
	Posibilitar que o alumnado adquira un coñecemento do mundo do traballo, das ocupacións e os procesos que favorecen a transición á vida activa, á inserción laboral e á formación ao longo da vida, tendo en conta a perspectiva de xénero	Profesorado; XDO
APOIO Á COLABORACIÓN FAMILIA-ESCOLA		RESPONSABLES
	Favorecer a colaboración das familias co centro e a súa implicación nas tarefas educativas	XDO; Equipo directivo; Profesorado; Familias
	Asesorar ás familias para favorecer o desenvolvemento e o benestar do alumnado	XDO; Profesorado; Familias
COLABORACIÓN CON OUTROS SERVIZOS E INSTITUCIÓNS		RESPONSABLES
	Previr e detectar dificultades e/ou problemas que poidan afectar ao proceso de aprendizaxe e benestar do alumnado, realizando a derivación a servizos especializados se fose necesario	XDO; Prof. Titor; Servizos externos
	Contribuír ao fomento das relacións con aqueles servizos e institucións que prestan atención socio educativa e sanitaria ao noso alumnado no marco dunha intervención multiprofesional	XDO; Servizos externos

DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS DO DEPARTAMENTO

ASESORAMENTO Á INSTITUCIÓN		RESPONSABLES
	Colaborar na elaboración/revisión dos distintos documentos do centro: Plan de Orientación, Plan de traballo da coordinadora de benestar e convivencia	Equipo directivo; CCP; DO; XDO
	Completar os distintos plans cos anexos: programa de habilidades sociais, de educación emocional	Equipo directivo; CCP; DO; XDO
	Revisar estes documentos de xeito que se planifiquen e ordenen sistematicamente as tarefas a realizar durante o curso	Equipo directivo; CCP; DO; XDO

	Colaboración na realización da memoria de final de curso do centro	Equipo Directivo; XDO; Claustro
	Elaborar a memoria final do Plan xeral de atención á diversidade e do DO	DO
	Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero ou outras causas	Equipo Directivo; XDO; Outros
	Difundir entre o profesorado e a comunidade educativa os plans e protocolos que existen no centro	DO; CCP; Equipo directivo; Claustro; Consello Escolar
	Mellorar os procedementos de transmisión e coordinación entre os membros do Departamento e os ciclos, pois aínda que se realizan reunións semanais, en moitas ocasións os asuntos urxentes non deixan tempo para tratar outros asuntos menos urxentes mais non menos importantes	Equipo Directivo; DO; CCP; Ciclos
	Favorecer a coordinación e coherencia interniveis, dentro das competencias que temos como DO	Equipo Directivo; DO; CCP; Ciclos
	Programar tempos para realizar reunións informativas a comezo de curso cos temas que se consideren máis relevantes.	Equipo directivo; claustro; XDO
APOIO AO PROCESO DE ENSINO - APRENDIZAXE		RESPONSABLES
	Organizar os espazos e instalacións para a orientación	Equipo directivo; XDO
	Realizar o seguimento individual do alumnado coa intención de prever a aparición de dificultades de aprendizaxe e poñer en marcha as medidas de apoio necesarias	Prof. Titor; XDO
	Realizar unha avaliación inicial en todos os cursos para detectar as dificultades de aprendizaxe desde o inicio	Equipo docente; XDO
	Asesorar e apoiar ao profesorado sobre actividades de acollida para o alumnado de nova incorporación	Profesorado titor; XDO
	Recoller información sobre o alumnado de novo ingreso	Equipo docente; XDO; Secretaría
	Propoñer actividades encamiñadas á integración e cohesión grupal, con atención prioritaria ao alumnado do novo ingreso	XDO; DO; CCP
	Fomentar metodoloxías inclusivas: modelo SEM, docencia compartida, aprendizaxe cooperativa, tutoría entre iguais... como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta neae dentro das clases tan numerosas	Equipo Directivo; XDO; Profesorado
	Fomentar os apoios dentro da aula co profesorado de apoio concibido como docencia compartida	Equipo Directivo; XDO;

		Profesorado
	Promover a mellora da convivencia e do clima escolar no centro educativo para avanzar nun modelo de convivencia positiva e no logro dunha cultura de paz, a través da implementación de programas educativos	XDO, CCP, profesorado
	Desenvolver estratexias e recursos para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos	XDO, CCP, Equipos docentes
	Realizar as probas colectivas en 1º, 3º e 5º de EP	XDO; Profesorado titor
	Actualizar as avaliacións psicopedagóxicas de todo o alumnado que teña apoio do profesorado especialista de PT e AL	XDO; Familia e profesorado; Servizos externos (EOE...)
	Realizar a avaliación psicopedagóxica de novos casos detectados	XDO; Servizos externos
	Recopilar toda a información da que dispón o centro con respecto á situación persoal, social, académica... do alumnado a avaliar	XDO
	Poñer en marcha e seguimento das medidas de atención educativa	XDO; Profesorado
	Organizar os apoios ao ACNEAE e elaborar os horarios do profesorado de apoio	XE; XDO; Profesorado de apoio
	Participar nas sesións de avaliación trimestrais	XDO; Equipo docente
	Recollida en acta da información das sesións trimestrais de avaliación, así como da análise dos resultados das avaliacións e das medidas de mellora	XDO; Equipo docente
	Establecer unha serie de medidas coordinadas que permitan atender á diversidade do alumnado na aula ordinaria: adaptacións curriculares, adaptacións curriculares non significativas, programas de reforzo...	XE; XDO; DO; CCP
	Realizar o seguimento do alumnado en risco de non promoción	Titor/a; XDO
	Realizar un especial seguimento do alumnado repetidor e daquel outro que promocionou con materias non superadas (Plan de recuperación)	Titor/a; XDO
	Elaborar as adaptacións curriculares que sexan necesarias para o alumnado que presente unha dificultade de aprendizaxe que lle impida seguir o normal desenvolvemento do seu grupo clase	Equipo docente; XDO
	Plasmar por escrito nun documento para tal efecto as adaptacións curriculares non significativas do alumnado con necesidades (TDAH, TEA, Dificultades Específicas de Aprendizaxe etc)	Equipo docente; XDO
	Informar ás familias de alumnado con neae das medidas que se están a	Titor/a; Profesorado de

aplicar e do seu resultado	apoio; Familias; XDO
Recompilar actividades para a acción tutorial na aula virtual e no blogue de orientación	XDO; DO
Facilitar ao profesorado titor os recursos e materiais que estes requiran para a realización de actividades que se acordaran dentro da tutoría	XDO
Deseñar actividades específicas de comunicación e expresión das emocións enmarcadas dentro do Plan de acción tutorial	XDO; DO, Ciclos, CCP
ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	RESPONSABLES
Recoller as propostas do profesorado titor para a elaboración do Plan de Orientación Académica e Profesional	XDO
Proporcionar información as familias e ao alumnado relativa aos estudos	XDO; Profesorado titor
Incluír nas programacións actividades que lle permitan ao alumnado coñecer as súas capacidades, expectativas e intereses relacionadas co coñecemento do mundo laboral, sen sesgo de xénero	XDO; Profesorado titor
Organizar visitas ao instituto para que o alumnado o coñeza	XDO; Profesorado titor
Manter unha estreita coordinación co titor/a a do curso de 6º EP para tratar de detectar o alumnado susceptible de presentar dificultades no cambio de etapa	XDO; Equipo Docente; XE; XE do IES
Planificar actividades informativas e de orientación para coidar o tránsito entre etapas, ensinanzas e modalidades de escolarización axustadas aos diferentes escenarios	XDO; Equipo Docente; XE; XE do IES
APOIO Á COLABORACIÓN FAMILIA-ESCOLA	RESPONSABLES
Apoiar e asesorar ás familias sobre aspectos básicos da educación dos seus fillos/as	Familias; XDO; Outros
Colaborar coas familias na orientación persoal, académica e profesional dos seus fillos/as, visibilizando posibles sesgos de xénero	Familias; XDO; Outros
Aportar cando sexa necesario documentación bibliográfica ou dixital en temas de educación familiar	Familias; XDO; Outros
Asesorar na actualización dos guión das reunións trimestrais coas familias	Familias; XDO; DO; Equipos docentes
COLABORACIÓN CON OUTROS SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	RESPONSABLES
Traballar con aqueles servizos e institucións que prestan atención socio	XDO; Servizos externos

	educativa e sanitaria ao noso alumnado no marco dunha intervención multiprofesional	
	Realizar un traballo coordinado cos servizos externos ao centro na atención do alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade, no coidado do seu benestar e na atención ás familias, adaptando á súa forma dependendo da situación vivida no momento.	XDO; Servizos externos

AVALIACIÓN

O plan anual do Departamento de Orientación someterase a un proceso continuo de avaliación. Coa información subministrada polos integrantes do Departamento e, a partir dos datos aportados polo resto do profesorado, valorarase a validez do plan a curto e medio prazo.

Todas estas valoracións recolleranse na memoria anual que, máis que unha descrición exhaustiva das actividades levadas a cabo, será unha síntese reflexiva que permita recoller os logros acadados, as dificultades atopadas e, sobre todo, os aspectos do plan de orientación que será preciso retirar, modificar ou incorporar cara a outros cursos.

O seguimento continuado do plan de orientación terá lugar nas diferentes sesións de coordinación que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas, e que basicamente serán:

- Reunións dos membros do Departamento de Orientación.
- Reunións da Comisión Pedagóxica.
- Reunións co profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Sesións de avaliación.

Todas as actividades propostas avaliaranse conforme aos seguintes parámetros:

- Axuste do Plan de Orientación ás necesidades reais do centro.
- Grao de cumprimento das actividades programadas e das liñas prioritarias.
- Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas diferentes reunións.
- Nivel de participación do profesorado no desenvolvemento do Plan de Orientación.
- Nivel de Integración de actividades e programas na dinámica xeral do centro.
- Incidencia na aula e nas familias.
- Coordinación co Equipo Directivo.
- Coordinación coas entidades e servizos externos.
- Adecuación dos recursos humanos e materiais.
- Pertinencia do deseño da avaliación de cara a aportar modificacións significativas ao plano do próximo curso.

Os **instrumentos** que empregaremos para a avaliación do plan atenderán a criterios de variedade e flexibilidade; algúns deles relaciónanse a continuación:

- Observación.
- Entrevistas individuais co profesorado.
- Análise da memoria do curso 2023-2024 (necesidades e propostas).
- Reunións da comisión de coordinación pedagóxica sobre as prioridades do plan de orientación.
- Intercambio oral nas distintas reunións.
- Formularios de Google Drive con indicadores de avaliación do plan de traballo de orientación.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


C.E.I.P. PLURILINGÜE CONDESA DE FENOSA

Tlf: 988.321.060. Fax: 988.325.969 E-mail:

ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es

Rúa Coruña nº 24 – 32300. O BARCO DE VALDEORRAS

PLAN DE IGUALDADE



CURSO 2024-2025

1 **INTRODUCCIÓN**

2 **BASE LEGAL**

3 **CONTEXTUALIZACIÓN**

3.1 Realidade do centro.

3.2 Situación actual: análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

4 **OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN**

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

5 **MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS**

5.1 Organización do centro.

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

6 **SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN**

7 **MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN**

8 **ANEXOS**

1 **INTRODUCCIÓN**

Nos últimos anos, na sociedade en xeral tense observado un aumento dos estereotipos de xénero e das condutas discriminatorias e violentas.

A educación convértese na ferramenta máis potente para inverter esta tendencia e acabar coa desigualdade e, a escola. Así mesmo, a escola é unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas na busca do cambio das estruturas e das prácticas sociais non desexables.

Seguindo o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 e de acordo coa Instrución do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a elaboración de plans de igualdade no presente curso, a comunidade educativa debe impulsar un modelo de escola coeducativo que estableza medidas concretas de actuación que ofrezan pautas de promoción da igualdade, da coeducación e da prevención da violencia de xénero nas escolas.

Con este fin nace o plan de igualdade, instrumento necesario para establecer medidas e actuacións concretas que incorporen a perspectiva de xénero a todas as actuacións do centro: plans, materiais, currículo, actividades, etc

Puntos de partida

- Marco legal existente: visión preventiva, construtiva, positiva e integral.
- Marco teórico, que reconece o papel vital que xoga a formación en igualdade para transmitir valores, normas e actitudes que favorezan os comportamentos de respecto aos demais; sen que teñan cabida as actitudes agresivas, estereotipadas ou violentas.
- Reflexións de todo o claustro sobre o modelo coeducativo do centro.

A través deste plan preténdese establecer un clima de convivencia no que o respecto, a non discriminación e a superación dos prexuízos sexistas contribúan ao desenvolvemento integral do alumnado. As actuacións do plan quedarán integradas no currículo cun carácter transversal e en relación ao resto de actividades de aprendizaxe das diferentes áreas.

Para que o plan sexa realmente efectivo precisa da implicación de todos os sectores da comunidade e debe ser coñecido e asumido por todas e cada unha das persoas compoñentes da mesma: alumnado, profesorado, familias e persoal non docente. Levalo a cabo será unha responsabilidade conxunta. A perspectiva de xénero integrárase transversalmente no currículo de toda a etapa, potenciando unha formación igualitaria e coeducativa en temas como a autonomía persoal, a educación emocional, a educación afectivo sexual, as relacións persoais ou a resolución pacífica de conflitos.

Principios

O plan de igualdade basearase nos seguintes principios:

- Valores democráticos: xustiza, solidariedade, respecto, tolerancia, autonomía, igualdade e responsabilidade, valores que requiren a non discriminación de ningunha opción e fomentan a cultura de paz.
- Transversalidade: a perspectiva de xénero integrárase na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións do centro.
- Inclusión: educar na diversidade. As medidas e actuacións irán dirixidas ao conxunto da comunidade educativa. A aplicación da perspectiva de xénero erradicará calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.
- Igualdade de oportunidades: respecto aos dereitos, deberes e liberdades de mulleres e homes, ofrecendo as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

- Visibilidade: a igualdade de xénero debe estar presente nos diferentes ámbitos da escola (familia, profesorado e alumnado) a través da linguaxe escrita e oral nos distintos soportes de información utilizados. Ademais tratarase de empoderar e dar a coñecer as contribucións das mulleres ao longo da historia nas distintas disciplinas. Procurarase identificar e facer visibles as diferencias entre nenas e nenos e a posible desigualdade de trato como consecuencia destas diferencias, para facilitar o seu recoñecemento e evitar discriminacións

2 **BASE LEGAL**

- Constitución Española: artigo 14, co que se recoñece formalmente a igualdade ante a lei por razón de sexo; artigo 9.2 que asevera a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.
- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia: artigo 4.2 na defensa da igualdade.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: artigos 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 26.
- Resolucións aprobadas pola Unión Europea sobre igualdade de xénero.
- Preámbulo, artigo 1 e 2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, artigos 23 e 24.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

3 **CONTEXTUALIZACIÓN**

Centro	CEIP Plurilingüe “Condessa de Fenosa”	Código	32015116		
Enderezo	R/ Coruña, 24	CP	32300	Teléfono	988321060
Localidade	O Barco de Valdeorras	Provincia	Ourense		
e-mail	ceip.condessa.fenosa@edu.xunta.gal	Pax. web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa		

O noso colexio consta de dúas liñas. Ten 12 unidades de Educación Primaria e 6 de Educación Infantil. É considerado centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e nel funcionan dúas Aulas Específicas, unha delas recoñecida no catálogo de postos de traballo do centro. Ten implantada a xornada partida.

O centro conta cos servizos de transporte e comedor escolar e escolariza un total de 325 alumnos/as, repartidos entre as etapas de Infantil (71) e Primaria (254).

3.1 Realidade do centro

O CEIP Plurilingüe “Condessa de Fenosa” está situado na vila de O Barco de Valdeorras (Ourense), que conta cos servizos axeitados para satisfacer as necesidades principais da poboación: concello, sanidade, educación, servizos sociais, facenda, lecer e espectáculos.

A maioría das familias do centro teñen unha estrutura convencional, aínda que, cada vez, é máis común a existencia de familias diversas. Moitas delas teñen un nivel socioeconómico e cultural medio-baixo.

A procedencia da poboación deste centro é orixinaria do concello, aínda que existe unha porcentaxe considerable de alumnado estranxeiro ou de ascendencia estranxeira.

En xeral as familias manteñen unha relación boa e fluída co centro. Existe un AMPA moi participativa e colaborativa.

Hai un baixo índice de absentismo escolar. Existen problemas puntuais controlados polo profesorado titor e remitidos aos Servizos Sociais do Concello.

O centro ten unha distribución peculiar dos espazos e quédase pequeno para dar cabida á gran cantidade de alumnado que fai uso de el.

O equipo docente é bastante estable, dinámico e implicado en distintos proxectos.

Para unha información máis detalla do contexto, remitímonos ao Proxecto Educativo de Centro.

3.2 Situación actual en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTifobia.

No noso centro observamos unha boa predisposición e alta sensibilización en relación ás actitudes e valores referentes á igualdade e á aceptación da diversidade., así como cara ao rexeitamento da violencia de xénero.

Mais no día a día, persisten actitudes e comportamentos, na comunidade educativa en xeneral, que denotan que, en gran medida, continuamos sendo educados nos roles de xénero tradicionais, subsistindo deste xeito condutas sexistas que, ás veces, son difíciles de discernir, polo que se fai imprescindible o desenvolvemento deste plan.

Dispoñemos dalgúns recursos en materia de coeducación e violencia de xénero que se atopan na biblioteca do centro, aínda que debemos incrementar os mesmos. Porén carecemos de materias enfocados a identidade e orientación sexual.

Puntualmente realízanse actividades e dinámicas de concienciación e sensibilización relacionadas coa igualdade e a non violencia de xénero.

O Concello organiza puntualmente actividades extraescolares nas que participa o centro: 25 de novembro, 8 de marzo, etc.

Cremos que os aspectos nos que se debe seguir incidindo no centro no ámbito da coeducación son:

Entre o alumnado:

- Distinto grao de aceptación do “diferente”, o que pode derivar en insultos ou burlas a nenos/as que se saen da norma.
- Uso desigual dos espazos: os nenos ocupan máis espazo físico que as nenas no patio, especialmente cando xogan ao fútbol. Hai un porcentaxe de alumnas que tamén xogan a este deporte, pero acostuma ser moi pequeno.
- Participación en actividades complementarias: en xeral os nenos habitualmente non se apuntan para xogar ao fútbol e, se o fan, elixen actividades máis tecnolóxicas. En cambio as nenas maiormente escollen actividades artísticas.
- Utilización de chistes e insultos sexistas (guarra, zorra) ou homófobos (maricón).
- Alto grao de descoñecemento da súa sexualidade e da realidade LGTBI.

- Presenza arraigada de roles e estereotipos de xénero sexistas nas relacións sociais do día a día.

Entre o profesorado:

- Distinto grao de asunción de determinados compromisos tomados polo claustro.
- Distinto grao de compromiso na utilización da linguaxe inclusiva.
- Presenza de sesgos ou estereotipos de xénero implícitos, que poden operar sen conciencia ou intención.
- Formación permanente do profesorado onde se traballe de maneira directa ou transversal a perspectiva de xénero.

Entre as familias:

- Baixa corresponsabilidade e desigual reparto das tarefas do fogar e a participación no coidado dos fillos/as.
- Reforzamento de características, xogos, xoguetes e deportes que reforzan roles segundo o sexo.
- Linguaxe sexista, utilización de distinto vocabulario, expresións, etc en función do sexo dos seus fillos/as.
- Presenza arraigada de micromachismos, roles e estereotipos de xénero sexistas.

O centro:

- Reparto equitativo no uso e gozo dos espazos comúns por parte de nenos e nenas.
- Presenza equilibrada do alumnado nos grupos.
- Revisión da linguaxe nos documentos do centro, circulares informativas e cartelería do centro para asegurar que non sexa sexista.
- Creación de instrumentos para afondar no diagnóstico da situación respecto á igualdade de xénero no centro escolar
- Revisión dos materiais didácticos para que non presenten linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas proponendo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.

4 OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa do centro educativo.
- Asegurar a presenza da coeducación como marca de identidade do Proxecto educativo.
- Asegurar a presenza de obxectivos coeducativos concretos no Plan de convivencia.
- Asegurar a presenza de obxectivos coeducativos concretos no Plan de acción tutorial.
- Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na nosa práctica docente a través da realización de actividades.
- Promover unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Concretar os obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
- Difundir os obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Educar en igualdade alonxándonos de estereotipos, prexuizos e discriminacións por razón de sexo.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e o home nunha contorna igualitaria.

- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Fomentar a representación equilibrada de nenas e nenos nas aulas.
- Velar porque o noso centro educativo transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da corresponsabilidade e fomentar a mesma.
- Potenciar o uso dunha linguaxe inclusiva tanto nos documentos de comunicación interna como externa do centro escolar.
- Favorecer na nosa Comunidade Educativa unha linguaxe inclusiva nas relacións interpersoais entre iguais e adultos.
- Visualizar a influencia dos roles de xénero nas condicións de vida, nas oportunidades e nas posibilidades de desenvolvemento persoal.
- Substituír estereotipos por imaxes reais nos que homes e mulleres sexan valorados en igualdade.
- Fomentar o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas propondo alternativas cando se detecten elementos deste tipo,
- Establecer un reparto equitativo para o uso e goce dos espazos comúns e xogos por parte de nenas e nenos.
- Fomentar actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIfobia...).
- Poñer a disposición do claustro recursos, estratexias, metodoloxías e materiais encamiñados a crear espazos e tempos de convivencia non estruturados (recreos, entradas e saídas, comedores escolares, clubs de lectura, etc) libres de roles de xénero.
- Realizar actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).
- Sensibilizar sobre o papel que xogan as familias na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática en torno á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Consegur a colaboración das familias co centro para unha educación en equidade.

4.2 Prevencción, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Dedicar especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación nas normas de organización, funcionamento e convivencia. Fomentar formas de estar e convivir baseadas no respecto, o diálogo e o coidado.
 - Traballar na prevención de situacións de violencia.
 - Visualizar o fenómeno e informar sobre el para tomar conciencia e actuar.
 - Activar protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
 - Actuar nas situacións de acoso e violencia de xénero.
 - Definir as medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
 - Sensibilizar á comunidade educativa en materia de violencia de xénero para coñecer as características e dimensións desta problemática.
 - Desmontar mitos e estereotipos en torno á violencia para apostar pola responsabilidade social.
 - Implicar ás familias na participación de accións colectivas para previr a violencia.

4.3 Prevenición do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Educar en igualdade apartándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de orientación sexual.
- Concretar os contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
- Realizar actuacións formativas dirixidas ás familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.
- Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.
- Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo

4.4 Prevenición, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

- Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- Garantir o respecto ás manifestacións LGTBI que se realicen no ámbito educativo e o libre desenvolvemento da personalidade das persoas, conforme á súa identidade e/ou orientación.
- Previr actitudes ou comportamentos LGTBIfóbicos que impliquen prexuízos e discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

5 MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

CONCRECIÓN DAS MEDIDAS E ACTUACIÓNS		
Actuacións organizativas		
Destinatarios	Responsables	Procedementos
Comunidade educativa	Equipo directivo XDO	Incluír as novidades legais nos distintos documentos do centro.
Comunidade educativa	Equipo directivo XDO	Integrar a perspectiva de igualdade na PXA e todos os proxectos que compoñen
Comunidade educativa	Equipo directivo Claustro Consello Escolar	Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
Comunidade educativa	Equipo directivo	Fomentar unha representación equitativa nos órganos de decisión do centro
Comunidade educativa	Equipo directivo	Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de

		igualdade.
Comunidade educativa	Administración Educativa Equipo directivo Claustro	Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
Comunidade educativa	Equipo directivo Claustro Familias	Promover a participación do centro no Plan Director dirixido a familias, alumnado e profesorado.
Comunidade educativa	Equipo directivo Claustro	Promover o emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
Comunidade educativa	Equipo directivo Consello Escolar Comisión de Convivencia e Igualdade	Detección de situacións de desigualdade na comunidade educativa
Comunidade educativa	Equipo directivo Claustro Outras entidades: Concello, Asociacións, etc	Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
Comunidade educativa	Equipo directivo Ciclos CCP DO	Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
Alumnado	Equipo directivo Ciclos CCP DO	Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
Alumnado Familias	Equipo directivo Ciclos CCP DO	Promover o desenvolvemento da orientación laboral e profesional libre de estereotipos.
Alumnado	Equipo directivo Ciclos CCP DO	Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
Alumnado	Administración Educativa Equipo Directivo	Ofertar materias específicas de igualdade de xénero.
Profesorado	Administración Educativa Equipo Directivo Claustro	Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro	Difundir este protocolo entre todas as persoas do centro.

Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Ciclos CCP DO Alumnado	Promover a creación da comisión de convivencia e igualdade de xénero coa representación do alumnado de todos os niveis, que se reunirán de forma trimestral coa persoa coordinadora do plan, constituíndose como axentes da convivencia e igualdade do centro.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Ciclos CCP DO Consello Escolar	Crear no seno da Comisión de convivencia do Consello Escolar un Observatorio de Igualdade que interveña nos asuntos relacionados coa igualdade e a prevención da violencia de xénero, actualice os datos de diagnóstico da situación respecto á convivencia e igualdade de xénero no centro escolar e vele pola presenza equilibrada do alumnado nos grupos.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro ANPA Consello Escolar	Potenciar a participación e colaboración das familias, ANPA e a comunidade educativa na defensa da igualdade.
Para eliminar os estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes		
Destinatarios	Responsables	Procedementos
Alumnado	Xefatura de estudos (XE) Profesorado titor e especialista Ciclos CCP Departamento de orientación	Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, ás desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
Alumnado	Xefatura de estudos (XE) Profesorado titor e especialista Ciclos CCP Departamento de orientación	Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, das personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
Alumnado	Profesorado titor e especialista Ciclos CCP Departamento de orientación	Realizar actividades de sensibilización na aula.
Familias	Equipo Directivo Profesorado titor e especialista Ciclos CCP Departamento de orientación ANPA	Realizar actividades de información e sensibilización coas familias,
Actuacións preventivas e de sensibilización		
Destinatarios	Responsables	Procedementos

Comunidade educativa	Equipo directivo Claustro	Presentar o Plan de Igualdade a toda a comunidade: reunións de principios de curso, charlas, web, etc
Alumnado Familias	Profesorado titor e especialista Ciclos CCP Departamento de orientación	Sensibilizar contra a violencia de xénero ou ante calquera tipo de discriminación: charlas, debates, material impreso ou virtual etc
Alumnado	Profesorado titor e especialista	Realizar agrupamentos tendo en conta a perspectiva de xénero en xogos e actividades deportivas, na realización de traballos en grupo, así como na ubicación dentro da propia aula
Alumnado	Profesorado titor e especialista	Practicar xogos populares e actividades deportivas con agrupamentos heteroxéneos e participación de ambos sexos naqueles cun carácter estereotipado
Alumnado	Profesorado titor e especialista Persoal non docente Familias	Ofrecer modelos de actuación coeducativos na realización de actividades e responsabilidades escolares de homes e mulleres.
Alumnado	Profesorado titor e especialista	Debater sobre a influencia dos roles de xénero nas condicións de vida, nas oportunidades e nas posibilidades de desenvolvemento persoal.
Alumnado	Profesorado titor e especialista	Promover a reflexión sobre as tarefas e oficios que realizan habitualmente o home ou a muller e promover un debate para analizar que non importa o sexo á hora de elixir unha carreira ou profesión.
Alumnado	Profesorado titor e especialista	Debater sobre sexualidade, afectividade e a súa diversidade, fomentando o respecto e a tolerancia cara a ese ámbito.
Alumnado	Profesorado titor e especialista	Debater sobre a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e actuar de acordo con eles; ensinando aos nenos e nenas a desenvolver condutas que lle permitan recoñecer a violencia en si mesmos e noutras persoas e a desenvolver habilidades persoais de autoprotección.
Alumnado	Profesorado titor e especialista	Favorecer o desenvolvemento da autoestima do alumnado a través de actividades que promovan a empatía, a expresión das emocións, a aceptación das diferencias e as técnicas de resolución de conflitos.
Alumnado	Profesorado titor e especialista	Reflexionar sobre o contido machista de cancións, películas, contos, publicidade, etc tanto actuais como clásicas.
Comunidade educativa	Claustro Alumnado	Crear un taboleiro coeducativo e ubicalo nun lugar visible no que alumnado e profesorado poida expor o que

	Familias Persoal non docente Persoa encargada da coeducación.	considere importante sobre o tema. A persoa encargada da coeducación publicará suxestións de actividades para realizar na aula e centro.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro	Avaliar o clima do centro respecto a unha convivencia harmónica que integre a igualdade de xénero, sexual, e afectiva.
Comunidade educativa	Equipo Directivo CCP DO Outros: Administración Educativa, Concello, etc	Coordinar accións cos axentes extraescolares relacionados coa igualdade de xénero.
Comunidade Educativa	Equipo Directivo Ciclos CCP Outros: Concello, etc	Commemorar as datas: 25 de novembro (Día internacional contra a violencia cara ás mulleres). 10 de decembro (Día internacional dos dereitos humanos). Campaña do xogo e xoguete non sexista (Antes do Nadal). 6 de febreiro (Día internacional de tolerancia cero coa mutilación xenital feminina). 11 de febreiro (Día internacional da nena na ciencia). 8 de marzo (Día mundial da muller). 15 de marzo (Día internacional da visibilidade trans). 26 de abril (Día internacional da visibilidadelésbica). 15 de maio (Día internacional da familia). 17 de maio (Día internacional da LGTBI*fobia).
Comunidade Educativa	Equipo Directivo Ciclos CCP	Fomentar a celebración das festas do centro desde unha perspectiva de xénero
Comunidade Educativa	Equipo Directivo Ciclos CCP	Valorar se nas actuacións e actividades discrimínase ou hipersexualízase ás nenas ao través do espazo que ocupan, os movementos ou a vestimenta
Actuacións para xestionar os espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo		
Destinatarios	Responsables	Procedementos
Comunidade educativa	Equipo Directivo Persoa responsable en materia de igualdade Coordinador/a actividades extraescolares	Difundir información a través dun taboleiro no centro.
Alumnado Familias	Equipo Directivo Ciclos	Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.

	Comisión da Biblioteca	
Alumnado	Equipo Directivo Claustro Ciclos CCP	Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro	Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
Comunidade educativa	Claustro Ciclos CCP DO	Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
Alumnado	Equipo Directivo Claustro	Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
Alumnado	Equipo Directivo Claustro	Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
Alumnado	Claustro Ciclos CCP DO	Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
Alumnado	Equipo Directivo Claustro Familias Outros	Ofrecer modelos de figuras representativas do xénero feminino nos ambientes científicos e tecnolóxicos.
Alumnado	Equipo Directivo Claustro	Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.
Actuación para incluír os valores coeducativos na xestión da convivencia escolar		
Destinatarios	Responsables	Procedementos
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Familias Persoal non docente	Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Axenda XXI	Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Familias Persoal non docente	Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

Alumnado	Equipo Directivo Claustro	Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
Alumnado Familias	Equipo Directivo Claustro Familias	Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Familias Persoal non docente Outros	Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

O Plan de Igualdade forma parte do Proxecto Educativo de Centro (PEC) e da Programación Xeral Anual (PXA) e debe ser coherente cos principios que se derivan dos mesmos. No PEC están incluídos os principios que orientan o Plan de Igualdade. Na PXA incorpóranse as actuacións previstas no Plan de Igualdade para cada curso académico.

O Departamento de Orientación poderá asesorar ao Equipo Directivo, á Comisión Pedagóxica (CCP) e ao profesorado cando se considere oportuno. No Plan de Orientación Anual teranse en conta as directrices previstas no Plan de Igualdade. Así mesmo no Plan de Acción Titorial prestarase especial atención á educación na igualdade.

O Equipo Directivo será responsable de velar polo funcionamento do Plan, coordinando as actuacións levadas a cabo entre o profesorado, a CCP, o Departamento de Orientación, así como informando ao Consello Escolar.

O profesorado do centro, a través das reunións de ciclo, será o encargado de facer chegar as posibles propostas e inquedanzas á CCP, que trimestralmente se debaterán na mesma, transmitíndoas ao Consello Escolar cando se considere oportuno.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Analizar o clima de aula	Analizar no grupo posibles problemas de convivencia relacionados coa igualdade e/ou identidade e orientación sexual, trasladando estes, cando existan, ás reunións de “ciclo”.	Claustro Ciclos CCP Equipo Directivo	Trimestralmente
Revisar as liñas de actuación sobre igualdade de xénero	Reunirse por “ciclos” para revisar o plan de igualdade, tendo en conta posibles incidencias e novas suxestións, planificando actuacións conxuntas que fomenten igualdade de xénero	Claustro CCP DO Equipo Directivo	Trimestralmente

Consensuar unha metodoloxía facilitadora da igualdade	Autoavaliación da práctica docente. Debate no ciclo e na CCP	Claustro CCP DO Equipo Directivo.	Durante todo o curso
Establecer reunións entre docentes	Sistematizar reunións para intercambiar experiencias e materiais	Claustro Equipo Directivo DO	Durante todo o curso
Revisar o PAT: levar a cabo un traballo na aula desde unha perspectiva de xénero:	Autoavaliación da práctica docente. Debate no ciclo e na CCP	Claustro CCP DO Equipo Directivo.	Durante todo o curso
Fomentar unha cultura de tolerancia e respecto: celebracións e conmemoracións.	Conmemorar as distintas celebracións	Claustro CCP DO Equipo Directivo.	
Avaliar o Plan	Facer o seguimento e valorar o cumprimento do plan, trasladando a información ao Claustro e ao Consello Escolar.	Equipo Directivo Claustro Ciclos CCP DO Consello Escolar	Cando menos unha ao trimestre
Revisar as accións prioritarias do Departamento de Orientación	Revisar que se teñan en conta as directrices do Plan de igualdade nas accións prioritarias do departamento.	Departamento de Orientación	Principio de curso
Coordinar actuacións entre Equipo Directivo, e os demais órganos e persoal de centro	Revisar que as actuacións levadas a cabo teñen coherencia	Equipo Directivo Claustro Ciclos CCP DO Consello Escolar ANPA Persoal non docente	Durante todo o curso

7 **SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN**

A dirección do centro garantirá a participación na avaliación do plan de igualdade de todos os sectores da comunidade educativa., a través dos mecanismos de coordinación e colaboración descritos.

Recollerase a información, mediante os instrumentos de avaliación elixidos, sobre o diagnóstico do centro, o funcionamento do plan, valorando os avances nesta materia coa maior obxectividade posible.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

A CCP realizará unha avaliación do cumprimento do plan e trasladarase a información ao Claustro e ao Consello Escolar.

A **avaliación** do plan realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos.
- Coordinación e implicación do Plan de igualdade noutros documentos do centro.
- Actuacións e grao de participación da comunidade educativa.
- Participación e implicación do alumnado.
- Participación e implicación do profesorado.
- Valoración da dinámica dos grupos en relación a se estivo libre de sesgos sexistas.
- Valoración da utilización de recursos didácticos e dunha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuízos.
- Valoración dos resultados.
- Conclusións e propostas de mellora.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.

Os **instrumentos de avaliación** utilizados serán:

En canto a recollida de información:

- Observación
- Sesións de avaliación
- Reunión se ciclo, Claustro, CCP, DO, Consello Escolar, etc
- Debates na aula co alumnado

En canto ao funcionamento do plan:

- Observación directa
- Fichas de avaliación das actividades extraescolares
- Cuestionarios para o profesorado, alumnado, familias e persoal non docente
- Rexistros do cumprimento do plan
- Memorias do centro.

O Equipo Directivo levará a cabo o control e seguimento do plan e coordinará as actuacións do Equipo Directivo cos ciclos, co Departamento de Orientación, coa ANPA e co Consello.

Ademais realizarase unha revisión anual do Plan ao comezo de cada curso escolar, para analizar a evolución e o clima do centro, incorporando posibles propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior, procedéndose así a súa actualización.

Esta revisión será aprobada polo Consello Escolar e incluída no Proxecto Educativo do Centro e na PXA.

Despois da aprobación e difusión do Plan no Claustro e no Consello Escolar procederase a súa difusión a través dos medios posibles: charlas, reunións de comezo de curso co profesorado e coas familias , páxina web do centro etc.

ANEXOS

Bibliografía recomendada para o traballo da igualdade nas aulas:

- Diversidad (somos diferentes, únicos y especiales), Elena Angulo Antúnez
- Niños y niñas del mundo, Nuria Roca
- En familia!, Alexandra Maxeiner

Todo o mundo!, Anja Tuckerman
Valores para la convivencia, Esteve Pujols i Pons
Mami, ¿verdad que María no es tonta?, Mati Morata
Aquiles o Puntíño, Guia Risari
O año que é un porquiño, Pim Lammers
Vanessa non quere ser princesa, Xosé Antonio Perozo
Xela volveuse vampira!!, Fina Casalderrey
Mulán, Walt Disney Enterprise
As mulleres e os homes, Equipo Plantel
Anda campeón, hazte feminista en 10 consejos, María Donapetry
Os Bolechas co bo trato no Barco de Valdeorras, Pepe Carreiro
Max e os superheroes, Rocío Bonilla
Miña irmá ten síndrome de Down, Pako Sagarzazu
O patíño Feo, Hans Christian Andersen
Titiritesa, Xerardo Quintiá
Con Tango son 3, Justin Richardson
O libro dos Porcos, Milagros Oya Martínez
Nin un biquiño á forza, Marian Mebes
Por que a María Xosé lle chaman Xosé Mari?, Seve Calleja
Oreñas de Bolboreta, Luisa Aguilar
Rosa Caramelo, Adela Turin
Wonder, Luis Odón Abad Flores

PLAN DE CONVIVENCIA E NOF

As normas de organización e funcionamento (NOF) foron revisadas e aprobadas o curso 2021/22. O Plan de Convivencia foi revisado e aprobado no curso 2019/20. Axústase ás disposicións requiridas no *DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*.

No presente curso escolar faise preciso facer unha modificación no Plan de Convivencia, pois, segundo a ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, é preciso incluír dentro do mesmo o plan de traballo da coordinadora de benestar e convivencia do centro.

As accións que se procurará levar a cabo neste eido o presente curso, que tentan dar resposta a parte ds necesidades que se detectaron na memoria do curso pasado:

- Dar a coñecer á comunidade educativa a existencia da figura do coordinador de benestar e a súas funcións no centro.
- Traballar na posta en marcha do Plan de Traballo da coordinadora de benestar e convivencia.
- Traballar por unha escola inclusiva e non violenta, que fomente que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias.
- Mellorar o clima e a cultura do centro respecto á convivencia e a xestión do conflito.
- Potenciar a mediación e a titorización emocional entre iguais e o respecto, a empatía e o compromiso.
- Promover a participación das familias na procura dunha boa convivencia.
- Colaborar na promoción no centro docente dunha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Colaborar na promoción desde o centro docente no fomento duns hábitos físicos saudables.

**CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN
XERAL DE ATENCIÓN Á
DIVERSIDADE**

CURSO 2024-2025

INTRODUCCIÓN**INTRODUCCIÓN**

O Plan Xeral de Atención á Diversidade pretende ser unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptarase á realidade e singularidade do centro.

Ao comezo de cada curso, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da programación xeral anual.

No presente documento recóllense, pois, as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver durante o curso actual, o profesorado responsable de cada actuación, o alumnado ao que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións son susceptibles de modificacións ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á Programación Xeral Anual e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

PROFESORADO DE APOIO

Profesorado de Pedagogía Terapéutica	M ^a Nieves Fernández Dobarro Salomé Otero Guldrís Paula Pérez Aboal Elisa Puente Murias
Profesorado de Audición e Linguaxe	Francisco de Vitorino García Amparo Gama González

Unha das mestras de PT encárgase prioritariamente da aula específica coa que contamos no centro e que escolarizan, en total, a catro alumnos/as en modalidade de escolarización combinada.

O resto do profesorado de PT encárgase da atención ao alumnado con ACNEE e adaptacións curriculares significativas, así como da atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que precisa de reforzo educativo. Amais unha mestra de PT completa o seu horario coa atención ao alumnado escolarizado en modalidade combinada nunha das aulas específicas.

O profesorado de Audición e Linguaxe (AL) teñen o horario a tempo completo no centro. Unha mestra encárgase da atención ao alumnado on necesidades educativas especiais (ACNEE) e do alumnado en escolarización combinada, un mestre encárgase do resto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) .

O horario do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe non se inclúe neste documento posto que é nominal. Está suxeito a modificacións permanentes en función das novas necesidades específicas de apoio educativo que poidan xurdir.

Os criterios seguidos para a organización dos apoios e para a elaboración dos horarios son os que se marcan no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

OUTROS RECURSOS

Ademais do profesorado especialista de apoio, contamos cos seguintes recursos humanos:

- Profesorado titor e profesorado especialista das distintas materias, que deberá realizar e colaborar nas medidas curriculares que poidan favorecer a atención á diversidade de todo o alumnado.
- Profesorado con dispoñibilidade horaria para atender ás necesidades de apoio do noso alumnado.
- Dúas mestras de apoio de Educación Infantil.
- Persoal Auxiliar coidador (PAC): no momento actual, catro coidadoras traballan no centro a tempo completo.
- Orientadora.

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións:

- Alumnado: observación; avaliación inicial; informes previos; sesións de avaliación inicial e trimestrais; probas colectivas en niveles programados (1º, 3º e 5º curso de EP); avaliación final; avaliación psicopedagóxica individualizada cando é o caso.
- Familias: intercambios orais; observacións no traballo diario; aspectos que foron xurdindo nas distintas reunións ao longo do curso.
- Profesorado: sesións de avaliación; achegas e conclusións tomadas nas reunións realizadas; observacións no traballo diario, así como determinados aspectos que se reflectiron nos formularios de avaliación de Google Drive sobre as actividades desenvolvidas no centro relacionadas coa atención á diversidade.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ao alumnado:

- En xeral é necesario mellorar aspectos que se detallaban na concreción anual do pasado curso. En concreto:

- Dificultades de linguaxe, especialmente en educación infantil e primeiros cursos de primaria.
- Normas, hábitos básicos de autonomía e rutinas.
- Técnicas de estudo, hábitos de traballo e autonomía persoal.
- Educación emocional, habilidades sociais e resolución de conflitos dentro dunha cultura de paz.
- Dificultades para chegar ao alumnado con escaseza de motivación cara ao traballo escolar, con dificultades de conduta e/ou ambiente familiar pouco colaborativo.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ás familias do alumnado:

- Fomento da autonomía dos fillos/as.
- Necesidade de marcar rutinas, límites e normas e como facelo desde a disciplina positiva.
- Colaboración na resolución de conflitos desde a cultura de paz.
- Necesidade de supervisión dos hábitos de estudo e a organización.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ao profesorado:

- Seguir unha pauta común en canto a interpretación das normas establecidas co fin de conseguir un compromiso real nos acordos tomados polo claustro.
- Promover que existan tempos dentro das reunións de ciclos e da Comisión Pedagóxica para tratar temas relacionados coa atención á diversidade, así como para a coordinación con outros ciclos.
- Mellorar a comunicación e coordinación entre o profesorado.
- Planificar a coordinación entre todos os/as profesionais que interveñen no proceso educativo.
- Delimitar claramente as responsabilidades de cada profesional en canto á atención á diversidade.
- Resistencia a variar certos aspectos da organización e a metodoloxía de traballo cando entra o apoio dentro da aula, que se atopa con explicacións teóricas, realización de exames, etc..

En canto a valoración das necesidades, con respecto ao centro:

- Mellorar as instalacións do patio e a organización do mesmo, de xeito que se converta nun espazo compartido que evite os enfrontamentos, fomente o xogo, a diversión e a inclusión.
- Manter o persoal destinado á atención do alumnado con diversidade.

- Buscar canles para difundir o plan xeral de atención á diversidade.

OBXECTIVOS

- Levar a cabo un traballo de reflexión colectiva para ver o xeito de establecer unhas pautas concretas, unha mesma liña de traballo, que asumamos todos e todas.
- Manter as sesións de avaliación inicial que se comezaron a realizar o pasado curso.
- Reflectedir nas actas de sesión de avaliación inicial e na programación de aula as medidas a tomar unha vez realizada a avaliación inicial: materiais de traballo adaptados, flexibilidade metodolóxica e organizativa, instrumentos de avaliación, ou da avaliación inicial.
- Fomentar medidas que permitan unha detección temperá das posibles dificultades (Probas colectivas en 1º, 3º e 5º).
- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axustalos ás necesidades.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.
- Manter o Programa de Estimulación da Linguaxe Oral en 4º, 5º e 6º de Educación Infantil por consideralo fundamental para o desenvolvemento da linguaxe oral do alumnado, así como para a detección temperá de dificultades nese ámbito.
- Organizar medidas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas para adecuarse á atención das novas necesidades educativas.
- Diseñar e realizar actividades grupais de prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Garantir a actuación coordinada de mestres/as e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Buscar tempos para tratar temas referidos á atención á diversidade, ao proceso de seguimento, avaliación e mellora do PXAD nos ciclos e na Comisión Pedagóxica.
- Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñ co alumnado con neae (ACNEAE) coa finalidade de cumprir os apoios e aproveitalos ao máximo.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.

- Facilitar a inclusión do mestre/a de apoio na aula programando actividades que requiran dunha maior atención individualizada, ideando determinadas formas de organización e agrupamento: traballo por proxectos, desdobramentos, docencia con medio grupo, docencia compartida, etc
- Continuar fomentando modelos e metodoloxías inclusivas como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta NEAE dentro das clases tan numerosas.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación axeitadas ás necesidades de cada alumno/a.
 - Establecer os obxectivos a traballar cos alumnos/as durante o curso tanto a nivel xeral de aula como a nivel individual, debido ás necesidades específicas de apoio educativo que presente un alumno/a.
 - Elaborar plans de reforzo cando se considere oportuno que terán en conta as adecuacións necesarias nas áreas que precise o alumno/a. Levar a cabo todas as medidas ordinarias que se consideren pertinentes. Ao longo do curso iranse avaliando e introducindo as modificacións no mesmo que poidan xurdir.
 - Traballar na procura de materiais específicos adecuados para o alumnado que permitan ser traballados do xeito máis autónomo posible.
- Introducir estratexias para traballar as habilidades sociais e a educación emocional desde o Plan de Acción Titorial (PAT).
- Proporcionar formación no desenvolvemento de ferramentas para traballar as dificultades de conduta.
- Fomentar a participación das familias e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as, promovendo unha escola de pais/nais que favoreza unha maior implicación na educación dos fillos/as.
- Promover a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.
- Promover a formación permanente do profesorado.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.

ACTUACIÓNS QUE CONTRIBÚEN Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca dende a prevención á intervención específica. Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas. Tampouco cabe asignar de forma exclusiva unha medida concreta cun determinado profesional que a leve a cabo.

MEDIDAS ORDINARIAS (Remitimos ao PXAD)

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno .
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia.
- Desdobramento de grupos.
- Reforzo educativo e apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan de recuperación para o alumnado que promociona con áreas pendentes.
- Plan específico de reforzo específico para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS (Remitimos ao PXAD)

- Apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) ou Audición e Linguaxe (AL).
- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Flexibilización da duración do período de escolarización en EI e EP.
- Atención educativa a alumnado procedente do estranxeiro (grupos de adquisición de linguas e os grupos de adaptación da competencia curricular).
- Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade pena.
- Atención educativa a alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa a alumnado con dificultades de asistencia continuada ao centro escolar (atención educativa hospitalaria, domiciliaria e virtual).

- Atención educativa a alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa a alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Grupos de adquisición de linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

Precisan informe xustificativo do servizo de orientación, así como a autorización da Dirección do Centro, de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou Dirección xeneral, segundo proceda. É conveniente que queden recollidas no expediente académicos as medidas tomadas co ACNEAE. Unicamente se levarán a cabo unha vez esgotadas as máis ordinarias.

Existen medidas extraordinarias e excepcionais, como poden ser as Adaptacións Curriculares e a repetición, para as que non existe actualmente lexislación sobre como se priorizan. Por ese motivo o equipo docente e a orientadora resolverán en cada caso particular a opción máis indicada. Primará sempre o criterio pedagóxico e o que menos restrinxa as opcións do alumno/a.

PROTOCOLO PARA SOLICITUDE DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Intervención do DO	<ul style="list-style-type: none"> • O titor/a detecta necesidades educativas nun alumno/a. Cumprimenta a solicitude de colaboración do departamento coa finalidade de detectar posibles barreiras. • Reúnese o equipo docente para valoración conxunta e impleméntanse as medidas ordinarias que se consideren pertinentes. A efectividade destas medidas serán valoradas en seguintes reunións. • Se se considera que as medidas ordinarias non son suficientes e que existen indicios evidentes de NEAE. O titor/a realizará unha demanda de intervención e decidirse o tipo de intervención que se plantea. • Se a medida é avaliación psicopedagóxica, infórmase á familia por escrito e recóllese a súa sinatura. A avaliación psicopedagóxica so se realizará unha vez esgotadas todas as medidas. • En función do anterior elaboraranse: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Pautas de intervención. ◦ Informe psicopedagóxico.
---------------------------	--

	Ditame psicopedagógico.
Apoio do profesorado de PT/AL	<ul style="list-style-type: none"> • Débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do ACNEE, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro ACNEAE. • É preciso esgotar outras medidas ordinarias previas. • Solicitude do apoio por parte do profesorado á XDO. • Información á familia a través do titor/a. • Folla de Derivación ou Demanda de AL. • Proposta de apoio do Departamento de Orientación. Ter en conta que para que un alumno/a teña apoio do profesorado especialista debe ter un informe psicopedagógico. • Información á xefatura de estudos e autorización da Dirección do centro. • Documentación necesaria: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Solicitude de valoración e/ou apoio. ◦ Informe psicopedagógico, se procede. ◦ Autorización da familia. <p>Documento de proposta á Dirección do centro.</p>
Adaptación curricular	<ul style="list-style-type: none"> • Habitualmente cando un titor/a propón a un alumno/a como posible candidato a Adaptación Curricular, xa se esgotaron previamente outra serie de medidas ordinarias e excepcionais: valoración e informe psicopedagógico, reforzo educativo, repetición. • Proposta do titor/a. • Reunión coordinada polo xefe de estudos para decidir a pertinencia da adaptación curricular (Acta). • Comunicación á familia (Non é preciso que autorice a medida para levala a cabo). • Elaboración das adaptacións das diferentes áreas. • Solicitude de autorización da AC á inspección por parte da dirección do centro. • Documentación necesaria:

	<ul style="list-style-type: none"> ◦ Informe psicopedagógico. ◦ Acta da reunión da decisión. ◦ Acta co nivel curricular do alumno/a. ◦ Documento de información á familia e sinatura do mesmo. ◦ Programacións adaptadas das diferentes áreas. <p>Revísanse anualmente e envíanse a Inspección.</p>
Repetición	<ul style="list-style-type: none"> • Medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. • Para que un alumno/a permaneza un ano máis no curso será necesario que así o aconselle o equipo educativo que intervén con el/ela, primando o criterio do titor/a. • O alumnado repetidor terá que ser obxecto de reforzo e terá que poñerse en marcha un Plan Específico de Reforzo. • Non caberá repetición dun alumno/a se non se aplicou ningunha medida previa en cada caso.
Flexibilización da duración do período de escolarización	<ul style="list-style-type: none"> • A duración do período de escolarización do ACNEAE na educación infantil e primaria pode modificarse excepcionalmente. • Esta medida pódese adoptar unha soa vez ao longo da etapa. • É unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto de medidas de atención a diversidade ordinarias. Para a aplicación desta medida extraordinaria será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas das previstas para a atención das necesidades específicas do alumnado. • En ningún caso se poderá permanecer en educación infantil máis alá do ano natural en que se cumpran os sete de idade nin comezar a educación primaria antes do ano natural en que se cumpran os cinco anos. • Educación primaria: a escolarización en educación primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das necesidades educativas especiais do alumnado. • Poderá reducirse nesta etapa nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado. • En ningún caso se poderá permanecer en educación primaria máis alá do ano natural en que se cumpran os quince anos de idade nin

	<p>comezar a educación secundaria antes do ano natural en que se cumpran os dez anos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proposta do titor-a, do equipo docente e/ou XDO. Informe que xustifique a necesidade da medida elaborado polo departamento de orientación. • Conformidade expresa da familia. • Informe psicopedagógico. • Historial académico (XADE) • Orientacións sobre a proposta curricular adaptada: competencias xerais e obxectivos a conseguir. • Informe da Inspección Educativa. • Solicitude á Dirección Xeneral de Ordenación Educativa, á que corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización.
<p>Escolarización en aula específica dentro dun centro ordinario</p>	<p>Poderase recorrer á escolarización, completa ou combinada, en unidades ou centros específicos de educación especial naqueles casos nos que sexa imprescindible o emprego de recursos extraordinarios de difícil xeneralización.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Avaliación e informe psicopedagógico. • Ditame de escolarización e ditame de contraste do EOE. • Informe da Inspección Educativa. • Resolución da Dirección Xeneral de Ordenación Educativa, á que corresponderá a autorización ou denegación da medida.
<p>Atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> • É destinatario desta atención o alumnado de longa ou media hospitalización. • Ter en conta que este tipo de atención dáse en etapas obrigatorias preferiblemente. • O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral. • Manteñen a súa escolarización a efectos de avaliación e promoción nos centros de orixe. • Coordinación estreita coa titoría e a XDO, que deben orientar o programa educativo. • O alumnado que deba permanecer convalecente no seu domicilio por un tempo superior a un mes será destinatario de atención educativa domiciliaria ou virtual. Un alumno/a que, por enfermidade crónica, falte máis de seis ou máis días continuados ao mes dentro

	<p>dun período mínimo de seis meses, tamén. Precisaríase un certificado médico que xustifique a convalecencia e a estimación do período de tempo e enviar a información a inspección, que autorizaría a medida se procede.</p>
--	--

CRITERIOS DE ATENCIÓN

A preferencia do alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se poidan satisfacer todas as necesidades, rexerese polos seguintes criterios:

1. Alumnado con Necesidades Educativas Especiais.
2. Alumnado que manifieste un desfase curricular significativo e teña unha adaptación curricular (AC).
3. Outro alumnado con NEAE e informe psicopedagóxico que precise atención educativa.
4. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa viñeran recibindo apoio.
5. En Educación Infantil só recibirán atención de Pedagogía Terapéutica aqueles casos precedidos dun ditame psicopedagóxico.
6. En canto ao profesorado especialista de Audición e Linguaxe primarase a intervención temperá no ciclo de Educación Infantil e nos primeiros cursos de Primaria.
7. Cando existan moitas solicitudes para recibir apoio, priorizaranse atendendo a criterios pedagóxicos e evolutivos marcados pola Comisión Pedagóxica (CCP).

MODALIDADES DE ATENCIÓN

- Atención individualizada ao alumno/a polo profesorado titor, cando precisa un apoio puntual sen a intervención directa doutro profesor/a ou especialista. Contará co asesoramento da orientadora e/ou cos recursos necesarios, cando se considere oportuno. Introduciranse as modificacións metodolóxicas precisas: equipos de traballo en pequenos grupos, alumnado titor etc.
- Apoio dentro da aula, por parte dun profesor/a dun nivel afín, ao alumnado de reforzo educativo nas áreas e horas segundo dispoñibilidade horaria. Tratarase de que coincidan con área instrumentais.
- Apoios temporais ou permanentes dentro da aula impartidos polo profesorado de apoio de Infantil. Reforzan a tarefa educativa cotiá nas diferentes aulas e en actividades específicas, así mesmo, atenden ao alumnado que manifesta neae.
- Atención especializada por parte do profesorado de apoio. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requiran, nun período da súa escolarización ou ao

longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas por parte do profesorado de AL/PT.

- Apoios temporais fóra da aula. En determinadas áreas ou actividades (principalmente as instrumentais) o alumno ou grupo de alumnos/as con necesidades educativas específicas sae do seu grupo-aula para ser atendido por profesorado de apoio: grupos de adquisición de linguas, de competencia curricular...
- Escolarización combinada entre a aula ordinaria e a aula específica con atención especializada por parte do profesorado de apoio.
- Docencia compartida: impartir clase de forma conxunta sen desdobrar o grupo ou separar ao alumnado con dificultades. No seguinte cadro de Huguet (2006), especifícanse as distintas variantes.

ORGANIZACIÓN DOS APOIOS

- A valoración da orientadora do centro sempre debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Ter en conta que é nunha medida extraordinaria, polo que deben esgotarse previamente medidas máis normalizadoras.
- É necesaria ter a autorización asinada polos proxenitores.
- O alumnado cun desfase curricular notable que comece a presentar serias dificultades para a aprendizaxe, poderá recibir apoio estable de PT e/ou AL.

Os apoios dirixiranse fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas. Naqueles casos que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballarase en conformidade á mesma.

- Os apoios impartiranse, sempre que sexa posible, durante as áreas instrumentais, evitando o resto das materias. Con ese fin contarase coa colaboración do profesorado titor na elaboración dos horarios.
- Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.
- As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.
- O apoio se dará preferentemente dentro da aula ordinaria, especialmente este curso. Só se producirán intervencións directas especializadas cando:
 - A resposta educativa que precise o alumno/a con neae non poda resolverse con fórmulas máis normalizadas.

- O alumnado teña que recibir atención específica por parte dos especialistas de Audición e Linguaxe. Serán sesións curtas preferiblemente de media hora.
- O alumnado descoñeza as linguas da comunidade.
- O alumnado non teña adquirido ou non domine as técnicas instrumentais básicas, dependendo do nivel no que se atope. Este apoio se levará a cabo coa especialista de PT en primeiro lugar e coa especialista de AL, se fose posible, por necesidades horarias.
- Os apoios fóra da aula nunca excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva.
- En xeral, o alumnado que reciba apoio de PT ou AL non terá máis reforzos fóra da aula para non incidir negativamente na súa integración na aula ordinaria.
- Introduciranse as medidas correctoras que se consideren oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.
- Informarase ás familias, cando menos trimestralmente, do grao de consecución dos obxectivos programados.
- Establecerase unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na interacción co alumno/a concreto que presenta necesidades educativas.
- Punto importante a tratar nesas primeiras reunións entre profesionais é o establecemento de criterios comúns de intervención e a “distribución” de tarefas e competencias para un plan de intervención coherente, tendo en conta as necesidades.
- Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DE APOIOS:

- A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.
- Os apoios preferentemente faranse nas aulas ordinarias. A distribución horaria será viable segundo a evolución do alumnado e a dinámica do centro.
- O alumnado suxeito de reforzo educativo e que non puidese ou non se considerase necesario o apoio especializado recibirán este apoio por parte do profesorado do nivel, ciclo ou nivel máis afín. Este reforzo pode ser:
 - Feito polo profesorado titor dentro da aula ordinaria coa colaboración da orientadora e/ou do profesorado de apoio do material necesario, cando se considere oportuno. Introduciranse as modificacións metodolóxicas precisas: equipos de traballo en pequenos grupos, alumnado titor etc

- Apoio dentro da aula por parte dun profesor/a do nivel afín ao alumnado de reforzo educativo nas áreas e horas segundo dispoñibilidade horaria. Tratarase de que coincidan con área instrumentais.
- Docencia compartida: impartir clase de forma conxunta sen desdobrar o grupo ou separar ao alumnado con dificultades (traballo por proxectos, metodoloxías contextualizada)

MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNOS

Mecanismos internos:

- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións dos órganos colexiados.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións da Comisión Pedagóxica.
- Reunións dos Equipos Docentes.
- Reunións entre o profesorado dos distintos niveis.
- Reunións entre o profesionais que atenden os ACNEAE.
- Reunións entre o profesorado titor e a orientadora

CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Familias:

Procurarase que as reunións estean reguladas polo centro. Será necesaria citación previa, agás excepcións. É importante incidir nos logros obtidos, sen esquecer aqueles aspectos nos que se debe traballar máis. O titor coordinará a información que lle é transmitida polo profesorado de área e de apoio, co fin de non dar informacións contraditorias.

- Reunións iniciais.
- Hora semanal de atención ás familias.
- Axendas escolares.
- Información trimestral.
- Entrevistas periódicas.
- Protocolos para o intercambio de comunicación (faltas de asistencia, incidencias...).

- Compromiso de traballo.

Servizos externos:

- Contacto periódico cos Servizos Sociais do Concello.
- Colaboración con Inspección.
- Colaboración co EOE.
- Colaboración nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería.
- Colaboración coas asociacións que traballan co alumnado con nee.
- Coordinación co IES.
- Colaboración cos Servizos sanitarios.
- Colaboración co Servizo de Menores.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte.

A avaliación do Plan realizarase dentro da avaliación xeral da nosa práctica docente e quedará reflectida na Memoria de Fin de Curso que o Equipo Directivo presenta para a súa aprobación ao Consello Escolar.

A avaliación do Plan terá un carácter continuado realizando unha avaliación nunha dobre dimensión:

- Valoración da aplicación do plan e da súa eficacia. Esta valoración recollerá as conclusións das avaliacións que os ciclos viñeron realizando, trimestralmente, acerca das medidas adoptadas.
- Valoración do documento, que se realizará de acordo aos seguintes criterios:
 - Operatividade.
 - Coherencia cos Documentos Institucionais do Centro, co resto de plans e proxectos e coa liña educativa do Centro.
 - Resposta aos distintos perfís de diversidade do Centro.
 - Versatilidade, resposta a novas situacións que poidan presentarse en calquera momento.

- Garante un óptimo aproveitamento dos recursos humanos e materiais do Centro.
- Define claramente as distintas funcións dos profesionais implicados. Establece canles adecuadas de coordinación entre os distintos profesionais.
- Contempla canles adecuadas de información e relación familia-escola.
- Resultados obtidos.

O proceso a seguir na avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade será o seguinte:

- Análise e valoración nas reunións correspondentes.
- Posta en común de conclusións e/ou iniciativas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e propostas de modificación, no seu caso, ao Claustro de Profesorado, para a súa aprobación.

Os instrumentos para a recollida de datos serán: intercambios orais, escalas e cuestionarios e entrevistas, entre outros. Estes serán aplicados ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento.

- Coherencia cos Documentos Institucionais do Centro, co resto de plans e proxectos e coa liña educativa do Centro.
- Resposta aos distintos perfís de diversidade do Centro.
- Versatilidade, resposta a novas situacións que poidan presentarse en calquera momento.
- Garante un óptimo aproveitamento dos recursos humanos e materiais do Centro.
- Define claramente as distintas funcións dos profesionais implicados. Establece canles adecuadas de coordinación entre os distintos profesionais.
- Contempla canles adecuadas de información e relación familia-escola.
- Resultados obtidos.

O proceso a seguir na avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade será o seguinte:

- Análise e valoración nas reunións correspondentes.
- Posta en común de conclusións e/ou iniciativas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e propostas de modificación, no seu caso, ao Claustro de Profesorado, para a súa aprobación.

Os instrumentos para a recollida de datos serán: intercambios orais, escalas e cuestionarios e entrevistas, entre outros. Estes serán aplicados ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento.



PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

**CEIP.PLURILINGÜE
CONDESA DE
FENOSA**

CURSO 2024-2025

ÍNDICE

- a) Introducción.
- b) Análise do contexto.
- c) Obxectivos.
- d) Departamentos e ámbitos implicados no Proxecto.
- e) Proposta de actividades.
- f) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan.

a) Introducción.

O CEIP. Plurilingüe Condessa de Fenosa é un centro educativo situado na vila do Barco de Valdeorras (OURENSE) cunha poboación aproximada de 13.500 persoas. Conta con preto de 350 alumn@s divididos en dúas etapas: Infantil (100 alumn@s aproximadamente) e Primaria (250 alumn@s aprox.).

O nivel socioeconómico do centro é medio-baixo e contamos cunha porcentaxe relevante de alumnado estranxeiro e/ou fillo de estranxeiro, nalgúns casos con descoñecemento do idioma castelán e/ou galego.

O horario escolar vai dende as 9:45h. ás 13:35h. (cun recreo de 11:25h. a 11:55h.) en que se produce a parada para xantar. Dende ás 14:25h. e ata as 15:10h. teñen un recreo e o período lectivo da tarde abrangue dende as 15:10h. ata as 16:15h.

Ver cadro.

Distribución horaria da xornada

09:45-10:35	Primeira hora
10:35-11:25	Segunda hora
11:25-11:55	Recreo
11:55-12:45	Terceira hora
12:45-13:35	Cuarta hora
13:35-13:40	Aseo
13:40-14:25	Comedor
14:25-15:10	Recreo/Actividades/Reunións profesorado
15:10-15:30	Lectura Silenciosa
15:30-16:15	Quinta hora
16:15	Saída

b) Análise do contexto.

O diagnóstico inicial da realidade do noso alumnado é que nunha elevada porcentaxe pasa un tempo excesivo realizando **actividades sedentarias**, tanto no ámbito educativo coma no familiar. Destacando unha gran parte deste tempo ante pantallas (televisión, ordenadores, videoxogos).

Dentro do horario lectivo contan cunha hora de **Psicomotricidade** en cada nivel da Etapa de Ensino Infantil e dúas horas de **Educación Física** en todos os cursos da Etapa de Ensino Primario. Tamén contan cun **recreo** a media mañá de media hora, no que un día á semana o profesorado de Educación Física lles organiza diferentes xogos ao

alumnado de 2º a 6º de Primaria, por quendas. E outro **recreo** de 45 minutos para o alumnado usuario do Servizo de Comedor. Neste último un monitor contratado polo concello dálles un día á semana Xogos Deportivos ao alumnado do Terceiro Ciclo de Primaria. Tamén hai dúas actividades de pago organizadas pola ANPA: zumba (dirixida ao alumnado de 6º de Infantil a 6º de Primaria) e loga (para todas as idades). Estas actividades son dunha sesión semanal.

En canto á **alimentación** observamos que o alumnado recorre con frecuencia á pastelería industrial, galletas e bebidas azucradas en detrimento de froitas, cereais, iogures... tanto no seu almorzo coma na merenda de media mañá. En canto ao comedor, os menús mensuais poderían pasar o control dun/-ha especialista en nutrición.

Outros aspectos relevantes a mellorar son: o excesivo peso das mochilas, a cantidade de nen@s que acoden ao colexio en coche particular ou en cadeira de paseo infantil, a postura correcta ao sentarse no pupitre así como que este estea adaptado á estatura de cada alumn@, as horas de soño diarias, a pouca realización de actividades extraescolares deportivas, o excesivo uso das pantallas no tempo de lecer, os hábitos de hixiene para evitar a propagación de enfermidades infectocontaxiosas (tusir contra o brazo, lavado frecuente de mans, etc.)...

Constatamos que a porcentaxe de alumnado con exceso de peso vai en aumento ano tras ano.

Con respecto a **hábitos hixiánicos**, no centro educativo, o alumnado do 1º Ciclo de Primaria aséase ao remate das sesións de **Educación Física** e o alumnado de 3º a 6º de Primaria dúchase e cambia a súa roupa interior, observando a pouca autonomía que teñen á hora de organizar a súa roupa, secarse e vestirse. En canto ao **Servizo de Comedor**, todo o alumnado usuario lava as mans antes da comida, pero non cepillan os dentes ao remate.

c) Obxectivos.

Como fin principal buscamos **espertar no noso alumnado hábitos de vida activa e saudable, mediante o incremento diario de actividade física e unha alimentación saudable e equilibrada, tanto dentro como fóra do centro e sen esquecer a importancia duns correctos hábitos de hixiene corporal e postural.**

Para a consecución do devandito fin se propoñen os seguintes obxectivos que xiran en torno aos tres grandes principios do noso plan de actuación:

- **ACTIVIDADE FÍSICA**



1.- Aumentar a oferta de actividades cun claro compoñente físico, para os tempos de lecer.

2.- Fomentar a participación do alumnado en actividades físicas a nivel extraescolar, sexan reguladas ou non, incentivando aquelas que se realicen en familia.

• **ALIMENTACIÓN**



3.- Mellorar a alimentación do alumnado no ámbito educativo e asesorar ás familias en hábitos de alimentación saudable.

• **HÁBITOS DE HIXIENE**



4.- Mellorar a saúde corporal do alumnado a través de hábitos saudables, posturais e de hixiene.

Indicadores:

1.- a) Organizar actividades lúdico-deportivas ás que o alumnado se poida adherir conforme aos seus intereses de cara a lograr uns recreos máis activos.

2.- a) Promover actividades cun claro compoñente físico a nivel extraescolar.

b) Proporcionar ás familias información sobre a oferta deportiva da localidade.

3.- a) Proporcionar ás familias información sobre alimentación saudable.

b) Fomentar as merendas saudables.

c) Controlar o equilibrio nutricional dos menús escolares.

4.- a) Incidir nas clases de Psicomotricidade e Educación Física na importancia dunha correcta hixiene postural.

b) Crear hábitos de quentamento e estiramientos antes e despois do exercicio, respectivamente.

c) Xerar hábitos de aseo ou ducha (dependendo da idade) ao remate dunha actividade físico-deportiva, que trasladen á súa vida cotiá.

d) Fomentar hábitos de vida saudable do tipo de: postura correcta sentado/a, horas de uso de videoxogos e/ou televisión, horas diarias de sono, traslados pola vila andando ou en bicicleta...

d) Departamentos e ámbitos implicados no Proxecto.

Para levar a cabo este proxecto, precisa ser valorado positivamente por todos os membros da comunidade educativa xa que todos formarán parte de forma activa no mesmo. Tanto dende o *Equipo Directivo*, dando a importancia e visibilidade que merece, o profesorado de aula fomentando e controlando tanto a actividade física coma a alimentación nas merendas, coma o *equipo de cociña* elaborando os diferentes menús que alimentan a cada un dos nosos nenos e nenas, así como a estreita colaboración da *Coordinadora de Benestar e Convivencia*.

Todo isto baixo a supervisión do profesorado adscrito a este proxecto, reunido formalmente coma *Comisión de Hábitos Saudables*, a cal axudará, orientará e resolverá as dúbidas que poidan ir xurdindo. E cada un dos seus membros serán a correa de transmisión que facilite o funcionamento do Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables no centro.

e) Proposta de actividades:

1.- Ofertar actividades no recreo cun claro compoñente físico.

- Propor alomenos unha actividade mensual a nivel de centro cun claro compoñente físico-deportivo (día do peón, día do deporte na rúa, día de xogos populares, día da bici, carreira solidaria,...

2.- Planear actividades en horario extraescolar que impliquen actividade física: rutas de sendeirismo, marchas en bicicleta,... abertas a toda a comunidade educativa.

- Fomentar o Camiño Escolar Seguro e a erradicación do traslado do alumnado ao colexio en coche.

- Realizar xornadas de Educación Viaria coa colaboración da Policía Local.

- Promoción deportiva local. Convidar aos responsables dos diferentes deportes que se desenvolven na bisbarra para dalos a coñecer ao alumnado, así como as posibilidades de práctica.

3.- Informar ás familias de alimentos saudables a potenciar e aqueles que se deben restrinxir polo seu carácter nocivo para a saúde.

- Planificar actividades encamiñadas a fomentar a alimentación saudable en toda a comunidade educativa.

- Establecer como norma de centro as merendas saudables. O profesorado exercerá labores de supervisión e orientará ao alumnado e ás familias sobre a conveniencia ou non das mesmas.

- Supervisión nutricional dos menús escolares por parte dun/dunha especialista en nutrición.

4.- Controlar e fomentar que a carga das mochilas non supere o 10% do peso do/a alumno/a, como así o aconsellan as asociacións médicas.

5.- *Realizar obradoiros de Primeiros Auxilios* tanto para o profesorado coma para o alumnado.

6.- *Realizar as celebracións dos aniversarios* dunha forma lúdico-educativa, emocional e saudable.

f) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan.

O seguimento do plan farase con carácter trimestral, propondo nese momento medidas de axuste en función dos resultados. A posta en marcha das medidas farase de xeito gradual e a valoración final dos resultados acadados será ao remate do curso escolar, así como as propostas de mellora correspondentes.

Tanto a valoración coma as propostas de mellora faraaas o claustro a través dunha grella que se lle proporcionará no derradeiro trimestre do curso. De aquí sairán as liñas de actuación prioritarias do Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables do vindeiro ano académico.

PLAN DE TRABAJO DE BENESTAR E CONVIVENCIA



Sumario

INTRODUCCIÓN

ANÁLISE DO CONTEXTO

OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO

AVALIACIÓN, SEGUIMENTO, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN

APROBACIÓN DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

INTRODUCCIÓN

O Plan de traballo de Benestar e Convivencia do CEIP Plurilingüe Condesa de Fenosa pretende marcar a liña a seguir neste ámbito, en sintonía coa lexislación existente, co obxecto de axudar a cubrir as necesidades de atención que o alumnado poida amosar nos campos de benestar emocional, hábitos saudables, convivencia e saúde mental desde a perspectiva da intervención educativa.

A educación emocional, na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos, así como a promoción para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e, en especial, no acoso escolar, son principios fundamentais que marca a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia redunda na idea de que o sistema educativo favoreza a escolarización do alumnado nunha escola segura, libre de violencia, que garanta a igualdade e fomenta métodos pacíficos de comunicación, negociación e resolución de conflitos.

Na modificación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, realizada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establécese que as administracións educativas regularán os requisitos e as funcións que desempeñará a persoa coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade.

O artigo 34 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño establece a necesidade de contar con protocolos de actuación ante calquera tipo de violencia, que deberán ser aplicados en todos os centros educativos. En concreto sinala que as administracións educativas regularán os protocolos de actuacións contra o abuso e o maltrato, o acoso escolar, ciberacoso, violencia sexual, violencia de xénero, violencia doméstica, suicidio e autolesión, así como calquera outra manifestación de violencia comprendida no ámbito de aplicación de dita lei.

O artigo 35 da mesma lei recolle a obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa

titularidade, deben ter unha persoa coordinadora de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da dirección do centro. Así mesmo, sinala que as administracións educativas competentes determinarán os requisitos e funcións que debe desempeñar a coordinadora ou o coordinador de benestar e protección.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, a Estratexia Galega de Convivencia Escolar marca como unha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

Na Orde do 23 de agosto de 2023 determínase a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes, así como as súas funcións. Tamén establece que os centros educativos plasmarán as funcións da persoa coordinadora e as estratexias a seguir no Plan de traballo de benestar, que será trasladado ao equipo directivo para a súa posterior aprobación polo consello escolar, a proposta do claustro do profesorado. Unha vez aprobado formará parte do Plan de Convivencia do centro e, á súa vez, concretarase anualmente na Programación Xeral Anual.

As funcións que recolle a Orde do 23 de agosto de 2023 resúmense a continuación:

En coordinación co equipo directivo

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

En coordinación co departamento de orientación

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

En coordinación coas asociación de nais e pais

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

ANÁLISE DO CONTEXTO

Centro	CEIP P Condesa de Fenosa	Código Centro	32015116
Enderezo	R/ Coruña, 24 Localidade O Barco de Valdeorras		32300
Correo electrónico	ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.gal	Teléfono	988783648
Niveis educativos	Educación Infantil e Primaria		
Nº unidades	6 unidades de Educación Infantil		
	12 unidades de Educación Primaria		
	1 unidade de educación especial habilitada		
Nº alumnos/as	71 alumnos/as de Educación Infantil		
	254 alumnos/as de Educación Primaria		
Nº profesores/as	36		

Réxime de horario	Xornada partida	Horario clases	09:45 a 13:35 / 15:10 a 16:15
Servizos	Plan Madrugadores, Comedor, Transporte Escolar		

O contexto para o que se elabora o presente plan de traballo é a comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Condessa de Fenosa, un centro público de Educación Infantil e Primaria que imparte as ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil e da totalidade da etapa de Primaria. Consta de seis unidades de Educación Infantil e doce de Educación Primaria. É centro de atención preferente para alumnado con necesidade específica de apoio educativo e conta cunha unidade creada de educación especial, segundo consta na Orde do DOG nº 134 de 20 16/07/15.

Este curso escolar o centro acolle a 331 nenos e nenas. Na maioría de cursos están as prazas cubertas ou con poucas vacantes, aínda que nos últimos anos baixou a matrícula e os cursos de infantil están cunha ocupación menor.

O cadro de profesorado está formado por seis titoras de Educación Infantil máis dúas mestras de apoio e doce titores/as de Educación Primaria, un deles tamén especialista de Educación Física. Ademais compoñen o claustro dous especialistas de Inglés, un especialista de Música, un especialista de Educación Física, catro de Pedagogía Terapéutica, dous de Audición e Linguaxe e a orientadora. Compartimos con outro centro a profesora de Relixión Católica.

Con respecto ao persoal non docente contamos cunha administrativa, un conserxe, tres auxiliares coidadoras, unha cociñeira e catro auxiliares de cociña.

En canto ás infraestruturas, dispón dun edificio para Infantil e Primaria e dous edificios anexos: o Pavillón e a antiga casa do conserxe, que se utiliza como outro espazo educativo.

Pretendemos ofrecer servizos educativos de calidade para todo o noso alumnado. Tratamos de levar a cabo un ensino en igualdade, sen discriminación, inserido no seu contexto cultural e lingüístico e coa participación activa de todos os membros da comunidade educativa.

A solidariedade, a xustiza, a tolerancia, a convivencia, a xestión pacífica dos conflitos, o respecto á diversidade, o traballo en equipo, o esforzo e a responsabilidade no traballo impregnan toda a actividade do Centro.

En xeral observamos unha boa convivencia, aínda que, como é lóxico, danse situacións nas que se crean momentos de mais tensión entre o alumnado, que xestiona con escasa empatía ou de xeito inadecuado as súas emocións. Como exemplo podemos destacar enfrontamentos nos momentos de recreo, xurdidos pola excesiva competitividade que xeran certos xogos; agresións verbais entre o alumnado e algunha agresión física.

A relación entre o profesorado e o alumnado en xeral tamén é boa. En todas as aulas foméntase unha convivencia positiva baseada no respecto, a empatía, a colaboración, a diversidade e a inclusión. Mais, de xeito puntual, identifícase por parte do profesorado algún conflito de indisciplina ou faltas de respecto, algún caso de condutas disruptivas, impuntualidade, faltas de asistencia, ausencia de materiais para traballar, falta de sensibilidade ou mal uso de materiais e instalacións. En todos os casos procúrase intervir tan pronto como se detecta a conduta inadecuada.

As familias, en xeral, amósanse colaboradoras e isto favorece o bo clima do centro. A participación das familias na vida escolar realízase a través dos órganos de goberno e de forma representativa no Consello Escolar, a través da ANPA e a través da participación nas titorías dos seus fillos/as.

A partir do contexto que se esboza, consideramos imprescindible traballar:

- O clima escolar, tanto a nivel de aula coma en todo o contexto educativo
- A procura dun modelo de convivencia positiva inserido na cultura de paz.
- O cumprimento dunhas normas básicas de convivencia coherentes e consistentes que se leven a cabo coordinadamente por todo o profesorado.
- O traballo da educación emocional: desenvolver a empatía, a escoita activa e a capacidade de axuda como ferramentas básicas de relación.

- A creación dun modelo de exemplaridade, participación e responsabilidade, pois aprendemos o que vemos.
- O desenvolvemento dos puntos fortes e cualidades que nos faciliten crecer xuntos.
- A xeración de contornas seguras, libres de acoso.
- O compromiso individual e a intervención comunitaria de toda a comunidade educativa.

OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO

Os obxectivos recollidos a continuación están formulados nos diferentes ámbitos de traballo que nacen das funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia (CBC), que se recollen na Orde do 23 de agosto de 2023 de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Partindo da lexislación educativa, das funcións marcadas para a persoa coordinadora de benestar e convivencia e do contexto do noso centro educativo, establécense os seguintes obxectivos xunto coas actuacións a desenvolver e os indicadores de avaliación.

IMPULSO DO PLAN DE CONVIVENCIA E DA FIGURA DA COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA (CBC)	
Obxectivo 1	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar ao longo do curso reunións trimestrais para valorar as medidas/propostas implementadas. • Expoñer no Claustro/Consello Escolar as accións e medidas tomadas relativas a convivencia, fomento do benestar e protección do alumnado.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Constituíse a comisión de convivencia do centro. • Celébranse as reunións trimestrais.
Obxectivo 2	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar a figura da persoa coordinadora de Benestar e Convivencia como principal referente da Comunidade Educativa para as comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Dar a coñecer na comunidade educativa a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia. • Solicitar a colaboración de todo o profesorado para difundir esta figura.

Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> A Comunidade Educativa coñece a figura do CBC.
Obxectivo 3	<ul style="list-style-type: none"> Dar a coñecer as funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Informar a todo o profesorado e ao Consello Escolar das funcións da coordinación e da existencia dun Plan de Benestar e Convivencia. Difundir na páxina do centro, na aula virtual... o Plan de traballo de Benestar e Convivencia.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> A Comunidade Educativa coñece as funcións do CBC.

PROMOCIÓN DE MÉTODOS DE RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS

Obxectivo 1	<ul style="list-style-type: none"> Promover a comunicación efectiva, o respecto mutuo e o desenvolvemento de habilidades sociais.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Crear un ambiente seguro no que o alumnado se sinta escoitado e respectado. Establecer regras claras sobre o respecto mutuo e a non violencia, intervindo de xeito construtivo cando xurdan conflitos Brindar ferramentas ao alumnado para resolver as súas diferencias pacificamente.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> Desde o centro e as titorías realízanse actividades que promoven o respecto mutuo e as habilidades sociais.
Obxectivo 2	<ul style="list-style-type: none"> Resolver conflitos de maneira colaborativa, evitando posturas ríxidas e promovendo un enfoque baseado na procura de solucións mutuamente beneficiosas.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Ensinar ao alumnado técnicas de negociación, como identificar intereses comúns, buscar solucións creativas e chegar a compromisos xustos. Crear espazos para que o alumnado solucione os seus conflitos: “Banco da amizade”, “Recuncho de diálogo”, “Caixa de correos de aula”... Promover a mediación como estratexia para a resolución de conflitos.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado utiliza na práctica as técnicas traballadas para solucionar os conflitos. Lévanse a cabo prácticas de mediación entre o alumnado.
Obxectivo 3	<ul style="list-style-type: none"> Incorporar na titoría contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a mediación e as dinámicas de grupo.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Ensinar habilidades de comunicación efectivas: escoita activa, falar desde o “eu”, asertividade... Desenvolver habilidades sociais entre o alumnado. Promover a autorregulación das emocións e a conduta. Promover a empatía alentando ao alumnado a poñerse no lugar do outro e a comprender os seus sentimentos e perspectivas. Ensinar ao alumnado diferentes enfoques e técnicas para resolver conflitos de xeito pacífico. Realizar na aula distintas dinámicas de grupo.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> Trabállanse na titoría contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a mediación e as dinámicas de grupo.

Obxectivo 4	<ul style="list-style-type: none"> Fomentar entre o persoal do centro e o alumnado o emprego de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Facilitar unha comunicación aberta e efectiva entre alumnado, familias e persoal docente para abordar problemas e preocupacións de maneira proactiva. Involucrar ás familias e ao persoal non docente na promoción dunha cultura da paz en toda a comunidade escolar. Procurar ser un modelo para ao alumnado en valores para a convivencia.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> A comunidade educativa mantén unha comunicación aberta e efectiva. As familias involúcранse na promoción dunha cultura da paz.

PROTOCOLOS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN E COMUNICACIÓN CON AXENTES EXTERNOS	
Obxectivo 1	<ul style="list-style-type: none"> Dar a coñecer entre o persoal do centro os diferentes protocolos de prevención e protección ante calquera expresión violencia.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Indicar na aula virtual ou nunha zona habilitada ao efecto información sobre os diferentes protocolos e a dirección web onde se poden atopar.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> A Comunidade Educativa é coñecedora da existencia dos diferentes protocolos.
Obxectivo 2	<ul style="list-style-type: none"> Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Colaborar no desenvolvemento de programas ou charlas facilitadores de detección, dificultades de convivencia e de relación. Indicar ao alumnado onde poden acudir en caso de situacións de violencia: Punto laranxa, 116111. Formar ao alumnado para ser capaces de detectar e responder a situacións de violencia. Organizar obradoiros con interventores externos ao longo do curso.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> Realízanse charlas e obradoiros enfocados a traballar este tema. O alumnado detecta situacións de violencia e sabe que facer e onde acudir.
Obxectivo 3	<ul style="list-style-type: none"> Implementar os diferentes protocolos e levar a cabo, cando sexa pertinente, a notificación inmediata aos axentes externos pertinentes
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Colaborar co equipo directivo no traslado da información a organismos externos Establecer no horario da CBC reunións de coordinación coa orientadora e profesorado titor para o intercambio de información sobre o alumnado en risco ou vulnerable co fin de realizar un seguimento ou de derivar ás autoridades competentes casos de menores en risco se fose preciso
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> Póñense en marcha protocolos e comunícanse os casos aos axentes externos cando é o caso.

PROMOCIÓN DE ALIMENTACIÓN E HÁBITOS SAUDABLES	
Obxectivo 1	<ul style="list-style-type: none"> Sensibilizar e promover no alumnado e nas familias hábitos saudables na alimentación
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Difundir información sobre hábitos saudables na alimentación Organizar actividades e/ou obradoiros sobre sensibilización cara a unha dieta saudable
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado recoñece as bases dunha dieta equilibrada Lévanse a cabo actividades de concienciación ao alumnado e ás familias
Obxectivo 2	<ul style="list-style-type: none"> Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Determinar con diferentes actores responsables do comedor escolar menús de comedor equilibrados e saudables. Promover merendas saudables no centro.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> Os menús de comedor son equilibrados e saudables. O alumnado trae merendas saudables.
Obxectivo 3	<ul style="list-style-type: none"> Promover actividades saudables, coa participación en diferentes proxectos e programas de formación relacionados, coa alimentación, a saúde e o deporte.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Abordar tarefas de coidado persoal. Realizar visitas a profesionais da saúde. Realizar actividades que promovan a actividade física, asociándoa co benestar e o desfrute.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> Propóñense e lévanse a cabo actividades de concienciación ao alumnado e as familias. Existe unha estreita relación co Coordinador de Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables, propoñendo e organizando actividades e/ou obradoiros conxuntamente.

PROTECCIÓN DE DATOS	
Obxectivo 1	<ul style="list-style-type: none"> Orientar á comunidade educativa sobre o uso dos datos de carácter persoal do alumnado menor de idade a través da difusión de manuais ou orientacións específicas
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Informar ao alumnado e ás familias sobre o uso dos datos de carácter persoal.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> Difúndense guías e orientacións sobre o uso dos datos de carácter persoal do alumnado menor de idade
Obxectivo 2	<ul style="list-style-type: none"> Promover, naquelas situacións que poidan implicar un tratamento ilícito de datos de carácter persoal das persoas menores de idade, a comunicación por parte do centro educativo aos organismos competentes.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Informar de maneira inmediata de calquera incidencia relacionada coa seguridade dos datos de carácter persoal Colaborar co equipo directivo no traslado da información a organismos externos

Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Cómprese o Protocolo de Protección de Datos dos centros escolares da Xunta de Galicia. • O centro coordínase cando é preciso cos distintos organismos: Consellería de Educación, Inspección Educativa, Corpos de seguridade...
Obxectivo 3	<ul style="list-style-type: none"> • Proporcionar información sobre a protección de datos ao claustro
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Promover que o profesorado teña a información necesaria sobre a protección de datos.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • O profesorado compre as liñas básicas en materias de Protección de Datos nos centros escolares.

PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA E MELLORA DE RELACIÓNS

Obxectivo 1	<ul style="list-style-type: none"> • Promover o máximo benestar para todos os membros da comunidade educativa, especialmente do alumnado, así como da cultura do bo trato.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinar actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz. • Diseñar sesións de titorías dedicadas a traballar a cohesión grupal, habilidades sociais e empatía, respecto a diversidade, promoción da saúde, traballo en igualdade e expresión das emocións. • Crear un espazo para que o alumnado se exprese, propoña ideas e tome decisións en aspectos socioemocionais, favorecendo a autoestima, autonomía e as habilidades sociais.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Lévanse a cabo actividades sobre convivencia e resolución pacífica de conflitos. • Crear un cuestionario trimestral onde os alumnos /as avalíen a convivencia na aula. • Obsérvase unha mellora no benestar e na convivencia da comunidade educativa e, especialmente, do alumnado.
Obxectivo 2	<ul style="list-style-type: none"> • Contribuír desde o centro a establecer unha relación de confianza mutua entre os diferentes axentes da comunidade educativa
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar actividades en datas sinaladas para fomentar unha boa convivencia.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Realízanse actividades para mellorar a convivencia.
Obxectivo 3	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinar as actividades plantexadas no Programa TEI co profesorado titor e coas persoas responsables dos diferentes proxectos que melloran a convivencia e relacións no centro educativo.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Continuar coa implantación do Programa TEI de mellora de convivencia e contra ao acoso escolar no centro educativo.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Realízanse as diferentes actividades relacionadas co Programa TEI..
Obxectivo 3	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinarse co Equipo Directivo e Xefatura do Departamento de Orientación, co Claustro e coa Comisión de Convivencia para a revisión dos programas e plans relacionados coa Convivencia.

Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolver ao longo do curso reunións trimestrais para valorar as medidas/propostas implementadas
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> Actualízanse os plans e programas en materia de benestar e convivencia.
Obxectivo 3	<ul style="list-style-type: none"> Implementar o programa de mediación na escola.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Promover a formación de alumnado e profesorado para levar a cabo o programa de mediación.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> Créase e ponse en marcha a intervención do alumnado mediador.
Obxectivo 3	<ul style="list-style-type: none"> Previr, detectar e tratar as situacións de acoso escolar e ciberacoso.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Sensibilizar ao alumnado contra o acoso e promover a cultura de bo trato. Traballar co alumnado para que sexa capaz de detectar condutas contrarias á convivencia.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado amósase sensible ante casos de acoso ou ciberacoso e sabe como e onde pode pedir axuda.

ALUMNADO CON DISCAPACIDADE/VULNERABILIDADE/DIVERSIDADE

Obxectivo 1	<ul style="list-style-type: none"> Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos ou en exclusión social.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Promover estratexias que fomenten a inclusión e a equidade educativa. Ofrecer materiais que dean a coñecer a realidade do noso alumnado e axuden a promover valores de respecto, empatía e aceptación das diferencias.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> Realízanse actividades de sensibilización ante o tema.
Obxectivo 2	<ul style="list-style-type: none"> Promover a empatía e o respecto cara ao alumnado con diversidade funcional/ vulnerable.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> Aprender a recoñecer e respectar as diferencias. Proporcionar información sobre as distintas condicións de discapacidade, resaltando as posibilidades e capacidades destas persoas. Empregar contidos de actualidade para sensibilizar e traballar distintas temáticas relacionadas co tema. Realizar charlas de sensibilización cara ás persoas con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade. Organizar unha actividade para todo o alumnado en conxunto cunha asociación que traballe neste sector. Propoñer un listado de lecturas sobre persoas vulnerables, diversas...
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado amósase sensible ante a diversidade/vulnerabilidade.

FORMACIÓN	
Obxectivo 1	<ul style="list-style-type: none"> • Detectar as necesidades formativas en materia de convivencia e benestar e propoñer accións formativas dirixidas á comunidade educativa.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Recoller as necesidades que se detectan en materia de convivencia e benestar.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Realízanse sondaxes entre o profesorado de formación neste ámbito.
Obxectivo 2	<ul style="list-style-type: none"> • Difundir entre o profesorado ofertas formativas no ámbito da convivencia escolar.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Propoñer formacións relativas a convivencia e benestar. • Formar en mediación escolar para a resolución de conflitos ao alumnado e profesorado.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • O claustro ten acceso a diferentes ofertas formativas.

PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS	
Obxectivo 1	<ul style="list-style-type: none"> • Sensibilizar a todas as familias sobre a repercusión positiva que a mellora da convivencia ten nas relacións sociais e no fogar.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Dar a coñecer e propoñer ás familias vía a ANPA charlas sobre estas temáticas.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • As familias beneficianse das actividades de sensibilización programadas no centro.
Obxectivo 2	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a participación das familias en actividades relacionadas coa convivencia escolar.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Trasladar a ANPA propostas de formación relacionada con estas temáticas • Colaborar co ANPA e outras organizacións na potenciación da convivencia e do benestar do alumnado
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • As familias están incluídas no labor da mellora da convivencia.
Obxectivo 3	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a formación das familias en prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia ante situacións de violencia.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Implicar ás familias, recibindo as súas achegas e promovendo a súa formación. • Informar ás familias a través da WEB do colexio das campañas e actividades ofertadas na zona ou polo concello relacionadas co fomento do benestar e a protección do alumnado. • Difundir no centro as propostas de formación do profesorado sobre esta temática.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • As familias son informadas de diversas propostas de formación ofertadas na zona relacionadas co fomento do benestar e a protección do alumnado.

AVALIACIÓN, SEGUIMIENTO, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN

O plan de traballo incluírase como un anexo dentro do Plan de Convivencia e, á súa vez, incluírase na Programación Xeral Anual.

Na avaliación do mesmo estableceranse tres momentos:

- **Avaliación inicial:** nela se terán en conta as situacións e actuacións do curso anterior como punto de partida.
- **A avaliación continua:** revisarase periodicamente, ao longo do proceso, a execución do plan, o grao de realización e a valoración das actuacións previstas, así como as incidencias que poidan dificultar o seu desenvolvemento.
- **A avaliación final:** atenderase ao logro dos obxectivos, segundo os seguintes criterios de avaliación:
 - O nivel de difusión da figura da persoa coordinadora de benestar e das súas principais funcións na comunidade educativa.
 - O nivel de implicación do profesorado do centro.
 - O grao de consecución dos obxectivos.
 - A análise das propostas e o resultado das mesmas.
 - A idoneidade das actividades.
 - A actitude e implicación do alumnado e dos distintos axentes que conforman a comunidade educativa.
 - O nivel de uso de métodos alternativos de resolución de conflitos na relación entre o alumnado.
 - O grao de implantación nas aulas de estratexias para traballar a educación emocional, as dinámicas de grupo...

- A mellora da percepción do clima escolar, medida a través da redución de conflitos
- O grao de coñecemento do persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia
- A sensibilización e a aceptación da diversidade
- A asunción dunha dieta e hábitos saudables por parte do alumnado

Ao remate do curso escolar, coas achegas do Equipo Directivo, do Claustro, do Consello Escolar ou da persoa coordinadora de benestar emocional e de convivencia, recollerase o nivel de consecución dos obxectivos propostos a través das accións, o grao de consecución, os resultados e as propostas de mellora para o ano seguinte. Todas elas reflectiranse nunha memoria final sobre o desenvolvemento das actuacións contempladas no plan, modificando, se fose preciso, o Plan de Traballo deseñado.

O Equipo Directivo do CEIP P Condesa de Fenosa divulgará este documento por diferentes medios entre a comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento.

APROBACIÓN DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

ELABORADO POR:	REVISADO POR:	APROBADO POR:
Coordinadora do Plan de Traballo de Benestar e Convivencia do CEIP P Condesa de Fenosa	Equipo Directivo, Claustro de profesorado	Consello Escolar a proposta do Claustro Educativo
DATA:	DATA:	DATA:
Data publicidade na páxina web do centro:		